

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea

MEMORIA DE INVESTIGACIÓN

*O cambio social, político e económico da Marina
guardesa: a Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” da
Guarda (1939-1975).*

Sara Flores Martín

Titor: Daniel Lanero Táboas

Santiago de Compostela a 8 de xullo de 2025

RESUMO

Este traballo pretende aproximarse ao que foi o desenvolvemento da política social do franquismo para as traballadoras e os traballadores do mar a través das Cofradías de Pescadores, centrándose no caso da Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” da Guarda, coa intención de que, a través do estudo deste caso en particular, poidan obterse unhas primeiras conclusións que contribúan a unha análise máis ampla do fenómeno. Con todo, buscaremos aproximarnos a como é que a institución exerceu as súas funcións no contexto do barrio mariñeiro da vila, que recibe o nome da Marina. Afondarase, deste xeito, nas condicións de vida e traballo no barrio durante o período que nos concirne, así como no contexto político e institucional que derivou na creación da Cofradía. Así, o elemento central da investigación consistirá nunha análise global de todos os ámbitos da cotiandade que se viron afectados polas accións da confraría durante a ditadura, coa intención de profundar no grao de influencia real que tivo na vida dos mariñeiros. Finalmente, buscaremos comprender como é que o crecemento económico do barrio, comprendido no contexto de crecemento económico global do estado español e a súa flota pesqueira, afectou á vida cotiá e ás propias funcións desempeñadas pola confraría. Para a elaboración do traballo, foron principalmente utilizadas, ademais de bibliografía xeral e específica, fontes primarias de arquivo, en concreto do Arquivo municipal da Guarda e do Arquivo da Confraría de Pescadores “Santa Tecla” así como un corpus de entrevistas orais realizadas a veciñas e veciños do barrio nados nas décadas dos trinta e os corenta.

PALABRAS CHAVE: franquismo, política social, mariñeiros, vida cotiá, A Guarda.

RESUMEN

Este trabajo pretende aproximarse a lo que fue el desarrollo de la política social del franquismo para las trabajadoras y los trabajadores del mar a través de las Cofradías de Pescadores, centrándose en el caso de la Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” de A Guarda, con la intención de que, a través del estudio de este caso en particular, puedan obtenerse unas primeras conclusiones que contribuyan a un análisis más amplio del fenómeno. Con todo, buscaremos aproximarnos a cómo es que la institución ejerció sus funciones en el contexto de barrio marinero de la *vila*, que recibe el nombre de A Marina. Se ahondará, de esta manera, en las condiciones de vida y trabajo en el barrio durante el periodo que nos concierne, así como en el contexto político e institucional que derivó en la creación de la Cofradía. Así, el elemento central de la investigación consistirá en un análisis global de todos los ámbitos de la cotidianidad que se vieron afectados por las acciones de la cofradía durante la dictadura, con la intención de profundizar en el grado influencia real que tuvo en la vida de los marineros. Finalmente, buscaremos comprender como es que el crecimiento económico del barrio, comprendido en el contexto de crecimiento económico global del estado español y su flota pesquera, afectó a la vida cotidiana y las principales funciones desempeñadas por la cofradía. Para la elaboración del trabajo, fueron principalmente utilizadas, además de bibliografía general y específica, fuentes primarias de archivo, en concreto del Arquivo municipal da Guarda y del Arquivo da Confraría de Pescadores “Santa Tecla” así como un corpus de entrevistas orais realizadas a vecinas y vecinos del barrio nados en las décadas de los treinta y los cuarenta.

PALABRAS CLAVE: franquismo, política social, marineros, vida cotidiana, A Guarda.

ABSTRACT

This paper aims to explore the development of Franco’s social policy for sea workers through the fishermen associations called *Cofradías de Pescadores*, focusing on the case of the *Cofradía de Pescadores “Santa Tecla”* of A Guarda, with the goal of drawing initial conclusions that will contribute to a broader analysis of the phenomenon. We will also seek to understand how the institution carried out its functions in the context of the town’s fishermen’s quarter, known as A Marina. We will thus delve into the living and working conditions in the neighbourhood during the period under review, as well as the political and institutional context that led to the creation of the *Cofradía*. Thus, the central element of the research will consist of a comprehensive analysis of all areas of daily life affected by the fishermen association’s actions during the dictatorship, with the aim of delving deeper into the degree of real influence it had on the lives of the sailors. Finally, we will seek to understand how the fishing district’s economic growth, within the context of the overall economic growth of the Spanish state and its fishing fleet, affected daily life and the main functions performed by the *Cofradía*. For the preparation of this work, in addition to general and specific bibliography, primary archival sources were used, specifically the *Arquivo municipal da Guarda* and the *Arquivo da Confraría de Pescadores “Santa Tecla”*, as well as a corpus of oral interviews conducted with neighbourhood residents born in the 1930s and 1940s.

KEY WORDS: Francoism, social policy, sailors, everyday life, A Guarda.

A Ángel Lomba Cadilla *Geleto*,
-mariñeiro,
vendedor de xornais tras perder unha man tirando un foguete nas festas do Carme,
e o meu bisavó-.



E a todas as mulleres atadeiras da miña familia,
-que non viron recoñecido
o traballo co que alimentaron a xeracións de guardesas-.



*Aí veñen os meus amores
cantando na gameliña,
salín nun atardecere
a pescar moita sardiña.
Os meus amores, aí
os meus amores!*

*Non quero que salas máis
de noite a ir a pescar,
que pode arreciar o vento
a pique de naufragar.
Co diñeiro que tu ganes
arreglarei a casiña
e tu poderás repoñer
os enseres da gameliña.
Os meus amores, aí
os meus amores!*

-Canción popular mariñeira, A Guarda

*Fanecas, muitas fanecas
Meu pai sabía pescar
Miña nai logo a vendelas
Pra broa poder comprar
¡Eran tempos que pasamos
E que non deven voltar!*

*¡Miña gamela embreada donde estás?
Que foi da túa veliña, que foi do teu bordear
Daqueles teus catro remos
Que eu aprendín a remar
Daquel banquiño do medio
Que eu tanto adurmiñei
Daquel timón, e a caña
Que tanto te governei.*

-Saudade dun Gameleiro, por V.M.

AGRADECIMENTOS.

O 16 de xullo de 1957, día da Virxe do Carme, Ángel Lomba Cadilla, mariñeiro natural de A Guarda, coñecido no barrio da Marina como o *Geleto*, perde unha man mentres lanza unha das vinte e unha bombas de salve botadas na beira do mar na honra da patroa dos mariñeiros. Resulta ata irónico, visto con perspectiva, como, no seu día, a Virxe do Carme en troques de protexer a este traballador do mar, condenouno a afastarse para sempre das súas ondas. Nese intre, o matrimonio e os seus seis fillos quedan sen o seu sustento principal, o que obrigaría a un importante axuste nas labores de todos eles. A cuarta filla, María del Carmen, tivo que aprender con dez anos a atar redes, a coller argazo e a exercer funcións propias dun *rapaz*. Ao mesmo tempo, o propio *Geleto* continuou traballando toda a vida como repartidor de xornais, pois a pensión que lle quedou tralo accidente era insuficiente para manter á familia. Esta é a historia do meu bisavó e a miña avoa, unha familia mariñeira da Guarda cuxo horizonte sempre foi o mar e as rochas da beira suroeste de Pontevedra.

Deles nace quen son, e da súa historia e a de moitos e moitas coma eles, este traballo.

Realizar unha investigación sabendo que ao mesmo tempo estás escribindo parte da túa propia historia non é tarefa sinxela. Emporiso, facelo arrodeada dun bando de boa xente disposta a axudar no que sexa preciso alixeira considerablemente o esforzo. Así pois, este traballo non é unicamente meu porque na súa construción tiven que recorrer á axuda dun grande número de xente que sabía que na Marina da Guarda había cousas por ser contadas.

Primeiro, debo lembrarme de Daniel Lanero, quen me recoñeceu nun arrebatado de sinceridade que levaba moito tempo agardando convencer a alguén de que se metese nesta lea e, sinceramente, hai que admitir que me soubo vender moi ben a moto. Grazas por confiar en min e, sobre todo, aturarme sen (moita) queixa.

Tamén me gustaría, por enriba de todo, agradecer a Manuel e Rodrigo Pacheco, que me abriron as portas da Confraría de Pescadores “Santa Tecla”, así como a Rubén Adrover, o seu Patrón Maior, por deixarme libre acceso á documentación, contactar cos entrevistados e confiar en min dende o primeiro minuto. Nesta liña, infinitas grazas a todos os entrevistados e entrevistadas, por permitir que *a neta do Bocado* entrase na casa coma se fose de toda a vida. Sempre é unha honra que compartades comigo un anaco do que foi a vosa vida. Agradecer tamén a Antonio Uris por, coma sempre, ser anxo custodio do saber local e axudarme a atopar orde no barullo documental que pode supoñer o Arquivo municipal da Guarda, así como a Cati e á miña nai, por xestionar o acceso ao arquivo, traer e levar os AZ sen queixa e consentir que

molestase tantos días seguidos. Grazas igualmente a Manuel Pérez por deixarme consultar os seus fondos, achegarme ás coplas populares da Marina e sobre todo dar-me tanta e tan boa conversa, a Carlos López por falar-me do seu pai con tanto agarimo e deixarme dispoñer do seu fondo persoal e a Celso Fariñas por ceder-me a documentación que tiña no seu poder. Grazas así mesmo a Miguel Villa, a quen tanto escribo que temo que un día me bloquee do Whatsapp, e ao que sempre agradecerei que puxese a súa boa ollada na historia da Guarda moito antes ca min. Camiñar sen as túas pegadas diante sería moito máis complicado.

Por último, o meu profundo agradecemento ao meu avó Manolo, por sempre estar *ao pé do canón* e mover os fíos precisos para que eu falase con quen tiña que falar, e á miña avoa Carmen, que se deixou preguntar e gravar para servir como testemuño dunha vida que moitas coma ela viviron. Nunca poderei agradecervos o suficiente todo o que coidastes sempre de min, espero que este traballo faga mínima xustiza do que foi para vós o tempo pasado.

CONTIDO

| | |
|--|-----|
| INTRODUCCIÓN..... | 1 |
| 1. METODOLOXÍA E ESTADO DA CUESTIÓN..... | 2 |
| 2. A MARINA: UNHA VISIÓN DO BARRIO MARIÑEIRO DA GUARDA..... | 6 |
| 2.1. A VILA, O BARRIO E A VIVENDA..... | 6 |
| 2.2. DE GAMELAS, REDES, MOLLEIROS E PALANGRES: O TRABALLO NA MARINA..... | 12 |
| 2.3. FAMILIA, ORZAMENTOS FAMILIARES E NIVEIS DE VIDA NA MARINA..... | 18 |
| 3. O ASOCIACIONISMO E COOPERATIVISMO MARIÑEIRO NA GUARDA ATA 1936..... | 29 |
| 3.1. OS ALBORES DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO NA GUARDA..... | 29 |
| 3.2. O NACEMENTO DOS PÓSITOS DE PESCADORES..... | 31 |
| 3.3. A ECLOSIÓN DEFINITIVA DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO DE CLASE NA GUARDA..... | 34 |
| 3.4. GOLPE DE ESTADO E REPRESIÓN: O FIN DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO DE CLASE NA GUARDA..... | 38 |
| 4. A COFRADÍA DE PESCADORES “SANTA TECLA”: ORIXES NO MARCO DAS POLÍTICAS PARA TRABALLADORES DO MAR DO FRANQUISMO..... | 40 |
| 4.1. A POLÍTICA SOCIAL PARA OS TRABALLADORES DO MAR NO PRIMEIRO FRANQUISMO..... | 40 |
| 4.2. AS CONFRARÍAS DE PESCADORES: FUNCIONAMENTO DENTRO DO SINDICATO VERTICAL E O ISM. ORGANIZACIÓN INTERNA E FUNCÍONS..... | 43 |
| 4.3. O NACEMENTO DA COFRADÍA DE PESCADORES “SANTA TECLA”..... | 46 |
| 5. ENTRE A CASA, A GAMELA E A COFRADÍA..... | 48 |
| 5.1. A COFRADÍA E O ESTABLECEMENTO DE NOVAS DINÁMICAS LABORAIS E DE ASISTENCIA SOCIAL..... | 48 |
| 5.1.1. O NOVO MARCO REGULADOR DA PREVISIÓN NO FRANQUISMO..... | 49 |
| 5.1.2. “TAN GENEROSA ACCIÓN HACIA ESTOS PESCADORES”. AS POLÍTICAS DE PREVISIÓN SOCIAL NA MARINA GARDESA..... | 53 |
| 5.2. COFRADÍA E CONTROL SOCIAL: REPRESIÓN, CONSENTEMENTO, MECANISMOS DE RESISTENCIA E PODER LOCAL..... | 62 |
| 5.2.1. “AO CHEGAR A TERRA...AO FALAR AÍND A HABÍA QUE MIRAR PO LADO”. REPRESIÓN, CONSENTIMENTO E FORMAS DE RESISTENCIA COTIÁNS NA MARINA..... | 62 |
| 5.2.2. “O SECRETARIO DA COFRADÍA DICÍA ISTO E IBA”. CONTROL SOCIAL, ELITES LOCAIS E EXTRACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL DA CONFRARÍA..... | 68 |
| 5.2.3. “COMIENZA A BLASFEMAR CONTRA EL SANTO NOMBRE DE DIOS”. A CONFRARÍA E O CONTROL DA FE DOS MARIÑEIROS..... | 76 |
| 5.3. AS ESCOLAS DE ORIENTACIÓN MARÍTIMO PESQUEIRA E AS ESCOLAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE PESCA..... | 80 |
| 5.4. UNHA NOVA MARINA: REMODELACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE INFRAESTUTURAS..... | 86 |
| 5.4.1. A LONXA..... | 87 |
| 5.4.2. AS VIVENDAS PARA PESCADORES EN FEDORENTO..... | 88 |
| 5.4.3. A CASA DO PESCADOR..... | 93 |
| 6. O CAMBIO ECONÓMICO DOS SESENTA. O INICIO DUN NOVO PARADIGMA PESQUEIRO..... | 96 |
| 6.1. A PAULATINA APARICIÓN DUN NOVO MARCO LEXISLATIVO E O CRECEMENTO ECONÓMICO DO SECTOR PESQUEIRO ESPAÑOL..... | 97 |
| 6.2. “FACER UNHA CASIÑA MARIÑEIRA, QUE ERA AO QUE ASPIRABA, FACER UNHA CASIÑA E AFORRAR CATRO PERRAS”. O CRECEMENTO ECONÓMICO NA MARINA GARDESA..... | 100 |
| CONCLUSIÓNS..... | 105 |
| BIBLIOGRAFÍA..... | 110 |
| FONTES..... | 114 |
| ANEXOS..... | 117 |

INTRODUCCIÓN.

Esta investigación busca achegarse á historia e traxectoria da Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” da Guarda analizando a súa influencia no cambio social, político e económico do barrio mariñeiro da vila, coñecido como A Marina¹, durante o franquismo, enmarcando as súas accións nas políticas sociais para mariñeiros desenvoltas polo Réxime e no contexto político, económico e social da ditadura. Ao mesmo tempo, o traballo pretende analizar globalmente todos os aspectos fundamentais da vida cotiá na Marina guardesa en relación cos mecanismos de control e encadramento do Réxime, co obxectivo de ter todas as ferramentas posibles para comprender o crecemento económico producido no barrio dende a década dos sesenta.

Con todo, os obxectivos do traballo parten de dous enfoques: un micro e outro macro. Esta premisa nace dunha idea clara: a historia local pode ser utilizada coma recurso a través do que iniciar a comprensión e análise dun fenómeno global ou de maior envergadura. A inexistencia de estudos amplos que aborden a política social do franquismo para mariñeiros a través da incidencia e acción das Cofradías franquistas, inseridas no Sindicato Vertical, abre a porta á utilización dun caso específico, nesta ocasión o do barrio da Marina, na Vila da Guarda, como punto de inicio a unha análise máis completa do fenómeno. Ao longo de todo o traballo veremos como é que o micro e o macro, o local e o global, a anécdota e o suceso, o íntimo e o público, permiten comprender globalmente un fenómeno cuxos límites transcenden os do propio porto guardés.

Deste xeito, a primeira parte da investigación, os puntos dous e tres, afondan na comprensión das dinámicas socioeconómicas e políticas do barrio atendendo ao seu urbanismo, modelo económico e mecanismos de acción política. Esta pescuda baséase na premisa de que a Marina guardesa, como unidade espacial diferenciada, alberga nela unha serie de dinámicas internas que condicionan o seu devir, polo que sen coñecer a súa realidade sería complexo entender en que contexto son aplicadas as políticas sociais para mariñeiros do Réxime.

O punto dous insírese no que era a cotiandade no barrio durante as décadas centrais do século XX, achegándose á súa realidade urbanística, familiar, social, laboral, produtiva e cultural. Con isto, tentamos analizar dos niveis de vida e traballo especialmente no contexto da posguerra. Nesta mesma liña, o punto tres busca aproximarse exclusivamente á realidade política do barrio atendendo ao contexto xeral de nacemento do asociacionismo mariñeiro de clase nas últimas

¹ Aínda cando a poboación do barrio foi e aínda é maioritariamente galegofalante, en absolutamente todas as entrevistas e referencias toponímicas ao barrio este é nomeado como “A Marina” e non “A Mariña”. Por iso mesmo, temos decidido respectar e usar o topónimo tal e como foi e é usado pola veciñanza.

décadas do século XIX e as primeiras do XX, así como á aparición institucional dos Pósitos de Pescadores. Isto permitiranos falar tamén do Golpe de Estado e a represión no barrio, cuxa crueza e importancia veñen dadas polo contexto político previo e condicionarán sen dúbidas a aplicación posterior da política social para mariñeiros franquista.

O apartado catro, pola súa banda, intenta explicar como é que a Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” foi fundada na Guarda no contexto de eclosión deste novo marco ideolóxico auspiciado polo Réxime. Deste xeito, este apartado sirve como claro punto de partida para o que é o punto máis extenso e complexo do traballo: o cinco. O que buscamos aquí é aproximarnos á realidade global da Marina durante esta época atendendo ao mesmo tempo a un marco de acción estatal, local e institucional, que nos permita coñecer de que xeito e en que ámbitos a política do Réxime incidía, a través da Confraría, no modo de vida das traballadoras e traballadores do mar guardeses. Neste punto abordaremos grande cantidade de cuestións, que pasan pola previsión social, os mecanismos de control, represión, consentimento e resistencia, a educación, a construción de infraestruturas, vivenda social e a Casa do Pescador e, por suposto, o xeito no que o poder no barrio era exercido dende a Cofradía.

O último punto busca esclarecer como é que a partires dos sesenta o novo paradigma económico estatal, con incidencia directa no sector pesqueiro, produciu que o cambio económico na Marina fose dunha grande magnitude. Cabería entón preguntarse que é o que quedou da política social do Réxime, en que punto permitiu a mellora da calidade de vida da poboación mariñeira guardesa, ou de que xeito estas políticas impostas durante anos se disolveron ante a chegada de importantes sumas de capital que permitiron unha grande mellora das condicións materiais de vida e un cambio no modelo económico sen precedentes.

O traballo busca, en definitiva, ser quen de elaborar unha análise con ambición de síntese dun proceso que resulta ao mesmo tempo local e global, para así contribuír ao coñecemento da historia social, política e económica do franquismo dende a ollada da historia local, da vida cotiá e das políticas sociais, deixando a porta aberta a unha maior pescuda acerca da política social para os traballadores do mar durante a ditadura.

1. METODOLOXÍA E ESTADO DA CUESTIÓN.

O proceso de elaboración deste TFM englobou varias fases. En primeira instancia, foi precisa unha toma de contacto tanto coa literatura existente para a construción da investigación en base ao caso específico da Guarda. Ao mesmo tempo, o contacto con membros da Confraría de

Pescadores “Santa Tecla” evidenciaron nesta primeira fase que era posíbel a elaboración do traballo debido á existencia de fontes.

Deste xeito, nunha segunda fase centrada na fonte primaria, foron consultados unha serie de arquivos nos que existía unha importante cantidade de información referida ao tema de interese: o Arquivo municipal da Guarda e o Arquivo da Confraría de Pescadores “Santa Tecla” resultaron ser os máis importantes, mais non debemos de esquecer o papel chave que tiveron os fondos privados cedidos por C.L.S. e C.R.F. sobre as Escuelas de Orientación Marítima y Pesquera e a Mutualidade de Accidentes de Mar y Trabajo (sen os que a elaboración dos apartados ao seu respecto tería sido absolutamente imposíbel), así como a información xa recollida na realización do Traballo de Fin de Grao do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Neste senso, foron identificadas certas dificultades á hora de acceder á información relativa á Confraría de Pescadores “Santa Tecla” no arquivo municipal, ante a inexistencia dun fondo ou cartafolios dedicados a esta institución e a inxente cantidade de documentación unicamente clasificada como “correspondencia”. Esta resultou ser unha importante eiva no proceso de consulta de fonte de arquivo, aínda cando foi sobradamente compensada pola documentación proporcionada pola propia confraría.

Con isto, foron tamén realizadas nove entrevistas a homes e mulleres nados nas décadas do trinta e corenta na Marina e que tivesen vivido ou traballado do mar durante o franquismo. Estas complementáronse con outras seis entrevistas xa realizadas para o TFG, nas que se abordaban temas similares e realizadas ao mesmo perfil de individuos. Neste senso, intentouse manter a maior igualdade posíbel, polo que sete entrevistas foron realizadas a mulleres, cinco a homes, e dúas delas foron conxuntas, entre homes e mulleres. Así puidemos achegarnos dende unha perspectiva de xénero e dotando da maior voz posíbel ás experiencias femininas, ao que foi o desenvolvemento da vida cotiá e o traballo no barrio. Con isto, foi preciso en última instancia consultar o xornal *El Pueblo Gallego* para datar e contrastar certos acontecementos e datos que non aparecían de todo especificados nas fontes de arquivo. Así a todo, se ben non podemos negar a súa utilización, a fonte hemerográfica non resultou ser a base deste traballo, podendo ter aportado moito máis á cuestión de ter sido sistematizado o seu uso. Un papel máis limitado pero igualmente relevante tiveron as imaxes e mapas, cuxa importancia reside na capacidade que teñen para familiarizar ao lector coa realidade da Vila da Guarda. Secasí, terán unha función puramente ilustrativa na maioría de ocasións, deixando unha vía aberta para a súa análise detallada como recurso e fonte para a investigación.

A xa explicada natureza deste traballo ten derivado en que o tipo de literatura consultada para a súa construción fose de moi variada etioloxía. Por unha banda, é absolutamente imprescindible amentar todos aqueles traballos de historia local que teñen permitido reconstruír de certo xeito o modo de vida e subsistencia do barrio: *Gamelas e mariñeiros*, de Eliseo Alonso, e *Fuxidos*, de Juan Noya analizan a cotiandade na Marina permitindo o coñecemento profundo da realidade do barrio durante o século pasado. No entanto, estas obras acadan incluso máis valor cando son complementadas co traballo de historia local desenvolvido persoalmente por Miguel Villa Álvarez, historiador guardés cuxa especial fixación na análise e reconstrución da historia contemporánea da Guarda ten resultado unha prolífica obra acerca da emigración, o asociacionismo e a traxectoria daqueles individuos que marcaron o devir da vila. Destacamos así a súa obra *Sindicalismo no Baixo Miño: (1930-1936): o predominio do agrarismo tomiñés*, que permitiu realizar unha aproximación ao asociacionismo mariñeiro de clase no barrio.

Con todo, para o análise dos niveis de vida, orzamentos familiares e mercado de traballo na Marina, a aportación dende a historia económica ten sido básica. Neste senso destaca a produción de Luisa Muñoz Abeledo, principalmente co libro *Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia. 1970-1970*, que permitiu establecer un marco metodolóxico para a análise dos das fontes primarias existentes, e a monografía de Margarita Vilar, *Los salarios del miedo. Mercado de trabajo y crecimiento económico en España durante el franquismo* que foi fundamental para a comprensión real do mercado de traballo estatal no que se inserían as dinámicas da Guarda.

Agora ben, a maioría da bibliografía consultada bebe naturalmente da historia social e institucional do franquismo, que xunto coa historia local e a económica son os alicerces da investigación. É importante ter en conta a inexistencia real dalgunha monografía que analice o sistema de previsión social para mariñeiros do franquismo centrándose no papel das Confrarías. Con todo, o aínda inédito libro de Xurxo Antelo Alvite e Daniel Lanero Táboas “*Más vale fortuna en tierra que bonanza en la mar*”. *Franquismo y vivienda social para pescadores en Galicia*, que ten como obxecto de estudo a vivenda social para mariñeiros durante o franquismo, ten afondado de xeito preliminar na importancia que as Cofradías de Pescadores terían na construción de infraestruturas e vivenda social no litoral galego. Porén, esta obra non se centra na institución de xeito global, senón que unicamente analiza algúns dos seus ámbitos de intervención.

As obras consultadas pasaron neste senso polos análises realizados dende a economía, por exemplo por parte de Salomé Taboada Mella no seu libro *A Confraría de Pescadores tutelada polo Estado*, ou dende unha perspectiva da historia social máis global, como a empregada por Alberto Ansola no seu artigo “¡Arriba la pesca!: el discurso de la política social pesquera durante el Primer Franquismo”. Quizais esta teña sido unha das cuestións que máis ten complicado a elaboración deste traballo, ao tempo que permitiu construír un marco de análise novo e propio, no que diversos elementos converxen para outorgar unha visión global a un fenómeno multifocal. Este novo marco de análise sería construído en base á produción bibliográfica de referencia no estudo das políticas sociais do franquismo para outros ámbitos, así como noutras vías de análise da historia social do franquismo. Nesta liña, o artigo de Ansola resultou fundamental, ao sistematizar os principios ideolóxicos da política pesqueira, o que permitiu desenvolver unha análise moito máis acertada acerca de como estes se proxectaban dende as Cofradías.

Dende o punto de vista dos estudos do aparato sindical do Réxime e a súa política social, teñen destacado o uso de estudos sobre as Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos como puideron ser o de Daniel Lanero Táboas, *Historia dun ermo asociativo. Labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o franquismo* e o de Manuel Ortiz Heras, *Las Hermandades de Labradores en el franquismo. Albacete 1943-1977*. Estes permitiron afondar na organización, extracción social das súas directivas e funcionamento dentro do Sindicato Vertical, constituíndo unha base moi importante para o establecemento de comparativas en relación ao papel das Cofradías franquistas.

Tamén foron utilizadas obras que centran a súa análise nos mecanismos de control, represión consentimento e resistencia durante o franquismo, con vistas a poder explicar de que xeito foi exercida a violencia na Marina tanto por parte das autoridades en xeral como da Cofradía en específico. Destacamos os libros de Ana Cabana Iglesia *Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia*, e *La derrota de lo épico*, así como o de Gloria Román Ruiz *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)* e o de Carlos Fuertes Muñoz *Viviendo en dictadura: la evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, que nos permitiron inserirnos nas dinámicas de sociabilidade internas do barrio, as consideracións da poboación e a súa evolución ao tempo que mudaba a situación económica.

Así mesmo, para a comprensión do crecemento económico do sector pesqueiro galego dende os anos sesenta, foi fundamental a investigación de Fernando González Laxe *El proceso de crecimiento del sector pesquero español (1961-1978)*, que a pesares de ter sido escrita hai máis de corenta anos e dende a perspectiva dos estudos económicos, aínda dá resposta a moitas das preguntas acerca do fenómeno.

Deste xeito, podemos concluír que definitivamente o maior reto que albergou esta investigación foi o de ser que de elaborar unha análise global e transversal, na que non fosen ignorados ningún dos aspectos fundamentais do modo de vida dos mariñeiros guardeses durante o franquismo, ao tempo que as obras empregadas puidesen outorgar luz aos fenómenos sociais, políticos e económicos que buscaban ser explicados.

2. A MARINA: UNHA VISIÓN DO BARRIO MARIÑEIRO DA GUARDA.²

Dende finais do século XIX e ata os anos setenta do século XX, poden localizarse certos elementos que caracterizan ao barrio mariñeiro da Guarda, coñecido popularmente como A Marina, como unha unidade espacial, social e económica con características propias. É por iso que este apartado pretende achegarnos de xeito transversal á realidade deste barrio durante o período anteriormente amentado, para coñecermos así como, de que e onde vivía a poboación obxecto da nosa investigación.

2.1.A VILA, O BARRIO E A VIVENDA.

A Guarda é unha vila costeira localizada no extremo suroeste da Provincia de Pontevedra. Conta unha superficie de 20,5 km², entre o río Miño, a fronteira con Portugal e o océano Atlántico, unha localización que a convirte nunha praza certamente estratéxica. Entrando o século XX, a vila contaba cunha poboación de feito duns 6.000 individuos. Esta cifra continuou aumentando moi lentamente durante o século XX, manténdose relativamente estable arredor dos 7.500 habitantes durante todo o período franquista. Non sería ata a década de 1960 cando asistimos a un despegue demográfico que faría que a vila crecese en máis de 2.000 persoas.³

Ao longo da súa historia, a presenza do mar ten sido unha constante na vida dos seus habitantes. Dende que contamos cos primeiros rexistros arqueolóxicos no monte Trega, que evidencian a presenza de concheiros e un importante tráfico comercial marítimo, a actividade mariñeira resulta unha das principais fontes de subsistencia dos seus habitantes. Así e todo, ao longo dos

² Capítulo extraído dunha investigación maior realizada para a materia de *Mulleres, mundo rural e urbano*. Para máis marco teórico, consultar o traballo orixinal de nome *Familia, xénero, traballo, e niveis de vida na Marina da Guarda durante o franquismo (1939-1975)*.

³ INE, Censo histórico para A Guarda durante o s. XX, <https://www.ine.es/inebaseweb/libros.do?nttp=71807#>

anos os espazos tradicionalmente dedicados á actividade pesqueira, así como o número de habitantes que baseaban nela a súa subsistencia foron variando ao tempo que o facía a tecnoloxía e artes traballadas. Desta forma, é preciso que comprendamos quen desas máis de 7.000 persoas, e en que localización exacta do municipio, desenvolvían actividades vencelladas co mar. Sen comprendermos o quen e o onde, o resto de elementos a analizarmos fican completamente desleixados do seu contexto.

Entrando o século XX, o espazo urbanístico da vila da Guarda podía dividirse claramente en tres realidades disonantes: “A Aldea”, “Ribadavila” a e “A Marina”. Durante moitos anos, o espazo urbanizado da vila guardesa teríase reducido unicamente a dous ámbitos: intra muros, principalmente a zona vella, e extra muros, co barrio mariñeiro e as zonas rurais. Porén, a expansión urbanística que se produciría dende finais do século XIX iría mudando esta situación. No que Miguel Villa dá en catalogar en catro fases, A Guarda comezaría a expandirse en dúas direccións, determinadas polas vías de entrada e saída da mesma: cara Tui, pola antiga estrada Real, e cara Baiona. Este fenómeno daría lugar á reconversión dos antigos espazos da vila, dun xeito que tería unha influencia chave no desenvolvemento de mecanismos de sociabilidade moi particulares.⁴

Ao respecto da cuestión urbanística, a maioría dos entrevistados dan en afirmar que a mediados de século aínda existía unha correlación entre a ocupación dos habitantes de cada área e a denominación que se lle outorgaba a ese espazo xeográfico: é dicir, máis aló da existencia da segregación urbanística, sería a composición social e económica das distintas áreas o que as definiría e delimitaría. Neste senso, se pensamos na Guarda como un espazo urbanístico que emerxe da súa zona amurallada, dende que iniciou o seu proceso de crecemento comezaría a existir o denominado coma barrio de “Ribadavila”, aínda que a súa localización iría variando ao tempo que crecía a zona urbanizada.

Así, Ribadavila era aquela área da Guarda cuxa actividade económica principal era a do comercio. No plano físico e urbanístico, esta iría, a mediados do século XX, dende a Igrexa de Santa María e a Praza Nova ata a Alameda na que estaba localizado o Hospital, a parroquia da “Guía” e o Castelo de Santa Cruz pasando pola rúa Puerto Rico.⁵ As edificacións que nesta zona podemos atopar son de moi variada etioloxía e cronoloxía: hai elementos de orixe medieval e moderna, así como cantidade de construcións indianas mesturadas en moitas

⁴ Villa Álvarez, Joaquín Miguel. “O patrimonio urbanístico da Guarda” en Álvarez, Francisco (coord.), *Na sombra do Tegra*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2017, pp. 15-33.

⁵ *Ibid.*, pp. 15-33.

ocasiões con edificacións da segunda metade do século XX. Alén dos límites de Ribadavila, atoparíanse as aldeas, divididas á súa vez en lugares. No ámbito municipal da Guarda estarían Cividáns (máis coñecida hoxe como O Castro), Salcidos, Camposancos, A Gándara, A Proba e Pintán. Todas estas áreas basearían o seu modo de vida na actividade agraria, precisando o desprazamento “á vila” para establecer vencillos comerciais e realizar calquera tipo de xestión.

(Anexo 1)

Pola súa parte, o barrio mariñeiro da Guarda (no que imos centrar a nosa atención), coñecido co nome de A Marina, conta cunha serie de características propias que o diferenciarían do resto da vila. Tal e como afirma Eliseo Alonso, a Marina guardesa é unha das poucas que ao longo do século XX mantivo, na costa suroeste de Pontevedra, a maioría das características propias dun barrio mariñeiro. A localización do porto da Guarda é de 41°54’N e 8°52’W, encaixado unha enseada rochosa e aberto cara o oeste, o que o fai moi propenso ás marusías, moi difíciles de controlar sen os axeitados diques de abrigo.⁶ O barrio, que se estendería arredor da ribeira, estaría vertebrado no século XX en dúas direccións: no eixo este-oeste, a zona máis vella do barrio, atravesada polas rúas Hernán Cortés, Oliva e Malteses, e no eixo norte-sur, de crecemento acusado dende o século XIX, atravesado pola rúa da Ribeira, durante o franquismo rúa Calvo Sotelo e hoxe rúa do Porto, que se estende polo outro lado da enseada.⁷ Segundo os entrevistados, a fronteira entre a Marina e Ribadavila sería “O Muro”, é dicir, a muralla sur da zona vella, progresivamente substituída por edificacións durante o século pasado.⁸

Os lindes do propio barrio da Marina, se ben están mellor definidos con respecto a Ribadavila son máis laxos cara a área da Cruzada e San Queitano. Este barrio estenderíase cara o noroeste do monte Santa Trega, sobre a Marina, vertebrado polas rúas da Roda e da Cal.⁹ As ocupacións dos habitantes desta zona estarían nun punto intermedio entre o mar e o campo. Porén, á hora de entrevistar a xente da zona, eles mesmos acaban por considerarse ata certo punto “da Marina”, se non esencialmente “mariñeiros”, polo que neste traballo esta área ficará circunscrita á consideración de barrio mariñeiro no que os seus habitantes podían ter máis recursos ante a existencia relativa de terras para labrar. **(Anexo 2)**

A segregación do barrio da Marina con respecto ao resto da vila sería un elemento absolutamente determinante no desenvolvemento socioeconómico dos seus habitantes,

⁶ Alonso, Eliseo, *Gamelas e mariñeiros*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2021, p. 19.

⁷ Villa Álvarez, “O patrimonio urbanístico...”, pp. 15-33.

⁸ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁹ Villa Álvarez, “O patrimonio urbanístico...”, pp. 15-33.

converténdoo nunha “unidade etnográfica e sociocultural”. A inicios do século XX, como apunta Eliseo Alonso no seu estudo etnográfico¹⁰ e como narra Juan Noya en *Fuxidos*, sabemos que era común xogar na hoxe rúa Concepción Arenal ao que daban en chamar as “galiñas” ou as “guerillas de Monterreal”, unha loita entre “os de arriba e os de abaixo” que remataban con grande número de feridos.¹¹ Hoxe, entre os entrevistados, a idea de que os do barrio mariñeiro eran considerados inferiores aínda sobrevive.

“Si porque... os da aldea viñan a vender tamén patacas e legumbres e de todo e lles tiñas que comprar. E cos da vila “ola, ola” e “adiós, adiós”. A nosa vida era aquí abaixo.”¹² “De rapaces non te levabas ben. [...] se cadra o que era falar de todo o nivel da Alameda pa abaixo era unha cousa, da Alameda pa arriba era outra. Mesmo os mariñeiros ir pola Alameda...hasta na escola te levabas mal, porque o mariñeiro era o máis baixo...non sei por que. Entón non te levabas ben nin cos da aldea nin cos de Ribadavila que se lle chamaba.”¹³ “E as mariñeiras...antes as mariñeiras tiñamos pouca aceptación. Porque eramos mariñeiras, eramos pobres, e a xente de riba ao mellor tiñan algún negocio e xa podían mellor ca nós. Había pobres pero dábanse máis categoría, só por ser de riba.” “Pelexas sempre había! Eu non sei por que.”¹⁴

A segregación era tal que incluso as autoridades terían chegado a intervir.

“Eu no que é a Marina, os mariñeiros, o que me acordo eu era de ir en cuadrilla. Acórdome unha vez, [...] no principio da baixada que vai para a *Laxe Grande*, a carretera para arriba vai dar á general, pois salíanos un municipal por baixo, e outro por riba. Non querían que nós...porque a xente de riba eran da Guardia e...e non nos podían ver, á marineiraxe, non querían. E os municipais: “para abajo, para arriba!” Hasta que nos enchíamos, e empezábase *bumbumbum*, e eles detrás de nós coa...eu que sei. Eu creo que aquilo eles faíano xa polo cachondeo, si.”¹⁵

Precisamente durante os anos trinta e corenta do século pasado, a especial xenreira profesada entre cativos “de arriba e de abaixo” levou a que se popularizaran cancións como as seguintes:

*Os Cascarillas da Vila
teñen a cara de leite
toman o caldo sen unto
e o pan sen aceite.*

*Que un Cascarilla da vila
vale máis un mariñeiro
coa chaqueta rompida...*¹⁶

¹⁰ Alonso, Eliseo, “Mariñeiros das gamelas” en *Coloquio de etnografía marítima*, Museo do Pobo Galego e Consellería de Pesca, Santiago de Compostela, 1988, pp. 115-127.

¹¹ Noya, Juan, *Fuxidos*, Vigo, Xerais, 1996, p. 20.

¹² Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

¹³ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

¹⁴ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

¹⁵ Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

¹⁶ Álvarez Seoane, Generoso, *Historias del "Baixo Miño" y de su gente*, Cardeñoso, Vigo, 2008, pp. 43-46.

Estes versos, ademais de reflectiren a rivalidade xestada dende os primeiros anos de vida, evidenciaban cal era o motivo detrás destas diferencias: a brecha socioeconómica. Os rapaces da Marina alcumaban así aos de Ribadavila de “cascarillas”¹⁷, pois os consideraban inferiores, débiles e acomodados. Ao mesmo tempo, a pobreza e o traballo duro desempeñado pola clase mariñeira parecía agromar coma motivo de orgullo. Resulta curioso como este termo aínda sigue vivo hoxe en día: “Porque se o patrón é un *cascarillas* é unha cousa, pero se o patrón sabe estar no sitio...”.¹⁸ Esta particular zuna tamén era sufrida e reproducida polos mariñeiros adultos cara a mocidade artesá da vila, aos que chamaban *Os lapiseiros da vila*.¹⁹

Esta situación tiña consecuencias no aspecto persoal, en canto que non estaba ben visto, por exemplo, casar con alguén “de fóra”. Isto é o que Alonso denomina a lei de “a aldea coa aldea e a mariña coa mariña”. De feito, no caso de que algunha moza marchase a casar fóra, o pretendente debía canto menos pagar unhas xerras de viño, pois os habitantes da área mariñeira eran máis pobres e non podían asumilo.²⁰

“[...] el casó aquí en La Guardia con una llamada señorita [...] no estaba bien visto que un marinero fuera a casar con una persoa de los de arriba, porque antes había un dicho que la parte de arriba es Sobrelavilla y del muro para abajo era la Marina.”²¹

Esta segregación social e espacial tería derivado en que o barrio desenvolvese un sentimento de identidade propio que de novo pode aínda entreverse entre as xeracións máis vellas. É precisamente por iso que cómpre coñecer a realidade urbanística do mesmo, pois nela residen algúns dos elementos indispensables para a comprensión das súas dinámicas de sociabilidade internas e, en última instancia, do seu devir nos últimos oitenta anos.

A Marina guardesa é un barrio historicamente conformado por vivendas de tipo “mariñeiro”, é dicir, de planta baixa e estreita, xustapostas unha á outra e separadas por angostas ruelas. “Mui apegadas á franxa costeira, as casas dos mariñeiros empurrán os homes pro mar e son coma os niños das aves mariñas cando retornan”. Eliseo Alonso permítenos de novo a través das súas verbas achegarnos a como eran estas vivendas no seu interior: moitas están empoleiradas enriba das rochas, a moi escasos metros do mar. Teñen fachadas duns dous metros e medio ou tres, coa parede do lado do mar máis ancha cas demais (sobre un metro). Adoitan seren feitas de cachotes e as xanelas de cantaría, estando lucidas por fóra. Teñen tellado a dúas augas e

¹⁷ A “Cascarilla” era o nome que recibía a casca de cacao moi habitualmente consumida como almorzo no litoral galego. No capítulo seguinte, afóndase nesta cuestión.

¹⁸ Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

¹⁹ Noya, *Fuxidos*, p. 20.

²⁰ Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, p. 29.

²¹ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

cheminea interna. Adoitan contar con dúas portas: unha cara o mar e outra cara terra (ás veces o mar entraba por unha e saía pola outra), e nas paredes de fóra adoita haber o que dan en chamar os *cachorros*, elementos encol dos que se asentaba unha vara para colgar redes ou secar peixes. As vivendas adoitan teren un dez metros de fondo e na beira do mar contan cun pequeno patio a modo de defensa para que as ondas batan primeiro nel: dende este podemos baixar ao mar a través duns poucos chanzos. A planta baixa das vivendas adoitaba usarse para traballar, armar redes e gardar os aparellos, así como para, en ocasións, criar un porco ou unhas galiñas. A planta principal sería o sobrado, onde estarían os alcobos, a sala, a cociña e o común. O habitual é que non houbera espazo nos alcobos, polo que moitos fillos durmían encol de xergóns de follato de millo, enriba do arcaz, en bancos, ou mesmo nunha táboa no van da escaleira.²² **(Anexos 3 e 4)**

O espazo ocupado polo barrio non aumentaría ao ritmo que o fixo o de Ribadavila por un motivo evidente: a directa imposibilidade a causa da súa linde co mar. Porén, o crecemento da súa poboación sería máis elevado e mantido no tempo. Isto fixo que a cuestión da vivenda fose un problema endémico. No ano 1942 o problema xa tería sido advertido pola Delegación local de sindicatos.

“En la zona pescadora es donde más se siente la necesidad de construir viviendas; en muchas de las que existen actualmente hay carencia absoluta de higiene, dándose el caso que en algunas viven ocho o diez personas de diferente sexo sin tener más que una o dos habitaciones.”²³

Non era só que houbera falta de espazo físico para a construción de nova vivenda, senón que moitas delas non cumprían cos parámetros básicos de habitabilidade, carentes de servizos coma auga quente. En moitas casas a situación de amoreamento era insostible.²⁴

“[...] voute dicir unha cousa, quen tiña auga corrente na casa? Solo cuatro casas alá arriba. Meus pais non o tiñan [...]”²⁵; “[...] eu non recordo onde eu nacín, saqueino da mente, debiamos ser moi pobres alí, porque segundo lle escoitei a miña nai, que era de terra o chan [...]”²⁶; “[...] Era un baixo dunha casa ao mellor hasta sen baño.”²⁷

Ao mesmo tempo, as condicións de habitabilidade das vivendas e do barrio mirábanse moi condicionadas polas inclemencias do tempo. **(Anexo 5)**

“Vivindo o abuelo más eu en Malteses, na casa da miña abuela, hai un callejón [...] Viña a marusía, subía polo callejón, chegou marea e o argazo á segunda escaleira. [...] E no muelle

²² Alonso, “Mariñeiros das gamelas”, pp. 115-127; Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, pp. 25-26.

²³ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (en adiante AHPP): AISS H Y A, cartafol 3, carpeta “Correspondencia: varios. La Guardia”.

²⁴ AHPP: AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

²⁵ Entrevista a J. B. e J. P., 16 de febreiro de 2024.

²⁶ Entrevista a M. E. L., 17 de febreiro de 2024.

²⁷ Entrevista a S.G., 18 de febreiro de 2024.

tiñan que abrílles as portas porque senón, non había ese segundo paseo, abríanlle a porta para que non lle rebentara, para que entrara e salira.”²⁸ “Había que meter as gamelas diante do convento e por aí. Porque chegaba o mar á carretera e á fonte.”²⁹

Así e todo, as condicións materiais de vivenda dos traballadores do mar guardeses sería só unha das numerosas facianas dunha serie de problemáticas que abranguían moitos máis aspectos da súa vida. Tendo relativamente clara cal era a súa situación con respecto á vivenda, quédanos entón comprender outros aspectos sobre a súa cotiandade para construímos unha visión xeral das condicións nas que se desenvolvían.

2.2. DE GAMELAS, REDES, MOLLEIROS E PALANGRES: O TRABALLO NA MARINA.

A Marina guardesa baseou dende sempre a súa subsistencia naqueles oficios relacionados co mar. Os homes teñen sido historicamente mariñeiros, aínda que ao longo do século XX as artes de pesca traballadas no litoral guardés sufriron unha serie de cambios que condicionaron o seu modelo de traballo. Na década dos trinta desapareceron definitivamente case todas as artes tradicionais de pesca, co varado dos derradeiros botes molleiros, xeiteiros e palangreiros³⁰. Unicamente sobreviviu a gamela, barco de pequeno tamaño, nacida neste porto, estendida polo litoral predominante ata entrados os sesenta. Os vapores tiveron unha presenza considerable no porto guardés ata os anos cincuenta mentres que dende esa mesma década as embarcacións a motor comezaron a agromar.³¹ (Anexos 6 e 7)

TÁBOA I. Evolución das embarcacións existentes no Porto da Guarda 1930-1970.

| | 1930 | 1936 | 1940 | 1950 | 1955 | 1960 | 1970 |
|---|------|----------------|---------|---------|------|-------|-------|
| BOTES PALANGREIROS, XEITEIROS, MOLLEIROS | 7 | 7 (varados) | | | | | |
| GAMELAS | 200 | 180-200 | 160-170 | 130-150 | 100 | 30-40 | 40 |
| GAMELAS AUXILIARES | 25 | 20-25 | 25 | 25-30 | 30 | | |
| VAPORES | 25 | 25 | 25 | 10-15 | 5-7 | | |
| MOTORES | | 4 | 8 | 20-25 | 30 | 35-40 | 50-70 |

Extraído de: elaboración propia a partir de: Beloso, “Embarcaciones y artes de pesca tradicionales en el puerto de A Guarda, pp. 57-230.

Durante o franquismo, poderemos atopar traballando á maioría de mariñeiros guardeses en gamelas, vapores e motores, mais durante as primeiras décadas, o predominio dunha pesca de

²⁸ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

²⁹ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

³⁰ Estas eran embarcacións tradicionais a vela e remos que se dedicaban ás artes do mollo, o xeito e o palangre respectivamente. No caso dos molleiros, tiñan as mesmas características que os anteriormente desaparecidos volanteiros. Hoxe en día, a Asociación Piueiro, ten conseguido reconstruír un deses volanteiros como parte do seu proxecto de recuperación e conservación das artes de pesca tradicionais. Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, p. 33-34.

³¹ Beloso, Juan S., “Embarcaciones y artes de pesca tradicionales en el puerto de A Guarda” en Beloso Quiñones, Juan S. *et al.*, *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1990, pp. 57-230.

baixura artesanal centrada na gamela sería absoluto. Deste xeito, a maioría de mariñeiros contarían coa súa propia embarcación, saíndo ao día e volvendo á tardiña para durmiren no domicilio familiar. As artes traballadas foron variadas, reducíndose ao ritmo que a gamela perdía predominancia en favor dos motores e a pesca de altura.

TÁBOA II. Principais artes traballadas polas gamelas ao longo do século na Marina.

| 1917 a 1950 | 1950 a 1970 | 1970 a 1990 |
|------------------------|--|-------------------------------|
| Liña (faneca) | As anteriores e máis: | Raeiras (rodaballo) |
| Rascas (langosta) | Rediña ou Bogueira (pescada, faneca) | Tresmallo (linguado, marisco) |
| Xeito (sardiña) | O Trole (palangre de rodaballo e abadexo) | Minifalda (linguado, marisco) |
| Palangre (congro) | O Rasco (maragotas) | Palangre (congro) |
| Arrastrón (camaróns) | Rede do Alto (pesca sobre pedra) | Palangre (fanecas) |
| Arrastrón (argazo) | Raeiras (rodaballo) | Nasas (nécoras) |
| Curricán (xarda) | Tresmallo (linguado, marisco) | Nasas (Polbo) |
| Rapeta (peixe pequeno) | Nasas (fanecas, anguilas, camarón, barbos) | Arrastrón (camaróns) |
| Badeixeira (abadexo) | Poteira (calamar) | |
| | Palangre (fanecas) | |
| | Nasas (nécoras) | |
| | Nasas (Polbo) | |

Extraído de: elaboración propia a partires de: Beloso, “Embarcaciones y artes de pesca tradicionales en el puerto de A Guarda, pp. 57-230.

Os mariñeiros de gamela ou gameleiros adoitaban traballar de a dous, e frecuentemente entre eles había algún vínculo familiar ou persoal. Así, as ganancias da faena serían divididas a través do sistema “á parte”. Este método é moi anterior ao franquismo, mais a súa supervivencia como método para a dedución dos salarios do mar resulta determinante. Baséase na premisa de que nunha embarcación existen dous tipos de traballadores: os socios capitalistas, armadores que inverten economicamente e poñen o barco, e os socios industriais, mariñeiros que aportan esforzo físico e coñecementos. Con isto, enténdese que os beneficios dunha faena estarían divididos en tres partes iguais a repartir entre: o armador ou dono, a tripulación e o aparello, é dicir, as redes coas que se traballa, que ben podían ser dos armadores ou dos mariñeiros. Desta forma, o beneficio obtido por un traballador do mar, mariñeiro de gamela ou dun vapor ou motor na Marina guardesa dependerá de distintas variables: o beneficio da faena realizada, o número de traballadores, a propiedade do barco e en última instancia a propiedade dos aparellos. Non obstante, mentres que nunha gamela o repartimento adoitaba facerse entre dous individuos pertencentes a un mesmo núcleo social ou familiar, nos vapores e motores, pertencentes na súa maioría a armadores, os repartimentos eran máis irregulares. Mentres que a parte armadora percibía unha parte enteira, entre toda a tripulación había de repartirse outra parte, no que se coñecían como *quiñóns*, figura conceptual na que se divide o valor da pesca.³²

³² *Ibid.*, pp. 276-286.

Para un cativo da Marina, a entrada ao mundo laboral estaba decidida polo seu pai, que era quen o levaba na súa gamela ou intercedía para que fose iniciado na faena no mesmo barco no que el estaba. A pesares de que a idade de acceso ao traballo estaba nos catorce anos, existían unha serie de excepcións legais que unidas á picaresca e ás necesidades económicas facían que fose habitual comezar a traballar moito antes.

“Eu o mar desde os oito/nove anos que o meu pai me levaba ao mar. Non é que eu iba, levábame! Unha cousa é ir e outra cousa é levarte.[...] Era o máis vello da familia, somos dez irmáns [...]. Logo empecei a ir ao mar, sin libreta, no ano cincuenta e tres nos barcos. Sin enrolar porque non tiña edá, era con permiso da Comandancia que indo cunha persona que fora teu pai ou que fora un familiar así importante [...] E coma min muitos rapaces foron a esa edá ,eh. Era casi normal, a maioría dos rapaces da miña edá empezaron a andar antes dos catorce anos.”³³

Ao iren ao mar nas súas primeiras tempadas, os cativos comezaban a traballar como *rapaces*, o que implicaba unha serie de cuestións no relativo á remuneración do seu traballo. O sistema á parte indicaba que os *rapaces* non cobrarían unha parte enteira a non ser que se desenvolvesen igual ca outro compañeiro, a pesares de que, aínda cando así fose, seguían cobrando menos, sobre media parte ou tres *cuarteróns*.³⁴ Así, eran habitualmente obxecto de burlas e vexacións por parte do resto da tripulación, e cando se producía o seu ascenso, non faltaba quen se queixase da mellora das súas condicións. **(Anexo 8)**

“Pero eu cando cumprín os catorce anos xa andaba de rapaz. E eu pode ser que fora un dos primeiros da Guardia...chamábante rapaz...eu xa empecei a gañar unha parte coma un home, ou déronma! [...] Eu creo que fun o primeiro da Guardia que me deron unha parte completa como aos mariñeiros. Que aínda había algúns homes que me botaban bombazos...que gañaba unha parte roubada e...bueno, como fora.”³⁵

Pola súa banda, nas comunidades mariñeiras do suroeste de Pontevedra, ao igual que noutras moitas zonas, a muller ten desenvolto historicamente un dobre papel. No fogar, adquiría os produtos de alimentación, mercaba bens duradeiros para a casa e as prendas de vestido e calzado, coidaba dos fillos, realizaba as tarefas de limpeza e orde do fogar así como de lavado, tendido, e pasado do ferro e tamén coidaba dos enfermos e os anciáns.³⁶ Así se expresaba Alonso cando afirmaba que “Se o home leva o temón da gamela, a muller leva o leme da casa”.

³³ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

³⁴ Álvarez Pérez, José Ramón, “Un comenzo do asociacionismo mariñeiro. As compañías Á Parte, 1850-1910” en Fernández Pintos, María Pilar (ed.), *Galicia mare nostrum, a importancia do mar en Galicia:[comunicacións da] VIII Semana Galega de Historia, [19-22 abril 1999, Museo do Pobo Galego]*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela, 2001, pp. 276-286.

³⁵ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

³⁶ Rodríguez Martínez, M^o de la M. Milagrosa, “Mujer y sociedad” en, Beloso Quiñones, Juan S. *et al.*, *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1990, pp. 269-303.

Porén, tamén atopamos á muller fóra da vivenda desenvolvendo un corpus de actividades comprendidas como faenas complementarias da pesca.³⁷

Neste senso, de todas as actividades desenvoltas polas mulleres da Guarda, a de atadeira ou redeira era a principal. A actividade de atar redes sempre foi unha parte fundamental do proceso necesario para saíren faenar cos modelos de pesca tradicional. Sen a súa labor, sería moi complexo manter un nivel de actividade continuado, pois tras cada faena os danos producidos nos aparellos debían ser arraxados. As redeiras reuníanse tradicionalmente nos chamados fiadeiros, seráns nos que entrada a noite fiaban con roca e fuso o liño verde que se traía de Portugal.³⁸ No proceso de elaboración e reparación, as atadeiras debían realizar toda unha serie de actividades que transcendían o atado. Un deses procesos era o encascado.

“Tiñas que comprar as redes e logo na casa armabámolos. E logo despois de armadas levábanas po mar. E antes había que encascalas. Encascalas era teñilas. O que pasa é que lle chamábase aquí na Marina encascar. Pero era teñilas. [...] Porque eran brancas, de fío branco. Entón para que duraran máis e para que colleran corpo pois tñíamolas na casa. Tiñamos un pote, todo o día a arder con agua, logo botábasele casca dentro, ardía aquilo todo, e logo había uns pilóns grandes, botábase aquilo a ferver dentro dos pilóns e logo botábase as redes, a tinguilas. E logo esas redes había que collelas e estendelas, pa que secan. E logo iban po mar, despois de secas e teñidas.”³⁹

Aínda que era habitualmente realizado por mulleres, algúns homes, forasteiros, realizábano a xornal.⁴⁰ A importancia do proceso cristalízase nuns versos cantados acotío nos fiadeiros:

*O pedreiro cheira a pedra,
o carpinteiro a madeira
cada un no seu oficio,
eu tamén son atadeira.
Finca a tinta na man,
finca a tinta no corpo.*

Aínda así, non todas as redeiras traballaban nas mesmas circunstancias, pois as súas condicións laborais dependían moito de se fiaban “para casa” ou se o facían “para fóra”. No primeiro caso, o máis habitual era que traballaran nos baixos e adegas das casas, onde se gardaban os aparellos de pesca, mentres que de traballar para fóra a actividade se desenvolvía nas chamadas “chabolas”, casetas preparadas e coa “chableira” á fronte.⁴¹ Mentres que nas chabolas se recibía un xornal, quen ataba para casa só o facía para favorecer a faena, o que implicaba que

³⁷ Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, p. 119 e 269-303.

³⁸ Muñoz Abeledo, Luisa, *As mulleres e o mar. O traballo feminino nas industrias marítimas de Galicia. Séculos XIX e XX*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2024, pp. 16-19 e Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, p. 77.

³⁹ Entrevista a J.R.C.R. 18 de xaneiro de 2025.

⁴⁰ Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, pp. 87-88.

⁴¹ *Ibid.*, p. 77.

a ganancia da actividade traducíase en máis produtividade e non nun salario nominal. Isto tamén tiña consecuencias no tempo dedicado ao exercicio de atado. Mentres que as mulleres que ataban as súas propias redes non levaban un cómputo das horas traballadas, si o levaba quen o facía para terceiros. En moitas ocasións, ámbalas dúas modalidades eran combinadas: primeiro, atábase para casa, e de sobrar tempo, para fóra. **(Anexo 9)**

“Despois tiñamos aparellos, xa cosiamos os nosos, e cando tiñamos todo arreglado, iamos a traballar pa fóra, pa outros.”⁴² “Tiñamos unha bodega para atar. [...] E meu pai axudábame cando non iban ao mar. [...] Eu ataba aí as redes e faíallas novas. Que inda agora llas faio! [...] Pero logo iba ao xornal, porque eu atándollas ao meu pai xa estaba libre. Nunha casa atei once anos, que tiña un barco cos fillos, [...] e logo íbamos nas chabolas. Acabábase nunha casa de atar e íbamos a aquela chabola, íbamos pa outra, chamábons. Eu tiven sempre moito traballo.[...] Eu traballaba 8, 10, 12...depende.”⁴³

As chabolas convertéronse tamén nun importante espazo de sociabilidade:

“Si, pasábalo moi ben, coas amigas. [...] Pois á túa compañeira do lado, porque era de dúas en dúas. [...] Pois falar ao mellor, se era de vrán, do ben que o pasaste na verbena, na festa, así cousas.”⁴⁴ “Cantar moito. Rianxeiras, cantares mexicanos. Oíamos moitas novelas, na radio. [...] Ondiñas veñen, ondiñas van! E moita mexicanada había quen tiña moita memoria e tiña gracia a cantar.”⁴⁵

As mulleres participaban tamén da venda e procesado do peixe. As peixeiras careceron durante moitos anos dun lugar axeitado onde desenvolver as súas actividades, contando con dúas principais modalidades de venda: en sitios preestablecidos, prazas, prazas de Abastos e a Lonxa, e de xeito ambulante polas aldeas. **(Anexos 10 e 11)**

“Eu cando empecei a traballar xa de rapariga, sobre catorce anos ou antes empezaría quizáis, pois eu iba tamén vender peixe pola aldea. Compraba miña nai peixe na Ribeira, e logo ela iba a vender pa plaza e eu iba pola aldea. Empezaba no Castro, a vender peixe, xa me compraban por compaixón, porque era un cesto redondo grande, e eu era unha rapariga, levaba o cesto cargado de peixe. [...] Eu de casada aínda fun polas aldeas, pero logo empezou tal, xa non volví, logo vendía na praza eu. Na praza había quen tiña puestos. Nós vendíamos no medio. As dos puestos eran polos lados, logo no medio era para a xente que non tiña puesto. Quen máis pronto iba, máis pronto quedaba na entrada. E íbamos en fila hasta atrás. Pagábase o que te viñan cobrar pero non pagábase tanto como un puesto, isto era diferente.”⁴⁶

A recollida do argazo⁴⁷ para a súa venda para o campo foi outra das actividades complementarias por excelencia. No inverno, cando o mar impedía aos barcos saír faenar, as gamelas botábanse ás distintas praias, como por exemplo a Fedorento, a recoller este produto

⁴² Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁴³ Entrevista a J.R.C.R. 18 de xaneiro de 2025.

⁴⁴ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁴⁵ Entrevista a J.R.C.R. 18 de xaneiro de 2025.

⁴⁶ Entrevista a J.R.C.R. 18 de xaneiro de 2025.

⁴⁷ “Argazo” era o nome que recibía o conxunto de algas que se acumulaban nas praias e rochas do litoral guardés.

que o mar ofrecía despois das grandes galernas. Esta actividade era desenvolta por homes e mulleres, sendo moi perigosa e dura, ao ter que realizarse en época de marusías, expóndose ás inclemencias do mar. Unicamente era feita como método de subsistencia ante a fame e a falta de recursos no inverno. **(Anexo 12)**

“Pos naquela cando non se podía ir ao mar a pescar íase ao argazo para vender pa vender pa aldea pos campos”⁴⁸ “Ibamos ao argazo e na media luna esa que fai do San Binito aí faíanse montóns de argazo e viñan as señoras da aldeas cos cabalos cuns ganchos que traían de madeira e aí cargábano todo e despois botaban a alga na terra como abono [...] Moi duro, xa te contei, todo iso de, non? De ir ao argazo desde as pedras ao mellor ás cuatro da mañán eu iba a axudarlle a miña nai a acarrexar para arriba.”⁴⁹ “Andábamos pa vender porque ao mellor había pouco traballo porque os barcos non podían ir ao mar.[...] Nós faciamos montes de argazo diante do convento e todo pola carretera e logo unha persona compraba e logo viñan os da aldea a buscalo.”⁵⁰ “Agora todo o mundo vive ben. Naquela o argazo...a acarrexar argazo, logo a vendelo e logo pa o abono pa os campos.”⁵¹ “Andabas ao argazo e...era unha vida peligrosa.”⁵²

Tamén parte das mariñeiras eran mandadas “a servir” ás casas das familias mellor situadas en Ribadavila,⁵³ sobre todo entre a entrada dunha rapaza ao mercado laboral e o seu casamento. Entón podían acontecer dúas cousas: que comezase a desenvolver actividades complementarias á pesca do home ou ben que seguise servindo. Na Guarda, o soldo dunha empregada do fogar cara o 1946 era moi baixo, entre trinta e setenta pesetas.⁵⁴

“Eu? A asistire. Estuven na casa da...desta de...da Dulia de Pantaleón, sempre anduven a servire e máis a...en Vigo? A lavar o peixe que viña das [inintelixible] e ir á palometa, a collere a palometa grande e máis a pequena, toda a vida, así teño as perniñas. [...]”⁵⁵

As rapazas adoitan comezar a formarse nas tarefas complementarias á pesca coma un xogo de imitación dos seus maiores. No inicio na reparación de redes, a idade ideal estaría arredor dos once a quince anos, aínda que o comezo foi máis prematuro nos anos da fame. A aprendizaxe faríase na casa, e tamén axudaban no resto de tarefas complementarias. Poderían chegar a asumir actividades propias de *rapaces* como a de avisaren aos mariñeiros casa por casa de a que hora se sairía a faenar. **(Anexo 13)**

“Bueno, xa eu xa aos doce anos era redeira. [...] Cando eles, nós tiñamos xa aparellos, chegaban dos quince días do mar, baixaban na Ribeira, eu tiña que collelos na cabeza, subilos pa fonte, lavalos, collelos cuando xa habían sacado toda a agua e despois tendelos polas rochas. [...] Cando eu era, eu que tería, 13 anos? Iba coas redes esas grandes, dábanlle a tinta alá nas chabolas, e iba coas mulleres maiores a tendela alá. [...] Eu como eles iban de rapaces, sobre

⁴⁸ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

⁴⁹ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁵⁰ Entrevista a J.R.C.R. 18 de xaneiro de 2025.

⁵¹ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

⁵² Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

⁵³ Rodríguez Martínez, “Mujer y sociedad”, pp. 269-303.

⁵⁴ Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2.

⁵⁵ Entrevista a M. C., 17 de febreiro de 2024.

todo o meu irmán o que morreu, como non había teléfonos como hoxe en día, o armador tiña teléfono, dáballo a orden, e eu como era a maior da familia, tiña que ir de casa de mariñeiro en mariñeiro a dicir a hora á que tiñan que salir ao mar.”⁵⁶ “Eu cando empecei a traballar xa de rapariga, sobre catorce anos ou antes empezaría quizáis, pois eu iba tamén vender peixe pola aldea”⁵⁷

O medio de subsistencia propio da Marina e a prematura entrada ao mercado de traballo dos cativos, sumado ás características urbanísticas e sociais do barrio derivaría na xeración dunha serie de dinámicas laborais, sociais e económicas cunhas consecuencias claras na composición familiar e o nivel de vida do burgo mariñeiro. No próximo apartado, tentaremos aproximarnos ás condicións reais de vida dunha familia mariñeira durante os anos centrais do século XX.

2.3.FAMILIA, ORZAMENTOS FAMILIARES E NIVEIS DE VIDA NA MARINA.

Á hora de tentar achegarnos á experiencia vital dos mariñeiros guardeses durante o franquismo, aproximarnos ao seu nivel de vida é indispensable. Nesta liña, debemos coñecer que modelo de familia é habitual nesta área do municipio. Así, a través das fichas de socios da Cofradía de Pescadores “Santa Tecla”, puidemos achegarnos un pouco máis á composición familiar media no burgo mariñeiro. As conclusións da nosa pescuda ben poderían sintetizarse nas seguintes táboas, que nos amosan unha serie de indicadores para diferentes tramos do século XX na Marina e unha comparación do número medio de fillos con outras realidades do Estado español.

TÁBOA III. Algúns cifras sobre as familias da Marina.

| | 1939-1959 | 1960-1979 | 1980-1991 |
|---|-----------|-----------|-----------|
| MEDIA FILLOS POR MATRIMONIO | 4,37 | 3,18 | 1,95 |
| MÁXIMO ABSOLUTO FILLOS | 13 | 10 | 4 |
| IDADE MULLER AO PRIMEIRO FILLO | 24,20 | 22,51 | 22,71 |
| % MULLERES PRIMEIRO FILLO ANTES DOS 25 | 70,5% | 83,5% | 88,4% |
| IDADE HOME AO PRIMEIRO FILLO | 27,54 | 26,03 | 26,19 |

Extraído de: elaboración propia a partires de: ACPST, caixas “Fichas de Socios”.

TÁBOA IV. Media de fillos por matrimonio entre 1939 e 1991.

| | A MARINA | PONTEVEDRA | GALICIA | ESPAÑA |
|------------------|----------|------------|---------|--------|
| 1939-1959 | 4,37 | - | - | 3,08 |
| 1960-1979 | 3,18 | 2,56 | 2,30 | 2,84 |
| 1980-1991 | 1,95 | 1,53 | 1,50 | 1,66 |

Extraído de: elaboración propia a partires de: ACPST, caixas “Fichas de Socios”; Índice Sintético de Fecundidade do IGE (1975-1979); Indicador Coxuntural de Fecundidade do INE (1975-1979); del Campo, Salustiano e Rodríguez-Brioso, María del Mar, “La gran transformación de la familia española durante la segunda mitad del siglo XX. Só para o ano 1950 e Agüero Rey, Isabel e Olano Rey, Alberto, “La evolución reciente de la fecundidad en España”.

⁵⁶ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁵⁷ Entrevista a J.R.C.R. 18 de xaneiro de 2025.

Estas táboas o que evidencian é a tendencia xeral na Marina a casar antes e ter un meirande número de fillos que na media provincial, rexional e estatal. Isto conecta moi ben coa crónica que no seu momento elaborara Rodríguez Santamaría sobre as costumes dos pescadores do norte e noroeste de España:

“[...] es dónde más jóvenes se casan los pescadores, porque, en su mayor parte, lo verifican antes de ir al servicio, y hay sitios como Portonovo y otros en donde se casan chicos de diecisiete años con jóvenes de dieciséis y hasta de catorce en algunos casos, así que luego se llenan de hijos y después de la miseria, por falta de medios para cuidarlos y mantenerlos”⁵⁸

Por outra banda, os salarios percibidos polos traballadores do mar é outra fonte de elevado valor para asomarnos ás súas condicións materiais. Así, contamos con dúas series do Mapa Nacional de Abastecementos que nos permiten saber cal era o soldo diario das principais profesións da vila. Esta será unha das fontes utilizadas nesta investigación, mais a súa natureza fai que haxa que utilizala con especial coidado. A súa utilización para a análise da produción, consumo e salarios na Guarda deriva, por unha banda, da ausencia doutras fontes máis completas, así como da existencia dun marco metodolóxico para a súa análise, creado por Muñoz Abeledo para Bueu. Con todo, os datos sempre deben tomarse como referenciais, e non como cifras absolutas nin exactas. Contrastando estes datos cos ofrecidos por Vilar Rodríguez, observamos como os salarios na Guarda son inferiores ao salario mínimo industrial para homes, mentres que pivotan, aínda que lixeiramente por baixo, na liña dos salarios agrícolas.⁵⁹

TÁBOA V. Salarios medios por día cobrados polos traballadores guardeses e en España

| | 1944 | 1947 |
|--|---------|---------|
| AGRÍCOLAS E FORESTAIS NA GUARDA | 10 | 12 |
| GANDEIROS NA GUARDA | 11 | 13 |
| MARIÑEIROS NA GUARDA | á parte | á parte |
| DA CONSTRUCCIÓN NA GUARDA | 13 | 14 |
| DA MADEIRA NA GUARDA | 14 | 15 |
| TEXTÍS NA GUARDA | 9 | 10 |
| DA ALIMENTACIÓN NA GUARDA | 8 | 9 |
| COIROS E PELES NA GUARDA | | 9 |
| SIDERURXIA E METALURXIA NA GUARDA | 12 | 14 |
| TRANSPORTES POR ESTRADA NA GUARDA | 12 | 13 |
| TRANSPORTE MARÍTIMO NA GUARDA | 14 | 14 |
| COMERCIO NA GUARDA | 9,5 | 10 |
| MEDIA SALARIO EFECTIVO MASCULINO NA INDUSTRIA EN ESPAÑA | 15,50 | 20,47 |
| SALARIO EFECTIVO MASCULINO NA AGRICULTURA EN ESPAÑA | 9,46 | 16,70 |

⁵⁸ Rodríguez Santamaría, Benigno, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España: su vida social y particular por provincias*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2005, pp. 292-216.

⁵⁹Vilar Rodríguez, Margarita, *Los salarios del miedo. Mercado de trabajo y crecimiento económico en España durante el franquismo*, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 2009, pp. 108 e 128.

Extraído de: elaboración propia a partires de: Arquivo municipal da Guarda, unidade 786, expediente 1 e Vilar Rodríguez, *Los salarios del miedo...*, pp. 108 e 128.

Porén, esta serie non aporta información acerca do soldo medio dos traballadores do mar, pois indica que era calculado segundo o método “á parte”. É por iso que tivemos que recorrer a fontes alternativas, concretamente as solicitudes de Racionamento procesadas na vila, para poder asomarnos a esta realidade. Os datos aportados por estas solicitudes denotan que non existía unha diferenza tan substancial entre o cobrado por un artesán e un mariñeiro en 1946, o que lévannos a falar sobre a brecha económica entre as diferentes áreas da vila, e neste contexto toman moito poder as verbas dos entrevistados, que afirmaban que “de arriba”, por seren artesáns xa se consideraban superiores á “marineiraxe”, aínda sen cobraren salarios tan diferentes.⁶⁰ No respectivo ás mulleres, estas aparecen infrarrepresentadas en canto á súa ocupación: se ben a maioría están inscritas como “Sus Labores”, moitas levan asociado un salario, o que probablemente indique que desenvolvían actividades laborais non recoñecidas.⁶¹ Isto conecta moi ben coa exposición de oficios desenvolto polas mulleres anteriormente realizada. A importancia da actividade económica realizada por elas, principalmente baseada nas actividades complementarias da pesca e en moitos casos nunha economía máis somerxida, só pode entreverse nestas fontes oficiais, das que este tipo de labores pasaban a un segundo plano. O traballo infantil non aparece recollido nas solicitudes máis ca nalgúns casos de *rapaces* mariñeiros nos que se sinala un soldo dunhas cincuenta pesetas, igualmente variable.⁶²

TÁBOA VI. Soldo medio mensual por profesión na Guarda en 1946 e 1955.⁶³

| | 1946 | 1955 | SUBA |
|-----------------------------------|------|------|---------|
| “SUS LABORES” CON INGRESOS | 191 | 212 | 10,99% |
| MARIÑEIRO | 253 | 772 | 205,13% |
| XASTRE | 242 | 500 | 93,79% |
| PEÓN | 270 | 623 | 119,62% |
| LABRADOR | 224 | 730 | 225,89% |
| ALBANEL | 279 | 742 | 165,94% |
| MECÁNICO | 452 | 600 | 32,74% |
| CHÓFER | 375 | 900 | 140% |
| OFICINISTA | 400 | 850 | 112,5% |
| ZAPATEIRO | 214 | 700 | 227,1% |
| DEPENDENTE | 250 | 850 | 240% |

Extraído de: elaboración propia a partires de: Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2 e AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

⁶⁰ Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

⁶¹ Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2.

⁶² AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

⁶³ Elaboración propia a partires de: Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2 e AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

Pola contra, para o 1955, os salarios xa creceran: podemos atoparnos aos mariñeiros cobrando de media unhas 772 peseta mensuais, aínda que as mulleres semellaban seguir cobrando case o mesmo que nove anos antes.⁶⁴ Chama inevitablemente a atención como é que nun espazo temporal de menos de pouco máis de dez anos, os salarios de practicamente todas as profesións aumentan de media case un cen por cen. Neste senso, as investigacións de Vilar Rodríguez volven arrojar luz sobre a cuestión, demostrando que, se ben trala Guerra Civil podemos apreciar unha tímida alza dos salarios industriais e agrícolas, sería dende as regulacións dos salarios adoptadas a partires de 1955 cando apreciamos un importante salto salarial xeneralizado. Porén, non podemos pensar que isto implicase directamente unha mellora na calidade de vida, pois o custo dos produtos básicos tamén sufriu un importante aumento na mesma cronoloxía.⁶⁵

Non obstante, a información ao respecto dos salarios dos mariñeiros guardeses por si mesma non nos achega ás súas condicións de vida se non a contrastamos co prezo dos bens e servizos básicos. Así, un dos principais gastos dunha familia sempre vai ser a alimentación. Segundo Rodríguez Santamaría, en Galicia entre os pescadores o caldo galego sería o principal alimento consumido ao mediodía e á noite. Este non adoitaba levar carne, máis ca un pouco de unto, moita verdura, pataca e faba “que a mi juicio no constituye alimento alguno porque carece de los principales artículos que lo componen”. Tamén sería habitual comer cachelos con peixe ou guiso de peixe con patacas á mariñeira, acompañado con pan de millo ou de trigo. Como almorzo, adoitan tomar cascarilla de cacao cocida sola ou con leite, aínda que este non sería un alimento moi consumido. Era común acompañar a comida con viño e incluso augardente.⁶⁶

Así, podemos recorrer á cultura tradicional para achegarnos aos hábitos alimenticios na Marina. Nos versos que os rapaces da Marina cantaban sobre os de Ribadavila, comezan por chamalos precisamente “cascarillas”, para acusalos logo de ter cara de leite, probablemente por consumilo moito máis. Nos dous últimos versos tornan a burlarse de que tomaban caldo sen unto e o pan sen aceite. Noutro exemplo, o poema *Saudade dun Gameleiro*, ademais de facer alusión directa á división sexual do traballo e o reparto das tarefas dentro da familia, conta como un dos produtos que se mercaba na súa casa era o pan de broa, que Santamaría⁶⁷ situaba

⁶⁴ AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

⁶⁵ Vilar Rodríguez, *Los salarios del miedo...*pp. 87-135.

⁶⁶ Rodríguez Santamaría, *Los pescadores del Norte...*p. 304-305.

⁶⁷ *Ibid.*, p. 304-305.

coma un dos alimentos máis consumidos, o que Noya confirma, narrando que “o pan de trigo considerábase como biscoito, e só nos días de festa era saboreado polos humildes.”⁶⁸

Emporiso, non podemos asumir que todos os alimentos cumprían o mesmo papel na dieta dos mariñeiros. Ao contrario do que podía acontecer noutras áreas do litoral pontevedrés⁶⁹, na Marina guardesa a produción de bens de autoconsumo era moito máis limitada. Se ben cara a área da Cruzada ou Mazaracos existían máis vivendas con terreo para o cultivo, a maioría de habitantes do burgo mariñeiro estaban moi limitados. Aínda que algunhas familias podían ter terreos, o seu pequeno tamaño derivaba en que alimentos como o millo e as fabas non fosen sempre de autoconsumo. O mesmo acontecía co porco, pois eran moito menos frecuentes,⁷⁰ aínda que adoitaba haber máis galiñas por poderen habitar un espazo reducido. Mentres que na zona de Fedorento falaban así da tenencia de animais: “Había cabanóns, e había porcós, galiñas.”⁷¹ “[...] nós tiñamos alá abaixo porco e coello.”⁷², na Marina o conto era distinto:

“En Malteses non porque non había terra, pero cando viviamos en Mazaracos tiñamos porcós e tiñamos galiñas [...] se vivías por Malteses, polas Laxes ou así, aí non había terrenos [...] Había aí a casa do que lle chaman o *Huevadas*, onde estaba o restaurante do *Purtiño*, aí tiña unha carpintería e despois tiña moito terreo, e tiña moitas galiñas. Pero non era donde está a Atalaia eh, aí era baldío.”⁷³

Por outra banda, a maioría podía acceder ao peixe a través do seu emprego, mais a materia prima inxerida adoitaba ser a menos axeitada para a súa venda, e estaba limitada ás tempadas de faena. Para subsistir ao inverno, era común comer o “peixe seco” ou “peixe de couro”, litán ou raia secados ao aire libre para que se conservara durante os meses de galerna. No verán “comiamos peixe fresco, e incluso marisco, e incluso linguado, o que viña chupado.”⁷⁴ O viño era tamén moi consumido na taberna, lugar de reunión por excelencia. Isto fai que sexa máis complexo calcularmos o seu consumo e prezos, aínda sendo hábito xeneralizado o ir tomar o vaso despois de faenar. Na famosa *Taberna dos Tres Reis*, tamén dedicada á venda de aparellos de pesca, era moi común que se servise, xunto ca cunca de viño do Rosal, as pescadas deterioradas da faena do día, chamadas *bandallo*, preparadas con mollo de pemento picante.

⁶⁸ Noya, *Fuxidos*, p. 94.

⁶⁹ Muñoz Abeledo, *Género, traballo y niveles de vida...*, p. 254.

⁷⁰ Arquivo municipal da Guarda, unidade 914, expediente 28.

⁷¹ Entrevista a M. E. L., 17 de febreiro de 2024.

⁷² Entrevista a M.C., 17 de febreiro de 2024.

⁷³ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁷⁴ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024. Chamábaselle linguado “chupado” cando as pezas eran comidas polas “pulgas de mar” antes de seren capturadas, o que afeaba o produto, que non era apto para a venda.

Noya narraba como ás veces, na taberna do *Monxo*, o dono invitaba aos amigos ao berro de “Baixai hoxe que teño un petisquiño”: tal ben podía ser unha centola.⁷⁵ (**Anexos 14 e 15**)

“No...eu sei que na tenda de meu pai pois ao mediodía ou mesmo había dez ou doce persoas a tomar o vaso e á noite polo regular máis.”⁷⁶ “Eu a tomar o vaso, eu xogar encantoume toda a vida.”⁷⁷ “Tabernas moitas había. Á noite iban moitos homes tomar o vaso.”⁷⁸

O período autárquico iniciado tralo fin da Guerra Civil causaría enormes estragos económicos e sociais, mais o que sen dúbida máis afectaría á poboación da Marina sería a *fome*⁷⁹. A súa memoria non é moi diferente da que poderíamos atopar noutras moitas partes de Galicia, pois a solidariedade entre a veciñanza, a necesidade de recorreren ao furto para sobreviviren ou os rancores xurdidos entre quen a sufría máis ou menos converten a experiencia particular noutro exemplo dunha vivencia xeral.⁸⁰ Así, só parecían poder soportar mellor esta situación aquelas familias que contaban con algún espazo para labrar ou ter gando. “[...] sempre sementamos patatas, tiñamos dúas leiras e sempre tiñamos que comer.”⁸¹

“Porque imaxínate que nacín no 41 e logo veu a posguerra, que pasei moita *fome*. [...] Moita! Eu pasei moita! Pa que vou a dicir, eu paseia e houbo que non a pasou. Pero creo que todo o mundo para min a pasaría.”⁸² “[...] e moita fame de máis. Ibas á escola, chegabas da escola a casa, querías pan e non había, e cousas así.”⁸³ “Na Marina había moita necesidade antes porque eran inverneiras moi grandes. E non se comía, e comíase mal, e iban roubar a verdura.”⁸⁴

Este fenómeno tivo varias consecuencias: por unha banda, a entrada incluso máis prematura no mercado de traballo: “Porque con nove anos metérnome alí porque era o tempo da *fome*, onde iba a ir filla?”⁸⁵ e por outra o inicio dun período de absoluta dependencia das zonas rurais. Así, moitas testemuñas dan conta da costume de ir pedir comida pola aldea.

“Naquel entón, eu xa non anduven pero ao igual había que ir pedir pola aldea...”⁸⁶ “Porque la parte del campo, porque La Guardia es marina comercio e campo. La parte del campo sempre tiña que comer, había patacas había millo. E a Marina? Había aqueles invernos tan grandes tan

⁷⁵ Noya, *Fuxidos*, p. 64.

⁷⁶ Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

⁷⁷ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024; Noya, *Fuxidos*, p. 64

⁷⁸ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

⁷⁹ Na zona do Baixo Miño a palabra predominante para referirse á fame é *fome*. Aínda que adoita ser usada de xeito xenérico, leva implícita unha connotación de gravidade e sufrimento, como se quixese indicar un grao superlativo da fame.

⁸⁰ Freire Paz, Elena e Cabana Iglesia, Ana, “Fabular la abundancia y desmemorar el hambre. Relatos para los tiempos sin pan en Galicia” en Conde Caballero, David, Rivero Jiménez, Borja e Mariano Juárez Lorenzo (eds.), *Vidas sin pan. El hambre en la memoria de la posguerra española*, Comares, Granada, 2023, pp. 41-61.

⁸¹ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

⁸² Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

⁸³ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

⁸⁴ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

⁸⁵ Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

⁸⁶ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

grandes que en tres meses ou...non iban ao mar. E non é como agora que lle pagan senón van ou tal, nono naquel tempo dedicábanse a vir a pedir a Salcidos.”⁸⁷

Incluso as pescantinas volvían cargadas de volta co que lles daban no campo para subsistir.

“Cando viña de volta, as da aldea pola Fecha pois logo a xente da aldea, porque na Marina tiñamos mala fama porque eramos pobres, no? Porque as da aldea tiñan patatas, tiña fruta, tiñan de todo! E aquí na Marina no. [...] Pero dábannos as da aldea, dábannos mazás, no tempo das laranxas dábannos laranxas, no tempo das mazás dábannos mazás... Dábanme porque iba vender. “Ala filliña toma leva esas mazanciñas”. [...] Dabamos pena. No tempo das uvas “ala leva estas uviñas”. E viña cargada pa casa de novo!”⁸⁸

A partires do Mapa de Abastecementos de 1944 e 1947, aínda tendo en conta as súas xa amentadas limitacións, podemos achegarnos a coñecer cal era a produción de alimentos da vila, e polo tanto as racións medias consumidas por unha persoa e unha familia de seis membros a través do racionamento, que estaban moi por debaixo dos requirimentos nutricionais mínimos. Neste senso, no propio proceso de análise podemos observar unha falta evidente de sistematización dos datos recollidos, o que deriva nunha elevada imprecisión nalgunhas das cifras, que incluso poden repetirse ou ser sospeitosamente similares con anos de por medio.

TÁBOA VII. Alimentos producidos na Guarda en 1944 e 1947, por persoa e familia.

| | 1944 | | | 1947 | | |
|--------------------------|------------------|--------|------------|------------------|--------|------------|
| | KG TOTAIS | GR/PAX | GR/FAMILIA | KG TOTAIS | GR/PAX | GR/FAMILIA |
| PATACA TARDÍA | 320.000 | 115 | 690 | 625.000 | 227 | 1362 |
| MAZÁ | 12.000 | 4,35 | 26 | | | |
| UVAS (PARA VIÑO) | 95.300 | 34,62 | 207 | | | |
| VACUNO | 53.873 | 19 | 115 | 54.208 | 19,69 | 118 |
| TOUCIÑO | 26076 | 8,22 | 49 | 29.400 | 10,68 | 64 |
| MANTEIGA DE PORCO | 2607 | 0,93 | 5,58 | 2.940 | 1,06 | 6,39 |
| CARNE DE PORCO | 13904 | 5 | 30 | 33.220 | 12 | 72 |
| CENTEO | 5.000 | 1,73 | 10,05 | 5.000 | 1,73 | 10,05 |
| MILLO | 385.000 | 139 | 839 | 978.000 | 355 | 2132 |
| OVOS (DUCIAS) | 327.980 | 1,41 | 8,48 | 327.980 | 1,41 | 8,48 |
| LEITE | 14.308 | 5,19 | 31 | 14.308 | 5,19 | 31 |
| PEIXE | 1.444.000,5 0 | 524 | 3.148 | 7.292.000,5 0 | 2.269 | 15.897 |
| FARIÑA | 219.000 | 79 | 477 | 219.000 | 49 | 477 |
| PAN | 401.500 | 145 | 874 | 401.500 | 145 | 874 |

Extraído de: Arquivo municipal da Guarda, unidade 786, expediente 1.

A isto súmase que a situación derivou en que unha parte importante do consumo de alimentos e bens materiais non poida rastrexarse ao ser froito do estraperlo ou contrabando, fenómeno que moitos autores consideran unha consecuencia directa das políticas do Réxime no contexto

⁸⁷ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

⁸⁸ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

da posguerra. Como todas as zonas raianas con Portugal, o contrabando tivo unha importante proxección no Baixo Miño. Dende Camposancos, San Miguel de Tabagón, As Eiras e por suposto Tomiño era moi frecuente o paso pola fronteira de inxentes cantidades de produtos, que tanto abastecían á poboación da contorna como incentivaban a súa economía por seren os produtos levados a capitais como Vigo. Cómpre mencionarmos tamén o papel preponderante que as mulleres tiñan no contrabando, pois era comprendido como outra máis das actividades a desenvolver dentro da pluriactividade precisa para manteren á familia.⁸⁹

Énos imposible cuantificar que produtos e cantidades entraban por esta vía, mais si sabemos que entre moitas das cousas coas que se *trapicheaba*, estaban as materias primas industriais, das que tería especial importancia neste contexto o fio para as redes, que permitía o mantemento do modelo de subsistencia no barrio mariñeiro. Natalia Jorge apórtanos na súa tese algún exemplo de estraperlo acontecido no barrio mariñeiro, coma cando son incautados en maio de 1942 1.500 kg de lingotes de chumbo e 47 kg de redes e fio que estaban sendo cargadas en varias gamelas por un home e varios cativos.⁹⁰

Dende a finalización do racionamento a comezos da década dos cincuenta, comezaría a producirse unha paulatina subida dos niveis de consumo de alimentos. Con todo, para facernos unha idea dos prezos dos alimentos ao longo do século XX e como estes sufriron un aumento máis acelerado dende o inicio da Ditadura, temos realizado unha táboa na que inserimos os datos sobre un variado corpus de produtos alimenticios.

TÁBOA VIII. Estimación prezo dos alimentos básicos por kg. na Guarda, Vigo e provincia.

| | 1893 | 1906 | 1913 | 1939 | 1945 | 1950 | 1955 | 1960 | 1972 |
|-----------------------|------|------|------|------|-------|------|------|--------|------|
| ACEITE CORRENTE | 1,2 | 1,25 | 1,25 | 3,9 | 4,97 | 10,6 | 13,2 | 21,2 | |
| ACELGAS | | | | | | | | 3,5 | 17 |
| ALUBIAS BRANCAS | | | | | | 6,5 | 12 | | |
| ALUBIAS PINTAS | | | | | 4 | | 8,5 | | |
| ARROZ BRANCO CORRENTE | 0,7 | 0,55 | 0,55 | 1,5 | 3,5 | 4,5 | | | |
| ARROZ BRANCO ESPECIAL | | | | | 4,7 | | 11 | | 13,2 |
| AZUCRE | | 1,2 | 1,2 | 1,9 | 5,5 | 7 | | | 20 |
| BACALLAU | 1,4 | 1,2 | 1,2 | 3,25 | 12,5 | | 21,5 | | |
| CAFÉ TOSTADO | | | 5,75 | | 21,92 | 53 | | 123,46 | 137 |
| CARNE PORCO | | 2,1 | 2,05 | | | | | | 134 |
| CEBOLAS | | | | 0,5 | | | 2 | 8,5 | 24 |
| FABAS | | 0,8 | 0,8 | | | 11 | | | |
| GARBANZOS | 1 | 0,9 | 1,05 | | 4,50 | 7,5 | 12 | | |

⁸⁹ Prada Rodríguez, Xulio e Soutelo Vázquez, Raúl, “As estratexias de supervivencia económica na posguerra”, en VV.AA., *Historia Nova V. Contribución dos xoves historiadores de Galicia*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela, 1998, pp. 177-214; Jorge Pereira, Natalia, *Actitudes e comportamentos sociais nos concellos fronteirizos de Tomiño e Cerveira ante as ditaduras de Franco e Salazar na década de 1940*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2024, pp. 340-405; *15 Pesetas por Frete*, Estefanía Alonso, 2016.

⁹⁰ Jorge Pereira, *Actitudes e comportamentos sociais...*, pp. 340-405.

| | | | | | | | | | |
|--|------|------|------|----------|-------|-------|-----|-------|-----|
| LANAR E CABRIO MAIOR CHULETAS E PERNA | | | | | 8,45 | 13,9 | | | |
| LANAR E CABRIO MAIOR PALETIÑA, FALDA E PESCOZO | | | | | 7,15 | 8,8 | | | |
| LANAR E CABRIO MENOR CHULETAS E PERNA | | | | | 10,27 | 15,4 | | | |
| LANAR E CABRIO MENOR PALETIÑA, FALDA E PESCOZO | | | | | 8,69 | 10,5 | | | |
| LARANXAS | | | | | | | 18 | 8 | |
| LEITE | 0,25 | 0,25 | 0,6 | | | | | | |
| LEITE CONDENSADO (FRASCO) | | | 1,75 | 3,72 | 9 | | 12 | | |
| LEITUGAS | | | 0,2 | | | | 30 | 20 | |
| LENTELLAS | | | | 2,50 | 5,5 | 11 | | | |
| MANTEIGA DE PORCO | | | 5 | 16 | | | | | |
| MAZÁS PRIMEIRA | | | | | | | 16 | 16 | |
| MAZÁS SEGUNDA | | | | | | | 6 | 19 | |
| OVOS (DUCIA) | | 1,1 | 1,35 | 2,7-4,9 | 11,4 | 16,8 | 21 | 26-33 | |
| PAN | 0,3 | 0,4 | 0,4 | 0,75 | 3 | 7 | 4,9 | 6,15 | 9,3 |
| PASTA PARA SOPA | | | | | 4,5 | 7 | | | |
| PATACA | 0,1 | 0,17 | 0,3 | 0,6 | 0,87 | 1,6 | 1,5 | | 6 |
| REPOLO | | 0,5 | | 0,6 | | | 2 | 4,5 | 8 |
| TERNEIRA ÓSOS | | | | | | 1,8 | | | |
| TERNEIRA PRIMEIRA | | 2,1 | | 6 | | 21,9 | 46 | | 215 |
| TERNEIRA RILES | | | | 4 | | 18,55 | | | |
| TERNEIRA SEGUNDA | | | | 4,2-2,25 | | 15,6 | 26 | | 137 |
| TOMATES | | | | 0,75 | | | | 6 | 15 |
| TOUCIÑO | 1,5 | 2,1 | 1,9 | 5-6,50 | 11 | 17 | | | |
| VACUNO MAIOR ÓSOS | | | | | 1,6 | 1,6 | | | |
| VACUNO MAIOR PRIMEIRA | | | | 5,4 | 12,66 | 16,4 | 30 | | 170 |
| VACUNO MAIOR RILES | | | | 4 | 1,32 | 17,55 | | | |
| VACUNO MAIOR SEBO | | | | | 3,92 | | | | |
| VACUNO MAIOR SEGUNDA | | | | 3,70-2 | 9,42 | 12,9 | 18 | | 100 |
| VACUNO MENOR ÓSOS | | | | | 1,1 | 1,7 | | | |
| VACUNO MENOR PRIMEIRA | 1,2 | 1,7 | 2,05 | | 16,83 | 21,2 | | | |
| VACUNO MENOR RILES | | | | | 1,32 | 18,35 | | | 135 |
| VACUNO MENOR SEBO | | | | | 5,26 | | | | |
| VACUNO MENOR SEGUNDA | | | | | 12,62 | 14,6 | | | 72 |
| VIÑO | 0,4 | 0,5 | 0,75 | | | | | | |
| XABÓN COMÚN | | | | | 3,716 | 6,5 | | | |
| XUDIÁS CORRENTES | | | | | 4 | | | | |

Extraído de: Arquivo municipal da Guarda, unidade 787, expediente 2, e unidade 914, expediente 28 e *El Pueblo Gallego* (ver números na relación de fontes).

Na Guarda, os alimentos eran vendidos nos mercados, a praza de abastos e os ultramarinos e tabernas. Para inicios de século, celebrábase mercado os martes e sábados. Estes practicamente invadían a vila, colocándose en cada praza e rúa. Na praza do Chan de Conde, ao lado do convento das Beneditinas e en pleno corazón do barrio mariñeiro, estaba tamén unha parte importante xa máis cara a segunda metade do século. Aí vendíase o peixe, sobre todo cando foi reformada a praza de abastos, e antes de que se construíse a Lonxa, así como o argazo, a leña e materiais para a pesca. Por outra banda, a praza de abastos foi unha zona central da actividade comercial, situada en Concepción Arenal, límite entre a Marina e Ribadavila.

“Logo viñan vender, esto todo por aquí por baixo, Chan de Conde e por aí había cabalos e burros, traían carqueixas pa fregar os pisos, casca pa vender pa logo secar e tinguir as redes, traian corchos, había canastreiros, viñan vender pa telas as telas que nós usabamos pa os palangres, cestos pa meter a sardiña, era un mercado que había non sei se unha vez ou dúas a

semana. E cabalos, viñan os cabalos, entraban aquí.”⁹¹ “Eu acórdome a ser mercado. Donde está a Cofradía mercado, Chan de Conde. Alí, iban a vender todas as do Rosal, as de Salcidos vendían, que estaba ao aire libre, era unha praza e vendían alí.”⁹² “Vendían a leña, a xente da aldea viña con piñas...viñan todos os días. Cos burros de leña, cos cabalos de leña. Diante da miña porta mesmo.”⁹³

Deste xeito, xórdenos a incógnita de coñecer que alimentos serían os máis consumidos por estaren dispoñibles no barrio durante os primeiros anos do franquismo. Neste senso, para 1953, vendéranse no economato dependente da confraría, aberto dende 1947, os seguintes produtos.

TÁBOA IX. Prezo medio dos alimentos por kg no economato da Marina, 1947-1953.

| | |
|--------------------------------|-------|
| AZUCRE | 7,35 |
| ARROZ | 3,83 |
| XABÓN | 5,66 |
| ALUBIAS | 5,81 |
| CHOCOLATE | 10,15 |
| PASTA PARA SOPA | 5,79 |
| BACALLAU | 9,16 |
| CAFÉ | 43,77 |
| FARIÑA | 5,72 |
| GARBANZOS | 6,95 |
| LEITE CONDENSADO (bote) | 5,57 |
| LENTELLAS | 5,05 |
| TOUCIÑO | 16,2 |
| ACEITE DE OLIVA | 9,44 |

Extraído de: ACPST Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 90.

Con esta información podemos tentar coñecer cal era o salario real, é dicir, o número de cestas da compra que un mariñeiro podería adquirir ao día nun ano determinado, para alimentar a unha familia. Coñecendo este indicador, podemos achegarnos mellor á capacidade adquisitiva real das familias mariñeiras guardesas.⁹⁴ Así, reconstruiremos primeiramente este indicador para unha familia de dous pais e catro fillos no 1946. Para elo, sumamos os salarios estimados para cada membro da familia que para ese ano serían de 243 pesetas o home, unhas cen a muller e cincuenta dun fillo maior *rapaz*. Con todo isto, quedaríanos un salario mensual de 403 pesetas, unhas trece pesetas diarias. Podemos facer o mesmo exercicio cos salarios para 1955: 773 pesetas do home, 200 pesetas da súa muller e cen do *rapaz*. Isto daríanos un soldo de 1073 pesetas ao mes, 35,76 pesetas ao día.⁹⁵

Debemos calcularmos agora cal sería o gasto dunha familia nunha cesta da compra diaria. Os resultados obtidos para 1945 indícanos que unha cesta da compra con ovos, pan, patacas,

⁹¹ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

⁹² Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

⁹³ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

⁹⁴ Muñoz Abeledo, *Género, trabajo y niveles de vida...*, p. 261.

⁹⁵ Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2.

aceite de oliva, vacún maior de segunda, azucre e touciño, tería un custo diario de 9,16 pesetas, un 70,45% do salario nominal familiar, e un salario real dun 1,41. Para o 1955 o prezo da maioría dos produtos duplicouse, aínda que tamén aumentaron os salarios. Así, unha cesta da compra cos mesmos alimentos valería 17,1 pesetas, un 47,81% do salario nominal, e un salario real dun 2,09. Neste punto, volven sorprendernos o aumento considerable dos salarios e dos prezos dos produtos en menos dunha década. Porén, debemos repetir que é probábel que a cifra de cartos investidos en alimentos fose maior, pois xa a mediados dos cincuenta iniciárase un tímido aumento do consumo.

Por outra banda, se ben parte considerable dos mariñeiros tiña casa propia, o gasto no aluguer era a realidade de moitos. Sabemos que o aluguer anual medio na zona mariñeira era dunhas 226 pesetas, un pouco menos de 19 pesetas mensuais cara 1946.⁹⁶ Para o 1955, tería aumentado ata case as 40 pesetas mensuais.⁹⁷ A pesares de que a regulación dos alugueiros durante o primeiro franquismo adoitaba ser bastante benevolente cos inquilinos, o problema de vivenda existente na vila e a consideración de que probablemente esteamos ante un mercado de alugueiros informal, pode explicar que estes aumentasen do mesmo xeito que o fixeron os salarios e o prezo dos alimentos. Sobre o vestido non temos moita información que nos poida axudar a debullar canto podía ser o investimento, aínda que si podemos inducir que a roupa era herdada e utilizada ata estragarse, existindo a roupa de traballo e de “domingo”, atribuímoslle por todo isto a condición de gasto esporádico.

Para rematar de achegarnos de todo ao nivel de vida real dos mariñeiros guardeses durante os primeiros anos do franquismo, período no que acabaría por constituírse a confraría, deberíamos afondar moito máis en todas as variables, mais a partires do exposto anteriormente hai unha serie de elementos que quedan patentes. Os efectos da posguerra agravaron un modelo de subsistencia en plena mudanza, cuxo sistema de traballo e remuneracións aínda conservaba trazas tradicionais e que xa sufría a precariedade antes do Golpe. Isto, sumado a un modelo de familia cun elevado número de fillos e ás características urbanísticas do barrio, que de novo xa estaban presentes antes da contenda, preséntanos ante unha poboación empobrecida e traballadora, que vivía en desigualdade con respecto ás outras zonas da vila. No plano político, o barrio moveríase xa dende inicios de século na liña marcada polo contexto estatal e as súas imperantes necesidades materiais.

⁹⁶ Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2.

⁹⁷ AHPP: AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

3. O ASOCIACIONISMO E COOPERATIVISMO MARIÑEIRO NA GUARDA ATA 1936.

A pesares de que o marco temporal e temático da nosa investigación afástanos do acontecido na vila da Guarda e durante o primeiro terzo do século, certos elementos desenvolto en materia de política social para mariñeiros durante o franquismo non poden ser comprendidos sen coñecermos o contexto previo que condicionou a súa aparición. Así, nas próximas liñas tentaremos achegarnos a coñecer o que foi a xénese, desenvolvemento e fin do asociacionismo e cooperativismo mariñeiro na Guarda ata o inicio da Guerra Civil.

3.1. OS ALBORES DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO NA GUARDA.

O devir do asociacionismo mariñeiro guardés do primeiro terzo do século XX non foi un fenómeno alleo ao que acontecía no resto de Galicia e España. Tal e como afirma Dionísio Pereira, cando o “capitalismo chega ao mar” comeza un proceso de eclosión cuxos ecos podemos atopar xa no século XIX. Nese momento, existiría entre a poboación mariñeira a percepción de desenvolveren un traballo duro e pouco agradecido que precisa ser compensado coa acción colectiva. No ano 1864 desaparecerían de xeito forzado os *Gremios do Mar*, o que traería consigo a perda das súas funcións benéfica, de socorro e organizativa. Isto produciría a reacción de institucións como a Igrexa e voces do catolicismo social como Alfredo Brañas, conscientes de que as precarias condicións dos traballadores do mar precisaban de recursos que as paliasen. Así, algúns destes Gremios acabarían por converterse en *Sociedades de Socorro Mutuo* ou similares.⁹⁸

Na Guarda o *Gremio do Mar* reformaríase, conservando unhas mínimas tarefas benéficas sobre todo relacionadas coa atención a doentes e pequenas axudas ao enterramento (por exemplo, o quiñón entregado ás viúvas dos volanteiros en caso de desgraza). Ao mesmo tempo, esta sorte de organización comunitaria propia da clase mariñeira aínda viviría, materializándose por exemplo na posta en común de barcos e aparellos, por exemplo das traíñeiras.⁹⁹ Neste sentido, nunha serie de documentos atopados por Eliseo Alonso no devir do seu traballo etnográfico sobre o barrio da Marina, podemos confirmar a existencia dalgún tipo de institución, que, con límites moi febles e indefinidos, mantiña estas labores de mínima protección social. Nun documento datado en 1870 parece que se constata a existencia, efectivamente, dun gremio: “Teniéndole el entierro y sufragios como a los demás matriculados del Gremio de Mar de ese puerto, según costumbre”. Na mesma liña, un testamento do ano 1891 manifesta que “es

⁹⁸ Taboada Mella, María Salomé, *A Confraría de Pescadores como corporación privada*, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Santiago de Compostela, 2006, p. 61.

⁹⁹ Pereira, Dionísio, *Loita de clases e repersión franquista no mar (1863-1939)*, Xerais, Vigo, 2011, p. 62.

hermana de la *Cofradía de Animas* de la Marina de esta villa (Guardia) y además del funeral que dicha Cofradía sufraga a cada uno de sus hermanos difuntos, quiere que se inviertan por su alma en misas y demás sufragios la cantidad de ciento doce reales”.¹⁰⁰

O pulo definitivo ao asociacionismo mariñeiro acontecería na última década do XIX, en relación coa expansión do agrarismo e o obreirismo e co impresionante desenvolvemento da industria pesqueira, coa apertura de novos mercados interiores, o despegue das conserveiras e a evolución das técnicas de pesca. A partires da chamada “guerra das traíñas” (1897-1905), producida pola introdución dese rápido modelo de embarcación máis intensivo en detrimento dos xeitos, o asociacionismo mariñeiro despegou definitivamente. Só entre 1899 e 1902 constituiríanse na provincia de Pontevedra corenta e dúas sociedades de carácter mixto e de finalidade claramente mutualista.¹⁰¹

Ao mesmo tempo, dende inicios de século teríase iniciado no Estado español un proceso de intervencionismo legal no panorama social, cando xa no 1900 Eduardo Dato promulga varias leis que pretenden regular as condicións laborais e sociais da poboación. Unha das medidas sería o intento de reorganizar as institucións societarias existentes. Así, mediante a Ley 23/1/1906 as sociedades de socorros mutuos e similares pasarían a estar baixo o poder do Ministerio de Fomento. Dous anos máis tarde, coa Ley 27/2/1908, crearíase o *Instituto Nacional de Previsión* (INP) para a “previsión e auxilio social dos traballadores en xeral”.¹⁰²

No caso guardés, sabemos da existencia dunha asociación mariñeira de beneficencia que recibía ao nome de *Auxilio Marítimo*. Esta tería presentado o seu regulamento o 8 de xuño de 1905, sendo autorizada polo Gobernador Civil o 7 de setembro de 1907.¹⁰³ Estaba presidida polo indiano Manuel Álvarez, e tiña como obxectivo o ser unha mutua de protección e a defensa da industria marítima.¹⁰⁴ Sen embargo, teríamos que agardar máis dunha década para volver coñecer da existencia de institucións orientadas á organización e axuda da clase mariñeira.

A aparición dun novo tipo de relacións laborais, que nos grandes portos comezaron a achegarse cada vez máis ás do traballo industrial, cun tipo de pesca baseado na rendibilidade dos investimentos, foi o contexto preciso para que agromasen as primeiras asociacións cuxo carácter transcendía á protección social, é dicir, as primeiras sociedades de resistencia. Nas

¹⁰⁰ Alonso, “Mariñeiros das gamelas”, pp. 115-127.

¹⁰¹ Pereira, *Loita de clases...*, pp. 75-77.

¹⁰² Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores...*, pp. 69-81.

¹⁰³ Villa Álvarez, Joaquín Miguel, *Sindicalismo no Baixo Miño: (1930-1936): o predominio do agrarismo tomiñés*, Concello da Guarda e Unión Comarcal de CCOO de Vigo, A Guarda e Vigo, 2003, pp. 195-212.

¹⁰⁴ Pereira, *Loita de clases...*, p.88.

dúas primeiras décadas do século XX o número de enfrontamentos nos principais portos galegos aumentaría substancialmente, derivando na creación por parte da patronal de entidades que representasen os intereses de armadores e propietarios, entre os que había nomes propios por suposto do ámbito guardés.¹⁰⁵

3.2.O NACEMENTO DOS PÓSITOS DE PESCADORES.

Previa e paralelamente á aparición dos primeiros sindicatos mariñeiros de clase, tería lugar o nacemento dos *Pósitos de Pescadores*, asociacións cooperativas impulsadas polo mariño e sociólogo ferrolán Alfredo Saralegui nun contexto no que a mobilización arredor da situación social, cultural e económica dos pescadores estaba en auxe. Xa na primeira década do século XX existía unha preocupación salientábel en certas localidades pola situación da poboación mariñeira, expresada a través da prensa local e obras de corte social e económico. Isto iría da man da eclosión nestes anos das xa explicadas asociacións mariñeiras de beneficencia.¹⁰⁶

Nesta liña apoiaríase Saralegui ao iniciar o seu proxecto: organizar unha rede de institucións de corte cooperativista nos portos españois. A traxectoria de Saralegui como mariño marcou a súa relación co mar e quen del vivía. Dende principios de século interveu na creación de *Cooperativas Obreras de Pescadores* nos portos nos que era destinado. A partires da galerna sufrida en Lequeitio no 1912, publicaría asiduamente artigos en diversos xornais e gacetas nos que evidenciaba a necesidade dun organismo nacional protector dos pescadores.¹⁰⁷

Saralegui buscaba conseguir o seu proxecto tanto co apoio económico e político do poder central, que lle permitiría institucionalizalo, como espallando as súas ideas a través da propaganda. No 1915 o ferrolán, eleva ata o *Instituto de Reformas Sociales* (IRS) un proxecto polo cal pretendía estender a *Asociación Protectora del Pescador* vixente en Almería, a todo o litoral. Buscaba tamén conseguir a atención dos Ministerios de Marina e Fomento (este por estärenlle vencellados os *Pósitos Agrícolas* dende o 1906) para que o apoiasen.¹⁰⁸ É xusto por isto polo que podemos comprender a escolla do nome de *pósito* para a nova institución.¹⁰⁹

A idea sería moi ben acollida polo IRS e para 1916 Saralegui xa tivera a oportunidade de presentar o seu proxecto ante o presidente do Instituto, Gumersindo de Azcárate, e os ministros

¹⁰⁵ *Ibid.*, p. 92.

¹⁰⁶ Ansola Fernández, Alberto, *Los pósitos de pescadores: una inusitada aventura reformista (1917-1943)*, Ediciones Universidad de Cantabria, Santander, 2021, pp. 83-101.

¹⁰⁷ Sánchez Blanco, Jerónimo, *Crédito Social Pesquero*, Publicaciones del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid, 1992, pp. 24-28.

¹⁰⁸ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 83-101.

¹⁰⁹ Sánchez Blanco, *Crédito Social Pesquero*, pp. 28-38.

de Marina, Augusto Miranda, e Fomento, Rafael Gasset. Aínda que o proxecto fracasaría debido a un cambio no goberno, Saralegui aproveitaría a súa presenza en Madrid para relacionarse con persoeiros que puideran axudalo nas súas ambicións. Entre eles estaría Odón de Buen, director do *Instituto Español de Oceanografía* (IEO), quen acabou por nomear ao ferrolán como agregado da *Dirección General de Navegación y Pesca* en Madrid no 1917. Neste punto podemos rastrexar o inicio na actividade dos primeiros *Pósitos de Pescadores*. Ao mesmo tempo, conseguiría que o Ministerio de Marina recoñecese aos pósitos como fórmula asociativa, o que deu o empurrón definitivo á constitución dos primeiros.¹¹⁰

Crearíase así o regulamento dos pósitos, divididos en cinco seccións: de socorros mutuos, de caixa de préstamo, de venda de produtos da pesca, de cooperativas e de montepío. Aparecerían tamén novos elementos: unha das principais preocupacións de Saralegui era a relación dos mariñeiros co alcohol e os espazos de lecer, polo que abordaría a creación en cada porto dunha Casa do Pescador, un centro recreativo e cultural que substituíse ás tabernas para combater o alcoholismo. Por outra banda, incentivou a creación de cooperativas que buscaban aumentar a produción de peixe e incluso redistribuír e colectivizar os beneficios e medios de produción.¹¹¹

A Real Orden de 5/1/1918 traería consigo unha serie de cambios legais, pois recollía cales eran os principais problemas dos traballadores do mar, ao tempo que prevía establecer seguros de vellez, invalidez, enfermidade, paro involuntario, perda de apeiros e embarcacións, contemplando a axuda aos máis necesitados, fomentando a creación de institucións de crédito, aforro e previsión, loitando contra o analfabetismo e o alcoholismo e en xeral establecendo medidas para elevar o nivel sociocultural e moral dos pescadores.¹¹²

Entre 1917 e 1919 o ferrolán conseguiría espallar os pósitos por toda a xeografía cunha intensa campaña de propaganda porto a porto. Se ben nos portos máis pequenos a capacidade de persuasión e os medios cos que contaba Saralegui fixeron que a idea calase con certa facilidade, nas zonas cun movemento asociativo de clase ou un arraigamento tradicionalista vencellado a outras organizacións como as confrarías, como en Euskadi, houbo máis reticencias.¹¹³

Volvendo a inspirarse nas políticas agrarias do *Pósito Agrícola*, Saralegui avogaríala pola presentación da *Caja Central de Crédito Marítimo* (CCCM).¹¹⁴ Esta sería aprobada polo Real

¹¹⁰ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 83-101.

¹¹¹ *Ibid.*, pp. 83-101.

¹¹² Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores...*, pp. 69-81.

¹¹³ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 83-101.

¹¹⁴ *Ibid.*, pp. 83-101.

Decreto de 9/10/1919, como unha “institución cooperativa de crédito popular [...] dependiente del Ministerio de Marina, con personalidad jurídica propia e independente en su funcionamiento de todo organismo oficial”.¹¹⁵ Aínda que semellaba estar creada co gallo de fomentar o crédito entre calquera cooperativa de pescadores, estaba claramente pensada para financiar aos pósitos. Así, o reformismo social pesqueiro ía da man do intervencionismo estatal, que exercía o seu poder a través dun CCCM que emitía préstamos aos pósitos.¹¹⁶

Coa Ditadura de Primo de Rivera, faise palpábel unha crise xeral das *Sociedades de Socorros Mutuos* que ata ese momento subsistiran, creándose un panorama contrario á continuación destas mutualidades tradicionais.¹¹⁷ Se ben ata o 1919 foran creados dezasete pósitos que contaban con 4.963 socios, nos dez anos seguintes nacerían 173 máis, sumando 28.765 socios. Galicia sería a rexión onde máis pósitos chegaría a haber, case sesenta para 1935. Durante a Ditadura o discurso e finalidades dos pósitos terían derivado cara unha vía moi achegada ao corporativismo primorriverista. Así, o reformismo pesqueiro sostería dous grandes obxectivos: o moral e o “nacional”, que pretendía “evitar, siempre que sea posible, la lucha entre los elementos básicos de la producción, el capital y el trabajo”.¹¹⁸ Isto contrastaba coa postura ambigua de Saralegui durante os primeiros anos, cando afirmaba que as sociedades de resistencia “cuando están bien dirigidas, son en muchas ocasiones de gran utilidad para oponerse al desmedido afán de lucro de ciertos armadores”. Énos, entón, máis posíbel comprender o papel que puideron chegar a ter os pósitos na represión do asociacionismo obreiro. Moi claro podemos albiscalo nas verbas de Rodolfo Viñas, man dereita de Saralegui:

“[...] el peligro de una lucha social de este carácter ha desaparecido. [...] Los pescadores, que en los pasados años intentaron crear Sociedades de resistencia, se sienten hoy amparados en los Pósitos y van incorporándose a la vida activa del país, pidiendo puestos en los organismos sociales y económicos y solicitando que se les haga partícipes de los beneficios de la legislación obrera.”¹¹⁹

O 3 de outubro de 1920 fora constituída na Guarda a *Alianza Marítima Guardesa. Sindicato de Pescadores*, organización ideoloxicamente achegada á UGT. Precisamente podemos intuír que desapareceu (como moitas de etioloxía similar) coa chegada da ditadura de Primo de Rivera, pois sabemos que para o ano 1930 xa non existía.¹²⁰ Os portos pequenos serían os máis afectados por esta represión, pois só nas dúas principais cidades se mantería certo pulo

¹¹⁵ Sánchez Blanco, *Crédito Social Pesquero*, pp. 45-48.

¹¹⁶ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 83-101.

¹¹⁷ Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores...*, pp. 69-81.

¹¹⁸ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 101-115 e 125.

¹¹⁹ Pereira, *Loita de clases...*, pp. 134-135.

¹²⁰ Villa Álvarez, *Sindicalismo no Baixo Miño...*, pp. 195-212.

anarquista coa creación (fracasada) da *Federación Regional Marítima* no 1926. As autoridades, os armadores e a Igrexa tiveron un papel chave neste proceso de desmembramento do tecido asociativo. A súa estratexia baseouse no debilitamento das institucións creando divisións e exercendo presión sobre aqueles elementos con máis recursos, instándoos a crear novas sociedades afastadas do pulo “revolucionario”, é dicir, os pósitos.¹²¹ Neste senso, o discurso de Saralegui situaba aos pósitos como un elemento que facía valer a súa capacidade para esquivar os problemas das asociacións de clase, conseguindo conter aos discursos máis rompedores que pretendesen rematar coa paz social.¹²²

Neste contexto é posible comprendermos a aparición no 1921 do *Pósito de Pescadores* na Guarda, do que só sabemos que presentou o seu regulamento o 28 de maio de 1921, sendo constituído legalmente o 17 de xaneiro de 1922.¹²³ En 1930 contaba, segundo unha memoria presentada por Saralegui ao ISM, con 390 socios, aínda que cando tentamos rastrexar ao pósito guardés na listaxe do mesmo estilo realizada no ano 1937 pola CCCM, non hai rastro del.¹²⁴

Porén, a capacidade de acción dos pósitos tería sido irregular. Certas seccións funcionaban mellor ca outras, sendo complexo implantar as cooperativas de consumo ou a venda directa dos produtos de pesca. Ademais, ambicións como as Casas do Pescador cumpriríanse parcialmente. Tampouco podemos afirmar que os pósitos conseguisen o seu obxectivo de acadar a paz social, a unión de todos os traballadores do mar e a mellora das condicións de vida. A acción destas institucións tería sido limitada en canto a que ignoraban aos traballadores asalariados das cada vez máis numerosas embarcacións de altura, ao tempo que tampouco atendían ás necesidades das labores de baixura. Así, Ansola considera que probablemente tralo o caso da Ditadura de Primo de Rivera, que xerou un contexto ideal para a administración dos pósitos, estas organizacións contribuísen á radicalización da clase pescadora.¹²⁵

3.3.A ECLOSIÓN DEFINITIVA DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO DE CLASE NA GUARDA.

Coa chegada da II República, acelerouse un proceso que xa iniciara tralo afundimento de catro vapores de Bouzas en febreiro de 1930: o do establecemento como forza maioritaria dentro do asociacionismo obreiro dos sindicatos encadrados na CNT. Así, dende o verán de 1931, numerosas sociedades mariñeiras acabarían por integrarse na *Confederación Regional Galaica*

¹²¹ Pereira, *Loita de clases...*, pp. 89-121.

¹²² Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 101-115.

¹²³ Villa Álvarez, *Sindicalismo no Baixo Miño...*, pp. 195-212.

¹²⁴ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 136-152.

¹²⁵ *Ibid.*, pp. 135.

(CRG), procedentes da UGT ou sendo antigas sociedades mariñeiras, convertidas en *Sindicatos de Industria Pesquera*.¹²⁶ Deste proceso non sería allea A Guarda.

As circunstancias políticas da Marina permitiron a aparición de organizacións que intentarían actuar ante a grande cantidade de problemáticas e queixas aparecidas en medios como o *Heraldo Guardés* durante os anos trinta. A fundación en Vigo no 1934 da *Casa del Pescador*, volveu a poñer sobre a palestra a necesidade de que a clase mariñeira guardesa se organizase: “debido a no estar agrupados los marineros de La Guardia en una sociedad potente para que puedan pedir o exigir lo que en derecho les corresponde”.¹²⁷ Unha vez instaurada a II República, a ilusión polo cambio na Marina levou a que se convocase en maio de 1931 unha reunión por parte dunha comisión impulsada por Emilio Goyás e Antonio Lomba. Este encontro sería seica multitudinario, e acabarían por establecerse unha serie de elementos como “de urgentísima necesidad”: un grupo escolar, a draga do porto, obras xerais no mesmo coa incorporación de dúas farolas-guía, un poste eléctrico na Atalaia, nomeamento dun axudante de mariña na Guarda e a edificación dunha lonxa.¹²⁸ Que aparecese unha columna destas características para no 1930 pode efectivamente indicarnos a incapacidade ou perda de funcións do pósito da Guarda.

Sabemos que algunhas destas reclamacións non serían atendidas, mais acabaría por ser enviado un axudante de mariña, Luis Martínez López, figura chave na creación no 1933 dun padroado chamado *La Vejez del Marino*, coa finalidade de “ayudar a los marineros ancianos [con] un pequeño auxilio diario, con el que puedan pasar siquiera medianamente los últimos días de su vida”. Segundo o fundador, o padroado teríase formado en cumprimento a unha orde ministerial do 9 de xullo de 1926, mais a organización non estaría tutelada polo Estado, polo que o seu funcionamento dependeu da xenerosidade dos guardeses. A súa función era conceder pensións a mariñeiros vellos, para o cal foi creado un fondo de reserva que permitise asegurar unha pensión fixa ante o carácter variable da caridade. As pensións eran repartidas trala reunión do padroado, que estudaba os méritos e circunstancias socioeconómicas dos solicitantes. En febreiro de 1935, solicitarían esta axuda de 365 pesetas anuais, once anciáns, dos que sete a obterían, quedando tres na reserva en caso de vacante.¹²⁹

¹²⁶ Pereira, *Loita de clases...*, pp. 157-181.

¹²⁷ Villa Álvarez, *Sindicalismo no Baixo Miño...*, pp. 167-170.

¹²⁸ *Ibid.*, pp. 167-170.

¹²⁹ *Ibid.*, pp. 195-212.

Tamén en relación ás escolas houbo avances. Se ben a Marina contaba dende o 1914 cunha Escuela Nacional de Niños, da que era profesor don Eloy Vidal Salgado e posteriormente don Miguel Rodríguez Garrido,¹³⁰ en abril de 1934 fundaríase a Escuela de Orientación Marítima, tras reunirse o Alcalde Antolín Silva, o Inspector Municipal de Sanidade José Álvarez, o Mestre de Obras Dámaso R. Trigo, o Inspector de 1ª Ensinanza Juan Novás e o Secretario do Concello Adolfo Mosquera. Neste senso, cómpre termos en conta que coa chegada da II República, moitos pósitos anteriormente controlados por armadores, tomaron unha deriva claramente esquerdista, o que produciría a súa afiliación a sindicatos de clase colectiva ou individualmente. Neste proceso sería de moita relevancia a intervención de mestres novos nas escolas dos pósitos e das áreas mariñeiras, como tería sido o caso da Guarda coa presenza dende 1934 de Ramiro Alfonso Castro Dono, fundador do Partido Galeguista na vila. A nova escola estaría situada no edificio propiedade de Consuelo Pérez, viúva de Candeira. Pola súa banda, debemos precisar que esta nova escola era masculina, polo que as rapazas irían á Nacional de Niñas da Marina, da que estaba á fronte no 1934 Margarita Beltrán Herrín.¹³¹

Desta forma, durante a II República o benestar da clase mariñeira guardesa volvía a depender da caridade, que proviría dos grandes protagonistas da vida económica e social da vila. Esta situación semellaba endémica, como apuntaba no 1934 un artigo do *Heraldo Guardés* asinado por “Un mariñeiro”, que afirmaba que “La Marina de La Guardia es ya demasiado resignada, por cuanto se perjudica. La falta de unión y de carácter para pedir las cosas, es el motivo principal de que esté abandonada y la falta de los mejores resortes para su buena marcha”.¹³²

Habería que esperar ata 1936 para asistirmos ao despegue definitivo do asociacionismo mariñeiro guardés. En xaneiro aparecería un artigo no semanario *Nuevo Heraldo* titulado “¿Llegó la hora?”. Nel narrábase a concorrida reunión dunha comisión de mozos do barrio da Marina o domingo anterior. A súa finalidade tería sido a de “llegar a la constitución de una sociedad que agrupe a todos los trabajadores para la defensa de sus intereses”. O cambio no discurso era evidente:

“Registramos con gran satisfacción este hecho revelador de que las inquietudes de las horas que vive nuestra patria no pasan desapercibidas y van prendiendo en la juventud de nuestra Marina, hasta hoy desarticulada y sin organización, que la ponga al cubierto de las asechanzas de cristianísimos armadores que les imponen condiciones leoninas, a quienes a todas horas se juegan la vida y tienen derecho a un tratao más humano y equitativo. ¡Adelante marineros!”¹³³

¹³⁰ Arquivo municipal da Guarda, unidade 1528, expediente 2.

¹³¹ Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

¹³² Villa Álvarez, *Sindicalismo no Baixo Miño...*, pp. 195-212.

¹³³ *Ibid.*, pp. 195-212.

A comprensión deste incipiente fenómeno é imposible sen coñecer a realidade do movemento anarcosindicalista na Guarda a través do sindicato “de terra” *Federación Obrera*. Este teríase constituído en xuño de 1931, trala existencia previo á ditadura de Primo de Rivera do *Centro de Oficios y Profesiones Varias* (1919-1923). Deste sindicato formarían parte guardeses como Manuel e Juan Noya Gil, Nemesio Álvarez ou Manuel Domínguez Pacheco *Taxota*.¹³⁴ Se ben Dionísio Pereira afirma que na Guarda estimaríanse uns 100 membros pertencentes a *Industria Pesquera* para 1932¹³⁵, non temos máis outra información que confirme estas cifras. Porén, podemos afirmar que sen a existencia deste movemento anarcosindicalista, os pasos dados polo sindicalismo mariñeiro non terían contado co mesmo pulo e respaldo.

O mércores 5 de febreiro de 1936, no local de *Federación Obrera*, tería lugar unha reunión na que se pretendería constituír un sindicato pesqueiro no que ficasen agrupados todos os traballadores do mar para “a defensa dos seus intereses de clase”. Intervirían Manuel Noya, como parte da comisión organizadora, Manuel Fandiño, secretario xeral da *Federación General de la Industria Pesquera*, e Germán Parga, presidente da mesma. O ton empregado nas intervencións volvería a deixar claro o compoñente de clase inherente á organización:

“que todavía tienen el cinismo de presentarse como sus protectores, cuando en realidad son los tiranos más despiadados”. “Demostrad a vuestros enemigos de clase que ya sois mayores de edad y no necesitáis tutores que os mangoneen, ni consejos interesados de los que ponen especial empeño en que permanezcáis divididos para mejor sojuzgaros”¹³⁶

O 16 de maio tería lugar unha segunda asemblea no local de *Federación Obrera* na que quedaría constituído definitivamente o *Sindicato de Industria Pesquera “Nueva Marina”*. O comité directivo sería o seguinte: Antonio Domínguez Pacheco como presidente, Domingo Gómez Martínez coma secretario xeral, José Alonso Baz coma vicesecretario, Benito Lomba Lomba como contador, Ángel Lomba Alonso como tesoureiro e Benito Lomba, José Manuel Martínez Lomba, Manuel Cadilla Alonso e Anselmo Martínez coma vogais.¹³⁷

A continuación Manuel Noya, representante da internacional anarquista na Guarda tomaría a palabra, expresando que “LA CNT es la antorcha que ilumina el camino de su redención a todos los desheredados”. Juliano Díez Álvarez, chamaría a atención sobre o contraste entre a vida dos mariñeiros e os seus explotadores, e a importancia da organización e a formación intelectual. Para rematar, Castro Dono culparía á “actual sociedad capitalista” e aos “falsos

¹³⁴ *Ibid.*, pp. 167-170.

¹³⁵ Pereira, *Loita de clases...*, p. 459.

¹³⁶ Villa Álvarez, *Sindicalismo no Baixo Miño...*, pp. 195-212.

¹³⁷ *Ibid.*, pp. 195-212.

ministros de Cristo” das duras condicións de vida dos mariñeiros. Acabaría por acordarse que o sindicato se inserise na organización sindical da CNT, así como na *Industria Pesquera*.¹³⁸ Segundo Dionísio Pereira, para xullo de 1936, a afiliación á *Industria Pesquera* da Guarda sería dunhas 300 persoas.¹³⁹ O Golpe de Estado dese mesmo mes impediría que esta nova organización tivese máis percorrido.

3.4. GOLPE DE ESTADO E REPRESIÓN: O FIN DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO DE CLASE NA GUARDA.

Ata o día 27 de xullo de 1936, A Guarda mantívose fiel á República. A *Federación Obrera* guardesa procuraría mobilizar aos seus afiliados a través dun chamamento “Todos en pié para cortarle el paso a la bestia sanguinaria!”. O día 26 as tropas entrarían en Tui, chegando á Guarda a primeira hora da tarde. Sería neste punto que empezaría o pulo represivo na vila e a súa contorna. Á maioría dos apresados se lles acusaría de teren participado nos sucesos dos días previos, e serían levados ao Colexio dos Xesuítas na Pasaxe. O 10 de agosto, tras varios días de detencións, presentárase na vila o capitán Teresa, da Garda Civil de Vigo, xunto co tenente de carabineiros Salvador Buhigas, coa intención fusilar a trinta detidos. Francisco Moreno, armador nomeado alcalde, conseguiría que fosen fusilados cinco. O día 15 pola noite, Moreno, quen tamén tería ofrecido a Brasilino Álvarez, derradeiro alcalde republicano, a posibilidade de fuxir, sería substituído por Nicolás Alonso Linares, por ser “demasiado brando”.¹⁴⁰

Dende este momento, o poder local pasou a estar nas mans de individuos pertencentes ás oligarquías da vila, recentemente afiliados á Falange e, por suposto, mais ideoloxicamente comprometidos coas forzas sublevadas, a “causa nacional” e novo proxecto de estado. O control por parte da Falange das corporacións municipais, xunto coa importancia das redes de influencia caciquís, condicionarían dende este momento como é que se estableceron as dinámicas de poder en todas as aldeas, vilas e cidades galegas.¹⁴¹

As lóxicas da represión na Guarda invítannos a falar sobre a importancia que tiveron entre os represores aqueles individuos que buscaban borrar militancias pasadas e aqueles politicamente convencidos, comerciantes, rendistas e profesionais liberais. A presenza e incidencia real das

¹³⁸ *Ibid.*, pp. 195-212.

¹³⁹ Pereira, *Loita de clases...*, p. 459.

¹⁴⁰ Pantaleón Cadilla, Xurxo, “A Guarda” en Wouters, Marc (ed.), *1936. Os primeiros días. Historia oral de Vigo, Betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense*, Xerais, Vigo, 1993, pp. 73-91.

¹⁴¹ Presas Sobrado, Adrián, “Cuando el vecino no elegía al alcalde: la selección de los poderes locales”, en Fernández Prieto, Lourenxo e Leira Castiñeira, Francisco J. (eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Universitat de València, València, 2023.

milicias e a falanxe, de grande calado en outros moitos contextos represivos¹⁴², queda desdebuxada no caso da Guarda a expensas dunha máis profunda pescuda ao respecto. Entre os nomes dos represaliados, énos de especial interese o localizarmos a aqueles relacionados co movemento sindicalista da *Federación Obrera* e, especialmente, do *Sindicato de Industria Pesquera “Nueva Marina”*. De entre os membros da sección local da CNT, Manuel Noya sería paseado o 25 de agosto, tras ser atopado no seu agocho, levado a Tui, interrogado e torturado. Nemesio Álvarez tamén sería paseado o 12 de agosto na Volta da Moura, tras ser xulgado por rebelión militar. Elidio Álvarez morrería afogado no Miño, mentres intentaba pasar a Portugal co seu pai o 25 de outubro.¹⁴³

Na costa galega, os militantes dos sindicatos de pescadores e de industria pesqueira foron das principais vítimas da violencia represiva perpetrada polos falanxistas. Tan só no Baixo Miño, sucedéronse grandes masacres con mariñeiros sindicados coma vítimas. Por exemplo, na Volta dos Nove foron fusilados en xullo de 1936 nove mariñeiros, maioritariamente de Baiona e Panxón (Nigrán) e afiliados á CNT. En Priegue, tamén Nigrán, de 250 mariñeiros afiliados sobre todo ao *Sindicato de Marineros* da CNT, dez foron asasinados.¹⁴⁴

Entre os cinco fusilados o 10 de agosto, estaban Antonio Domínguez Pacheco e Ángel Santos Domínguez Pacheco, de 32 e 35 anos, ambos os dous figuras chave no desenvolvemento de “*Nueva Marina*”. Porén, non son os únicos nomes propios vinculados ao sindicato pesqueiro que debemos amentar: Jesús Domínguez Pacheco, irmán dos anteriores, sería xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión de dezaseis anos, mentres que Domingo Gómez, o secretario xeral, tería sido impedido embarcar durante meses. As mulleres tamén serían fortemente represaliadas: a dona de Manuel Domínguez Pacheco (outro irmán) sería desterrada a Salvaterra, mentres que as esposas dos fusilados sufrirían o escarnio público e a miseria de teren que sacar ás súas familias adiante sen sustento de ningún tipo.¹⁴⁵

Tamén algúns dos participantes na reunión do 16 de maio serían represaliados. Juliano Díez sería detido e xulgado por rebelión militar co resultado de pena de morte, e executado en Tui o 9 de decembro de 1936. Alfonso Castro, agocharíase na casa de Manuel García Barros "Ken

¹⁴² Carbajo, Judith, “Os outros nomes das mesmas voces. Identificación de verdugos, relatos e lóxicas da persecución golpista franquista” en Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez Macho, Antonio ((eds), *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Editorial Galaxia, Vigo, 2018.

¹⁴³ Nomes e Voces, Base de datos das vítimas, Álvarez Silva, Elidio Rodrigo, <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=elidio+%C3%A1lvarez>

¹⁴⁴ Pereira, *Loita de clases...*, p. 291.

¹⁴⁵ Manuel Domínguez Pacheco “Taxota”, Proxecto Socheo, 2012, <https://www.youtube.com/watch?v=WBSBqxezzfM>

Keirades". En setembro sería suspendido de emprego e soldo.¹⁴⁶ Tamén sería depurada a mestra da escola para nenas, Margarita Beltrán.¹⁴⁷ Os mariñeiros de a pé tamén sufrirían a represión e a violencia nas súas carnes. Varios falanxistas obrigaron aos veciños Domingo Gómez o *Coisa* e Alfredo Martínez o *Sara* a beber unha inxente cantidade de aceite de riciño. A ningún dos dous se lles coñecía actividade política, mais as consecuencias psicolóxicas foron tales que o *Coisa* chegaría a alcumar ao seu pequeno barco "Francisco Franco".¹⁴⁸ Tamén así o relataría outro mariñeiro, vítima dunha malleira por parte de dous gardas civís ao pedirilles que lle devolverse unha navalla que lle quitaran ao cachealo: "Caille de peso, pero...os guardia-civiles que raio entenden de mar nin de nada."¹⁴⁹

Da outra banda, Dionísio Pereira rastrea o nome de cinco guardeses, catro armadores e un exportador de marisco, que se afiliarian á Falange tralo Golpe: Manuel Alonso Cadilla, Ramón Gándara Álvarez, Francisco Antonio Moreno Álvarez, Pedro Saracho Arechavala e Marcelino Silva González.¹⁵⁰ Entre eles estaba, efectivamente o, por un breve tempo, alcalde da vila.

4. A COFRADÍA DE PESCADORES "SANTA TECLA": ORIXES NO MARCO DAS POLÍTICAS PARA TRABALLADORES DO MAR DO FRANQUISMO.

O nacemento da *Cofradía de Pescadores "Santa Tecla"* produciuse nun contexto específico, o da eclosión das políticas sociais para mariñeiros por parte do aparato franquista. Deste xeito, neste apartado tentaremos inserirnos na comprensión destas políticas e da súa influencia na creación das Cofradías de Pescadores en xeral e do caso guardés en particular.

4.1.A POLÍTICA SOCIAL PARA OS TRABALLADORES DO MAR NO PRIMEIRO FRANQUISMO.

Unha das principais vontades do Réxime franquista durante os seus primeiros anos tería sido conseguir atraer e nacionalizar á clase traballadora de todos os puntos do Estado. Desta forma, dende a *Organización Sindical Española* (OSE), o *Ministerio de Trabajo* e o *Ministerio de Agricultura*, o concepto de "xustiza social" converteríase nun dos elementos centrais dentro do novo discurso político. Isto acontecería en todos os colectivos de traballadores, mais non do mesmo xeito nin coa mesma intensidade. Neste novo sistema de previsión social, o papel do Ministerio de Trabajo, dirixido dende 1941 polo falanxista José Antonio Girón de Velasco, sería chave. Na súa política social, de carácter proselitista, a desmobilización da clase obreira

¹⁴⁶ Pantaleón Cadilla, "A Guarda", pp. 73-91.

¹⁴⁷ Buscar combatientes, buscador de la Guerra Civil española, Beltrán Hellín, Margarita, <https://buscar.combatientes.es/resultados/MARGARITA/Beltran/Herrerin>

¹⁴⁸ Noya, *Fuxidos*, p. 232.

¹⁴⁹ Pantaleón Cadilla, "A Guarda", pp. 73-91.

¹⁵⁰ Pereira, *Loita de clases...*, p. 466.

e das súas reclamas pasaba inexorablemente pola utilización da propaganda como arma política.¹⁵¹ Porén, mentres na industria o vello paternalismo da patronal solaparíase cos novos mecanismos de control do Réxime, nos sectores agrario e pesqueiro o Estado asumiu un papel preponderante.¹⁵²

A política social pesqueira tivo así unha serie de características particulares, entre as que destaca a ausencia no seu seo de tensións entre tendencias políticas, ao non ter sufrido as loitas de poder que si se experimentaron por exemplo co campesiñado entre as organizacións católicas e a Falange. Segundo Ansola, tras desta relativa facilidade coa que se desenvolveron as cousas estarían dúas figuras: Alfredo Saralegui e Pascual Díez de Rivera, Marqués de Valterra.¹⁵³

Coa chegada da República, un Saralegui anteriormente rodeado de individuos pertencentes a diversas correntes políticas, acabaría por saír en defensa daqueles elementos máis católicos vinculados ao *Instituto Social de la Marina* (ISM), como o Marqués de Valterra. Emporiso, coa chegada da Guerra Civil, os papeis de ambos tomarían rumbos moi diferentes. Mentres que Saralegui sería destituído do ISM e perseguido (como di Ansola “por non se sabe ben que bando”), o Marqués de Valterra uniríase aos sublevados. Díez de Rivera era Capitán de Fragata, e xa colaborara con Saralegui e o ISM durante os anos trinta, destacando pola súa ideoloxía de profundo corte católico. Este non desaproveitaría en ningún momento a oportunidade de tomar un papel preponderante na política social para pescadores, e no 1938, mentres os defensores de Saralegui, amparados polo *Ministerio de Organización y Acción Social* organizaban un relatorio en Burgos para falar das bonanzas dos pósitos, conseguiría que o *Ministerio de Industria y Comercio* o destinase como Jefe del Servicio Nacional de Pesca Marítima na mesma urbe. Ante a vontade de ámbolos dous ministerios por asumiren as competencias pesqueiras, Franco interviría, situando ao Marqués de Valterra como responsábel da reconstitución do ISM. Isto non implicaría que dende certas faccións do bando sublevado, se seguise reclamando e honrado á figura do que chegaban a denominar como o “padre de los pescadores”, aínda que Díez de Rivera tiña a intención de facer desaparecer á figura e obra do seu predecesor. Deste xeito, cando Saralegui reapareceu ao rematar a guerra, non conseguiu recuperar o mando do ISM, senón que foi incorporado como Asesor Técnico de la *Dirección General de Pesca* (DGP)

¹⁵¹ Molinero, Carme, *La captación de las masas*, Cátedra, Madrid, 2005, pp. 86-108.

¹⁵² Ansola Fernández, Alberto, “¡Arriba la pesca!: el discurso de la política social pesquera durante el Primer Franquismo”, *AREAS. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, nº27, 2008, pp. 95-103.

¹⁵³ *Ibid.*, pp. 95-103.

para ser logo funcionario do ISM e enlace entre o Ministerio de Trabajo e a mesma institución.¹⁵⁴

Así, trala Guerra Civil produciuse un cambio no discurso político respecto aos traballadores do mar. O Marqués de Valterra estaría ao mando do ISM ata 1952, sendo simultaneamente procurador en cortes, Almirante Jefe del Servicio Personal del *Ministerio de Marina* e Jefe del *Sindicato Nacional de Pesca* (SNP). Todo isto converteuno na persoa encol da que caía a responsabilidade da política social pesqueira, substituíndo o cooperativismo de Saralegui pola relixión e o sometemento ideolóxico, un discurso moito máis cargado de patriotismo e relixiosidade. Desta forma, a argumentación sostida por parte da nova cúpula da política pesqueira pivotaba arredor de dous elementos: o produtivismo e o paternalismo. O primeiro elemento nacía da necesidade derivada da fame da posguerra, considerándose a pesca coma un sector chave para a alimentación. Por outra banda, o paternalismo foi o elemento que máis importancia acadou dentro deste novo discurso: partiuse da base de que “os pescadores” eran unha poboación cunha personalidade moi singular, bos mais ignorantes, e que precisaban de axuda para saír das garras do marxismo, nas que caeran ante o seu pouco criterio.¹⁵⁵

Como foi comentado, os pósitos impregnáranse durante República de discursos sobre a loita de clases ou o ateísmo, o que os converteu unha figura incómoda para o novo Réxime.¹⁵⁶ É neste contexto no que situamos a “resurrección” das Cofradías como institución organizativa. Díez de Rivera, nunha conferencia pronunciada en Bilbao o 16 de xaneiro de 1939 xa evidenciaba cales eran as súas intencións arredor da reforma das confrarías. Nestas conferencias podemos comezar a atopar á nova política social para os traballadores do mar nunha fase de madurez.¹⁵⁷ Díez de Rivera comeza por louvar as bonanzas das antigas confrarías, que conectaban coas formas de asociacionismo mariñeiro características do Antigo Réxime e eran vistas como un modelo organizativo e moral a relixión tomaba unha predominancia evidente. Con todo, considera que o éxito do novo modelo sindical pesqueiro pasa por recuperar a figura das confrarías por todo o litoral, centrándose en como esta institución pon no centro a espiritualidade

“A las Cofradías de Pescadores tenemos que acudir como remedio de nuestros males pesqueros. Tienen una tradición, un arraigo, que vale un mundo, y con tan buena solera debemos engolfarnos -como dijo José Antonio- en la tarea de nuestro tiempo: devolver a los hombres los sabores antiguos de la norma y el pan. España rinde culto a su pasado, no lo dudemos, y su

¹⁵⁴ *Ibid.*, pp. 95-103.

¹⁵⁵ *Ibid.*, pp. 95-103 e Ansola Fernández,, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 29-34.

¹⁵⁶ Ansola Fernández,, *Los pósitos de pescadores...*, p. 161.

¹⁵⁷ *Ibid.*, p. 161.

pueblo es austero, practica la moral cristiana y adora a la familia; tiene instituciones propias cuya fisionomía no debe nunca desaparecer.”¹⁵⁸

É neste punto no que a substitución dos pósitos polas confrarías tomaría todo o sentido: aos elementos técnicos, económicos e sociais xa existentes engadiríanselle novos mecanismos de control social.¹⁵⁹ Así, moita da estrutura puramente organizativa foi herdada, eliminando os elementos máis problemáticos como as seccións de venda directa de peixe ou as cooperativas. Este “cambio de fachada” levou a Díez de Rivera a incorrer en moitas contradicións no discurso acerca da obra do seu predecesor, situándoo ás veces nunha sorte de zona de grises, sen poder nin recoñecer nin desprezar na súa totalidade o seu traballo.¹⁶⁰

Polo tanto, a recuperación das confrarías como modelo organizativo do sindicalismo vertical para traballadores do mar produciríase nun contexto no que as propias administracións e institucións franquistas estaban sendo construídas. É por elo que precisamos comprender mellor o proceso dende un punto de vista lexislativo e organizativo.

4.2. AS CONFRARÍAS DE PESCADORES: FUNCIONAMENTO DENTRO DO SINDICATO VERTICAL E O ISM. ORGANIZACIÓN INTERNA E FUNCIONS.

Se ben o marco ideolóxico que derivou na necesidade de substituír os vellos pósitos ten quedado exposto nas liñas anteriores, cómpre que tamén coñezamos o marco lexislativo e institucional no que foron creadas as confrarías. Isto é preciso para achegarnos aos seus límites e posibilidades como institución, pero tamén parra coñecermos o seu papel dentro do aparato sindical do Réxime e como se estruturaban as súas relacións con organismos como o ISM.

No ano 1938 promulgábase o Fuero del Trabajo, que pasaría a regular a actividade laboral no Estado español. Isto tería unha serie de consecuencias claras na organización sindical dos traballadores, que pasaría a estar controlada polo Partido Único de xeito corporativo¹⁶¹. Neste contexto, o Fuero apuntaría que:

“El Estado atenderá con máxima solicitud a los trabajadores del mar, dotándoles de instituciones adecuadas para impedir la depreciación de la mercancía y facilitarles el acceso a la propiedad de los elementos necesarios para el desempeño de su profesión.”¹⁶²

Pola súa banda, a través do Decreto de 6/12/1941, o SNP quedaría recoñecido como corporación de dereito público, inserida dentro da OSE, dependente da *Delegación Nacional*

¹⁵⁸ Díez de Rivera y Casares, Pascual, *La riqueza pesquera en España y las Cofradías de Pescadores*, Editora Nacional, Madrid, 1940, pp. 40-49.

¹⁵⁹ Ansola Fernández, *Los pósitos de pescadores...*, pp. 29-34.

¹⁶⁰ Ansola Fernández, “¡Arriba la pesca!...”, pp. 95-103.

¹⁶¹ Taboada Mella, María Salomé, *A Confraría de Pescadores tutelada polo Estado*, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Santiago de Compostela, 2006, p. 31.

¹⁶² *Fuero del Trabajo*. Boletín Oficial del Estado, 10 de marzo de 1938.

de Sindicatos FET-JONS.¹⁶³ A través do Decreto de 18/6/1938, reconstruíriase o ISM, reorganizado na Ley de 18/10/1941. Nesta última, dábase continuidade ao decreto de 1938, malia que se omitía calquera referencia á vida anterior do Instituto e a súa actividade. O ISM quedaba así coma un organismo dependente do falanxista Ministerio de Trabajo, mais con personalidade xurídica propia. Os fines atribuídos foron moi amplos: a acción cultural, profesional, asistencial e sanitaria, o impulso da industria marítima a través da concesión de créditos, a creación de sistemas de aforro e previsión, e, por suposto, a labor de transmitir os principios do Nacional Sindicalismo aos traballadores do mar.¹⁶⁴

“La evolución del Derecho social del Mar, la significación de la pesca marítima en el campo de la producción y trabajo nacional y la necesidad de amoldar la acción social que el Estado realiza bajo las normas y principios nacional-sindicalistas, hacen preciso que el nuevo Estado, sensible a las necesidades de nuestro extenso litoral y fiel a su decidido propósito de elevar a todo trance el nivel de vida del trabajador del mar, afronte la tarea de su inmediata realización. [...]”¹⁶⁵

Deste xeito, a través da Ley de Unidad Sindical do 26/1/1940 e a Ley Fundacional del Frente de Juventudes de 6/12/1940, toda institución coma gremios de pescadores, confrarías, pósitos etc. pasarían a estar baixo a tutela da Administración pública. Sería coa Orden do 31/3/1943 que se recuperaría a denominación de “Cofradías” para nomear ás corporacións de pescadores. Así pasan a ser corporacións de dereito público, sometidas á tutela do ISM e integradas no Sindicato Vertical. Noutra orde de cousas, e segundo a Ley constitutiva de Cortes de 1942, as confrarías contaban con representación nas Cortes a través dun procurador dos cento cincuenta da organización sindical que era escollido cada tres anos.¹⁶⁶

O funcionamento interno da Cofradía franquista non variaba moito do que fora o funcionamento dos Pósitos ou a confraría tradicional. Estaría integrada polos mariñeiros e armadores que constituirían ao mesmo tempo os órganos de goberno da corporación. Por unha banda, a asemblea xeral estaría formada por todos os membros con voz e voto, e adoitaría reunirse para escoller aos cargos sindicais. Habitualmente asistirían a ela unha cifra reducida de armadores e mariñeiros, o que no caso guardés adoitaba implicar a presenza da xunta directiva cun número variable aínda que reducido de vogais. Estarían, en segundo lugar, as xuntas sindicais de sección e de grupo, organizadas internamente en dúas seccións principais: a social, constituída polos traballadores asalariados do mar, e a económica, formada por

¹⁶³ Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores tutelada...* p. 32.

¹⁶⁴ Sánchez Blanco, *Crédito Social Pesquero*, pp. 107-108.

¹⁶⁵ *Ley del 18 de octubre de 1941 por la que se organiza el Instituto Social de la Marina*. Boletín Oficial del Estado, 2 de novembro de 1941.

¹⁶⁶ Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores tutelada...* pp. 32 e 39.

armadores ou propietarios. En terceiro lugar contaríamos co cabido ou xunta reitora, que ten como cabeza visíbel ao patrón maior ou presidente. Esta é designada mediante asemblea paritaria de ámbalas dúas xuntas sindicais, aínda que na realidade en moitas ocasións este cabido é escollido cunha asistencia mínima dos mariñeiros, estando composto por armadores que queren primar os seus intereses. Para finalizar, a figura do secretario sería chave para a institución, por ser quen condiciona o funcionamento e obxectivos da confraría con respecto ás necesidades dos mariñeiro, pois o cargo do patrón maior adoita ser principalmente honorífico. Todos estes cargos manteríanse durante tres anos, aínda que calquera podía ser destituído atendendo á regulación vixente.¹⁶⁷ O profundo sentido corporativista da organización tería volto a quedar patente nas verbas pronunciadas polo Marqués de Valterra en Bilbao:

“En las Cofradías de Pescadores y en los Pósitos, como en los Sindicatos Verticales, se deben fundir la función social y la económica, no nos cansaremos de repetirlo. No pueden separarse, porque no se logra el perfeccionamiento de la producción (que sólo es factible mediante una íntima solidaridad del trabajador y de la empresa en que trabaja) si en el ambiente en el que se desarrolla su esfuerzo no existe la cordialidad, la alegría y el bienestar. [...]”¹⁶⁸

En canto ás funcións das confrarías, Taboada Mella decide clasificalas en sete: xurisdiccional, “representando os intereses dos compoñentes fronte aos organismos do Estado”; ordenación da profesión, “velando polo cumprimento das regras e medidas para o mellor exercicio da actividade”; regulación da actividade, “ordenando as operacións de venda, distribución e comercialización da pesca”; regulación dos contratos, “negociando convenios colectivos, pagando cargas sociais e satisfacendo prestacións”; asistencia social, “establecendo un plan de seguridade social con seguro de enfermidade”; promoción do nivel cultural; e prestación de servizos auxiliares como economatos etc.¹⁶⁹

A pesares de ás confrarías desenvolvendo todas estas funcións, no debemos perder o foco do que foi a nova política social do Réxime. Neste sentido, cómpre recordarmos que as accións desenvoltas no seo dunha confraría sindical ían estar impregnadas irremediabilmente polo corpus ideolóxico nacional-católico. Deste xeito, o paternalismo e o produtivismo, conceptos antes abordados, empaparán cada esquina do traballo desenvolto por estas renovadas institucións, que buscarán a un tempo mellorar a produtividade do litoral español e exercer como mecanismo de control social encol da poboación mariñeira.

¹⁶⁷ *Ibid.*, p. 37.

¹⁶⁸ Díez de Rivera y Casares, *La riqueza pesquera en España...*, p. 46.

¹⁶⁹ Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores tutelada...* p. 40.

Como podemos observar, as confrarías eran a faciana visible dun sistema sindical moito máis complexo e no que interviñan numerosos actores políticos e institucións. Así e todo, precisamos coñecer como foi o nacemento da *Cofradía de Pescadores “Santa Tecla”* neste marco, para achegarnos tamén a como era o funcionamento da institución e como o seu traballo podía trasladarse á acción efectiva nos diferentes ámbitos da vida dos mariñeiros guardeses.

4.3.O NACEMENTO DA COFRADÍA DE PESCADORES “SANTA TECLA”.

O 3 de novembro de 1943 inauguraríase a *Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” de La Guardia*, en substitución do vello pósito. Na Ayudantía Militar de Marina teríanse reunido “varios armadores, tripulantes, con la asistencia de la autoridad de Marina y del Inspector Costero del ISM, don José Costa Alonso”.¹⁷⁰ Este último era un dos principais conselleiros de Saralegui, e presidente do Pósito de Moaña, da *Federación de Pósitos de Galicia*, vogal do Consejo General e membro da Comisión Permanente do ISM. A través do seu libro de memorias podemos constatar a súa recorrente presenza en todos os portos galegos que estaban creando as súas confrarías. Neste caso, o 6 de outubro xa tería recibido a orde para trasladarse á Guarda coa intención de “reorganiza-lo Pósito de Pescadores”.¹⁷¹ Precisamente el sería encargado de, nun discurso, dar conta do funcionamento e as bondades das “Cofradías y Pósitos de Pescadores”, fundados “para que los marineros obreros del mar de este puerto puedan disfrutar de los grandes beneficios que concede el Instituto por medio de las organizaciones sometidas a su alta tutela e inspección”.¹⁷²

Mentres Costa Alonso pronunciaba estas palabras nos discursos que daba, as súas consideracións persoais sobre a mudanza dos pósitos cara as confrarías era ben distinto: “Pola miña parte -confésoo con franqueza-, estaba facendo o posible para entorpece-la transformación dos pósitos en confrarías, porque me parecía ver niso algo así como unha traizón ó gran sociólogo Alfredo Saralegui”. Isto dános conta clara do complexo contexto no que se estaba producindo esta metamorfose, nunhas circunstancias nas que nin sequera existía un pleno convencemento por parte de quen facía o traballo de campo.

“[...] o señor marqués de Valterra, nunha carta afectuosa na súa forma pero non no seu fondo, díxome que ía a enviar a esta provincia a un representante do ISM [...] Eu comprendín a través

¹⁷⁰ Arquivo da Confraría de Pescadores “Santa Tecla” (en adiante ACPST), Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 1.

¹⁷¹ Costa Alonso, José, Santos Castroviejo, Santiago e Rúa Costa, Xosé Luis, *José Costa Alonso, Memorias da miña vida societaria*, Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, Santiago de Compostela, 2000, p. 188.

¹⁷² ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 1a.

desta carta que o señor marqués me consideraba incapaz de levar a bo termo a misión que me confiara.”¹⁷³

Nesta sesión procederíase, primeiro de todo a informar ao Comisario do ISM, a solicitarlle unha subvención de seis mil pesetas, e á organización interna da institución, coa escolla da primeira Junta de Gobierno e a “preparación” da Sección de Socorro Mutuo, para o cal Costa Alonso se mostraría na iniciativa de axudar. Acordaríase tamén establecer un soldo para o Secretario, neste caso un funcionario asalariado. A xunta de goberno non volvería a reunirse ata marzo de 1944. Para ese momento, o número de socios ascendería a 247. A creación da confraría como un órgano inserido no ISM e a OSE traería consigo nos primeiros días algunhas rifas, como a producida o 22 de xullo de 1944, cando o Delegado Provincial de Sindicato, Diego Aparicio tería entrado no local da confraría “sin el menor respeto y consideración para esta ni para las personas que forman la Junta de Gobierno y en especial para el Sr. Presidente”.¹⁷⁴

O 4 de setembro de 1944, tería lugar a inserción oficial da confraría na “Comunidad Nacional Sindicalista”. Nesta nova sesión, coa presenza de “los productores que al margen se expresan, con asistencia de las autoridades y jerarquías locales, del Secretario Provincial de Pesca, camarada Haro y del Inspector Costero Sr. Costas Alonso”, acordaríase definitivamente nomear á confraría como “Santa Tecla”, e conformaríase o primeiro cabido sindical definitivo, no que podemos atopar delimitadas as seccións. Este tería a seguinte forma:

- Patrón Mayor: D. Francisco Moreno Álvarez
- Secretario-Contador: D. Ricardo Rodríguez Rolán
- Jefe Sección Social: D. Antonio Baz Rodríguez
- Jefe Sección Asistencial: D. Emilio Vicente Baz
- Jefe Sección Economía: Agustín Pena Pachecho
- Técnico: Jesús Martínez González
- Marinero: Jesús Alonso Martínez
- Vocal asesor: Generoso Álvarez García.¹⁷⁵

Destaca a existencia neste primeiro cabido dunha sección chamada Asistencial, que era a encargada de xestionar en primeira instancia os seguros sociais e a política asistencial. Se ben vai ser chave no contexto do desenvolvemento das políticas sociais na Marina durante os primeiros anos, dende o 1954 a sección desaparece dos libros de actas da Cofradía.

¹⁷³ Costa Alonso, Santos Castroviejo e Rúa Costa, *José Costa Alonso...*, p. 190.

¹⁷⁴ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 1a, 3b e 4a.

¹⁷⁵ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 1a.

A partires de entón, a institución comeza a traballar con relativa normalidade. As accións da confraría pretenderían abarcar todos os aspectos posibles segundo as súas ordenanzas, para o que foi absolutamente precisa, sobre todo nos primeiros anos, a comunicación co ISM e especialmente con Costa Alonso. O Marqués de Valterra, pola súa banda, deixárase ver polo barrio en 1945, no contexto da inauguración da Feria do Mar e do Congreso de Pesca en Vigo.

“[...] chegamos bastante tarde (sobre as oito). Estaban á espera os pescadores e as autoridades dende as cinco da tarde. O recibimento que os obreiros do mar da Guarda lle tributaron foi bastante cariñoso e entusiasta”¹⁷⁶

A sede inicial estaría no baixo dun edificio situado no ancho que a rúa Concepción Arenal fai ao chegar ao Convento das Beneditinas, na esquina que xira cara a rúa Malteses. O local sería propiedade de Benito Vicente, e no 1951 pagaban un aluguer de sesenta pesetas mensuais.¹⁷⁷

A memoria dos veciños asevera que sempre se lle chamou ao edificio da confraría “o Pósito”.

(Anexo 16)

Deste xeito, a Cofradía comezaría a traballar como institución reguladora da actividade laboral no mar na Guarda, mantendo unha estreita relación tanto co ISM como coa Axudantía Militar que no porto da vila existía dende os anos trinta e que acabaría por ser trasladada a Tui nos anos sesenta. A relación entre as tres institucións, amais de estar regulada, tamén se explicaría tendo en conta o papel que xogaban na formación dun novo sistema coordinado de control económico, social e cultural do barrio, así como polo inevitable solapamento dalgunhas das súas funcións.

5. ENTRE A CASA, A GAMELA E A COFRADÍA.

A labor desta nova institución tivo incidencia nun contexto urbano, social, político e económico concreto: A Marina. Así, neste apartado intentaremos debullar cal foi a influencia real destas políticas na vida cotiá dos traballadores e traballadoras do mar, para coñecer plenamente o proceso polo cal cada un dos actores políticos, económicos, sociais e culturais influíron no cambio no nivel de vida experimentado polo barrio dende os anos sesenta.

5.1.A COFRADÍA E O ESTABLECEMENTO DE NOVAS DINÁMICAS LABORAIS E DE ASISTENCIA SOCIAL.

As confrarías terían un importante papel no desenvolvemento e aplicación da normativa vixente no ámbito laboral e de asistencia e previsión social. Neste senso, se ben moitos dos trámites tiñan que ser realizados no ISM, a relación entre ámbalas dúas institucións era moi

¹⁷⁶ Costa Alonso, Santos Castroviejo e Rúa Costa, *José Costa Alonso...*, p. 200.

¹⁷⁷ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 59.

estreita, o que derivaba nunha unificación de accións e deberes. Neste punto imos intentar achegarnos a comprender como é que se desenvolveu a aplicación da nova lexislación reguladora dos seguros laborais e a asistencia social na Marina.

5.1.1. O NOVO MARCO REGULADOR DA PREVISIÓN NO FRANQUISMO.

Durante as primeiras décadas da ditadura, foi aplicada polo goberno unha política laboral de corte intervencionista-paternalista, influída pola represión política, a eliminación de liberdades e a perda da capacidade de negociación. A crise da posguerra derivou en salarios moi baixos e un sistema laboral moi ríxido, que xunto cunha inflación galopante causaron unha diminución dos salarios reais e do nivel de vida. Ante isto, o Estado reaccionou conformando un sistema de subsidios sociais cun importante carácter asistencial.¹⁷⁸ Así, debemos precisar que o obxectivo dos diversos subsidios e prestacións vixentes non foi o de constituírense como dereitos sociais, senón que tiñan carácter esencialmente laboral, buscando atender á saúde e recuperación dos traballadores e as súas familias, co fin de que a forza de traballo do país estivese a disposición da patronal.¹⁷⁹

O mecanismo lexislativo fundamental para a política social do Réxime sería a Ley de Bases de 18/7/1938 pola que se crea o Régimen de Subsidios Familiares. Detrás desta lei estaba, por suposto, a vontade do Réxime de reforzar o seu modelo de familia, no que era preciso que a muller ficase no fogar para coidar dos fillos e do home.¹⁸⁰ A lei non establecía distincións en función do sector de actividade, polo que os traballadores do mar debían afiliarse nun primeiro momento aos seguros sociais dependentes do INP. Diversas dificultades prácticas farían patente a necesidade dun regulamento particular para estas actividades laborais.¹⁸¹

Así, as funcións relativas á afiliación, recadación e prestacións serían desenvoltas polo ISM e estarían reguladas pola Orden de 11/3/1944 pola que se ditan as normas para a aplicación do Decreto de 29/09/1943.¹⁸² Este decreto ocupouse unicamente da “aplicación a los pescadores de los distintos regímenes sobre subsidios y seguros sociales de carácter obligatorio”, e aínda

¹⁷⁸ Pons Pons, Jerònia, “La gestión del seguro obligatorio de accidentes de trabajo durante el franquismo (1940-1975)”, *Revista de Historia Industrial*, nº 45, 2011, pp. 109-144.

¹⁷⁹ Lanero Táboas, Daniel, “Franquismo y política social: una aproximación crítica a las políticas de vivienda y asistencia sanitaria”, *Historia del presente*, nº38, 2021, pp. 31-47.

¹⁸⁰ Molinero, Carme, *La captación de las masas*, Cátedra, Madrid, 2005, pp. 110-111.

¹⁸¹ Castro Argüelles, María Antonia e García Murcia, Joaquín (dir.), *La previsión social en España. Del Instituto Nacional de Previsión al Instituto Nacional de Seguridad Social*, Gobierno de España, Ministerio de Trabajo e Inmigración, Secretaría de Estado de Seguridad Social, Madrid, 2007, p. 87 e 102.

¹⁸² *Orden del 11 de marzo de 1944 por la que se dictan normas para aplicación del Decreto de 29 de septiembre de 1943 sobre seguros sociales a los pescadores*, Boletín Oficial del Estado, 19 de marzo de 1944 e 21 de marzo de 1944.

que pretendese cubrir máis supostos, acabou por comprender ao subsidio familiar e ao de vellez, pois o INP tería delegado no ISM todo o relativo á xestión, recadación e aplicación dos seguros sociais, a través dun convenio administrativo asinado o 29 de novembro de 1944, e no que só se contemplaba a afiliación dos pescadores a estes dous seguros.¹⁸³

No eido sanitario, o novo Réxime avogou pola eliminación das reformas republicanas, promulgando a Ley de Bases de Sanidad Nacional no 1944. Deste xeito, o *Seguro Obligatorio de Enfermedad* (SOE) sería instaurado en decembro de 1942, entrando en funcionamento en decembro de 1944.¹⁸⁴ Posteriormente, o convenio entre o ISM e o INP do 29 de novembro de 1944 foi reformado o 30 de decembro de 1948 e ampliado o 27 de febreiro de 1952 para engadir o *Seguro de Enfermedad*¹⁸⁵, cumprindo co indicado na Orden de 27/5/1950, que estendeu todo este seguro “a todos los pescadores incluidos en el Régimen Especial de Seguros Sociales a cargo del ISM”.¹⁸⁶ Desta forma, o ISM traballaría en colaboración coa *Caja Nacional del Seguro de Enfermedad*, reguladas pola Orden de 19/2/1946.¹⁸⁷

É así como os traballadores do mar foron inseridos no sistema de previsión social, regulado polo Decreto de 29/12/1948 que constituía os “Seguros Sociales Unificados”, ao reunir o *Seguro de Vejez e Invalidez*, o *Régimen de Subsidios Familiares* e o *Seguro de Enfermedad*.¹⁸⁸ O sistema de cotización dos pescadores, maioritariamente traballadores “á parte”, contaría cun sistema de cálculo especial, derivado da natureza irregular dos salarios: a dedución dun aproximado do 3% sobre a totalidade da pesca capturada. Porén, había casos nos que podía avogarse por outro método: o armador podía contratar co ISM unha cantidade de referencia ao rendimento no caso de non haber lugar onde taxar o prezo do peixe, e no caso de barcos de altura cun salario establecido podía seguir o modelo de cotización tradicional.¹⁸⁹

Secasí, do ISM dependerían tamén institucións reguladoras de prestacións e axudas: o *Montepío Marítimo Nacional* (MMN), a *Mutualidad de Accidentes del Mar y de Trabajo* (MAMYT), a *Mutua Nacional de Riesgo Marítimo* (MNRM) así como a *Mutualidad Nacional de Previsión de los Pescadores de Bajura* (MNPPB).¹⁹⁰ Estas institucións, reguladas pola Ley

¹⁸³ Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 102.

¹⁸⁴ Lanero Táboas, “Franquismo y política social...”, pp. 31-47.

¹⁸⁵ Aguirre Prado, Luis, “Instituto Social de la Marina”, *Publicaciones españolas*, nº 340, 1957, pp. 1-28.

¹⁸⁶ Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 103.

¹⁸⁷ *Orden del 19 de febrero de 1946 con el texto refundido de las disposiciones complementarias relativas al Seguro de Enfermedad*, Boletín Oficial del Estado, 17 de marzo 1946.

¹⁸⁸ Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 101.

¹⁸⁹ Aguirre Prado, “Instituto Social de la Marina”, pp. 1-28.

¹⁹⁰ *Ibid.*, pp. 1-28.

de Mutualidades de 1941, terían unha natureza substancialmente diferente á dos “Seguros Sociales Unificados”. Mentres ca estes últimos desprotexían a aqueles oficios cuxa natureza complicaba o establecemento dunhas bases reguladoras da previsión, as mutualidades terían unha finalidade benéfica e de previsión social, diferenciándose dos seguros privados por ser sen ánimo de lucro.¹⁹¹ É entón que o mutualismo laboral sectorial comezaría o seu desenvolvemento como forma de estender a previsión social aos colectivos menos protexidos polo seguros obrigatorios, entre os que estaban, naturalmente, os mariñeiros.¹⁹²

Deste xeito, o MMN, creado na República polo Decreto de 17/3/1934, sería regulado polo novo Réxime na Orden de 10/12/1940, que o convertía nun sistema de protección complementario ao seguro obrigatorio de vellez para os mariñeiros de altura.¹⁹³ Abarcaba supostos de xubilación, orfandade, invalidez e longa enfermidade, así como subsidios de nupcialidade, natalidade e ancianidade e obras asistenciais co

“establecimiento de dispensarios e instalaciones quirúrgicas en los puertos de mayor tráfico, al pago de becas para la formación profesional de los huérfanos, al hogar del marino, a socorrer a los naufragos y a otros fines de carácter extraordinario”.¹⁹⁴

Así a todo, o Montepío excluía aos mariñeiros de baixura, e é por iso que a través das ordes 20/4/1955 e 23/7/1958 sería creada e regulada a MNPPB. Esta, tamén de afiliación obrigatoria, cubría aos mariñeiros que traballasen durante un mínimo de cento oitenta días anuais.¹⁹⁵

Pola súa banda, a MAMYT, aínda que existente dende o 1929, sufriu coa chegada do novo Réxime unha serie de modificacións legais, das que podemos destacar o Decreto de 4/6/1940 polo cal o accidente de mar foi equiparado ao de traballo na industria, e a Ley de 18/10/1941 pola que foi inserida no ISM sen perder a súa personalidade xurídica e autonomía económica. O 30 de novembro de 1951 era aprobado por orde do Ministerio de Trabajo o seu Estatuto

“[...] tiene por objeto cubrir los riesgos de accidentes de trabajo que ocurran a las dotaciones y personal auxiliar de las embarcaciones de pesca “a la parte” inscritas en ellas, subrogando el cumplimiento de las obligaciones impuestas por legislación de accidentes de trabajo a los propietarios o armadores y ampliando las prestaciones legales con otras económicas y asistencias en beneficio de los lesionados y de los huérfanos y demás derechohabientes”¹⁹⁶

¹⁹¹ Sarrias Cárdenes, Cristóbal, “Las mutualidades de Previsión Social en España, 1939-2008” en Castillo, Santiago e Ruzafa, Rafael (coords.), *La previsión social en la historia. Actas del VI Congreso de Historia Social de España, Vitoria, 3-5 de julio de 2008, Siglo XXI*, Madrid, 2009, pp. 369-399.

¹⁹² Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 258.

¹⁹³ *Ibid.*, p. 258.

¹⁹⁴ Aguirre Prado, “Instituto Social de la Marina”, pp. 1-28.

¹⁹⁵ Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 258.

¹⁹⁶ Aguirre Prado, “Instituto Social de la Marina”, pp. 1-28.

A mutualidade faríase cargo de calquera accidente de traballo no mar que “producen lesión corporal o muerte del siniestrado, cualquiera que sea la causa originaria, hallándose a bordo o en tierra con motivo de faenas complementarias de la nave o de la pesca”.¹⁹⁷

Para finalizar, os bens materiais dos mariñeiros estarían protexidos pola MNRM, regulada pola Ley de 18/10/1941 e cuxos estatutos foron aprobados pola INP o 20 de maio de 1944. A mutualidade buscaba protexer as embarcacións principalmente de baixura e pequeno tonelaxe, para cubrir mediante indemnizacións as súas reparacións en caso de desastre. Porén, “había que evitar que este seguro no degenerase en un negocio para deshacerse de las embarcaciones inservibles con el señuelo de la indemnización”.¹⁹⁸

Este novo marco lexislativo só pode ser comprendido tendo en conta o que o Réxime buscaba coa súa política social. Neste senso, a propaganda desenvolta arredor da nova regulación sería un importante instrumento de lexitimación. A través desta regulación, buscaba espallar o seu modelo de familia e sociedade, ao mesmo tempo que establecía un férreo control social e moral dos beneficiarios. No entanto, non debemos esquecer que dentro da política social do Réxime eran comprendidas tamén un corpus de actividades e institucións cunha clara finalidade asistencial e que funcionaban como brazo executor de moitas das políticas sociais. A este respecto, o papel das *Obras Sindicales* e da *Sección Femenina*, especialmente a través do *Auxilio Social* foron chave tanto nos seus respectivos ámbitos de actuación e como elemento propagandístico.¹⁹⁹

Así e todo, agroma a dúbida de cal sería o papel das confrarías no medio de toda esta maraña legal e institucional. Nesta liña, na lexislación ficaba cristalizado coma o seguinte:

“Los Pósitos de Pescadores o Delegaciones del Instituto Social de la Marina se encargarán de percibir de las embarcaciones de cada puerto la referida nota sobre el producto de la venta de la pesca, para constituir el Fondo regulador de seguros sociales.”²⁰⁰

Isto significaba polo tanto que tiñan un papel chave coma intermediarios entre os mariñeiros e as súas familias, o ISM e as diversas institucións reguladoras e administradoras dos servizos e prestacións aos que se quixese acceder. Veremos como, na práctica, a relación entre confraría,

¹⁹⁷ *Ibid.*, pp. 1-28.

¹⁹⁸ *Ibid.*, pp. 1-28.

¹⁹⁹ Molinero, Carme, *La captación de las masas*, Cátedra, Madrid, 2005, pp. 110-111.

²⁰⁰ *Orden del 11 de marzo de 1944 por la que se dictan normas para aplicación del Decreto de 29 de septiembre de 1943 sobre seguros sociales a los pescadores*, Boletín Oficial del Estado, 19 de marzo de 1944 e 21 de marzo de 1944.

ISM e mutualidades era tan estreita que chegaban a ser inseparables. No seguinte apartado tentaremos aproximarnos ao fenómeno través do caso guardés.

5.1.2. “TAN GENEROSA ACCIÓN HACIA ESTOS PESCADORES”. AS POLÍTICAS DE PREVISIÓN SOCIAL NA MARINA GARDESA.

A xestión dos seguros sociais regulados polo INP iniciárase dende o momento de creación da confraría. Para o peche do primeiro ano, teríase implantado a base cotizadora do 3% e tamén se tería executado o pago do Subsidio Familiar “al que desconocía este beneficio o por dejadez no lo cobraba”. Sería no 1948 cando Costa Alonso tería realizado unha viaxe á Guarda para informar das bondades do *Seguro de Enfermedad*, cuxo regulamento establecía unha base de cotización do 1% para as embarcacións de baixura. En agosto de 1949 asistiríamos ao primeiro intento de implantación do *Seguro de Enfermedad de Bajura*, auspiciado dende a oficina do delegado do ISM en Vigo, mais que non tería éxito debido “al estado económico en que se encuentra la Cofradía”. Ata 1950 non temos constancia de que a institución se puxese en contacto con ningún médico da vila para o tratamento dos casos de enfermidade cubertos polo seguro. Teríamos que agardar ata 1951 para ver definitivamente implantado no porto guardés o *Seguro de Enfermedad*, deducido finalmente do 1,5% do valor da pesca, co que se esperaba cubrir un 50% dos gastos, mentres que do outro 50% se faría cargo a Caja Nacional de Seguros Sociales a fondo perdido. Para 1951 un mariñeiro de baixura que se acollese ao *Seguro de Enfermedad* tería dereito a percibir un 50% do seu salario a partires do quinto día de convalecencia e por un período inferior a dez días. Ao mesmo tempo, a cotización por cota fixa rebaixarase das 12,50 pesetas mensuais ás 10, “por ser muy lamentable la situación económica del pescador”.²⁰¹

Con todo, unha das principais fallas do sistema de mutualidade franquista era que non cubría a todo o mundo, pois amais de existir picaresca, moitas familias non podían permitirse abonar a mutualidade ao necesitaren os cartos para algo máis urxente: comer.

“Non, había xente que...un señor [...] que en inverno ía nun barco para andar á langosta e cotizaba porque lle gustaba cotizar no barco, pero cando andaba na gamela non cotizaba, dicía que non lle importaba, que non quería cotizar. Como el había moitos gameleiros que facían iso, que podían ser socios da cofradía e non querían pagar a seguridade social. Logo claro, pasaban moitas cousas.”²⁰² “Moita xente andaba sin enrolar. [...] Porque non querían pagar. [...] Viñan no mar e iban ao mar cos pais pero non estaban asegurados.”²⁰³

²⁰¹ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, pp. 7a, 26a, . 43a, 53a, 53b, 61b, 62a.

²⁰² Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

²⁰³ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

No 1954 podemos atopar nas actas os pasos previos á constitución do *Mutualidad Nacional de Previsión de los Pescadores de Bajura* (MNPPB). Trala Orde de abril de 1955, esta mutualidade chegaría á confraría guardesa, que responde afirmando que non ten medios económicos nin humanos para facer chegar a nova mutualidade aos socios. A Inspección do ISM responde que debe implantarse pois ten carácter obrigatorio. Non volvemos ter noticias do MNPPB polas actas ata 1961, cando varios puntos do regulamento son criticados por afastarse da realidade dos mariñeiros.²⁰⁴

Secasí, temos decidido centrar unha análise en profundidade da situación dos seguros e mutualidades nos datos proporcionados pola *Mutualidad de Accidentes de Mar y Trabajo* (MAMYT). A necesidade dun marco regulador para o acceso a prestacións en caso de accidente xa estaba en boga na Marina antes da ditadura. En 1930, unha nova no *Heraldo Guardés* denunciaba: “La mayor parte de estos obreros, si mueren por consecuencia de un accidente, o por un lance de mar, no dejan a sus familiares más que el dolor de la tragedia”.²⁰⁵ Xa coa confraría funcionando, en outubro de 1944, Costa Alonso conseguiu crear a primeira delegación de Mutualidad na vila, coa asistencia do secretario don Miseno Rivera Soviedo.²⁰⁶ A MAMYT local estivo dirixida durante os anos cincuenta por Ricardo Rodríguez Rolán, quen exercía como secretario-depositario. O Presidente era Pedro Saracho Arevala, armador afiliado á Falange tralo Golpe. O 31 de decembro de 1945, a Junta de Gobierno expresábase así sobre situación da regulación das prestacións por accidentes:

“Creada la Cofradía, una de las principales preocupaciones del Cabildo ha sido solucionar los accidentes de mar y trabajo a estos Pescadores. Para ello empezó a realizar las gestiones para que una delegación de la Mutua Nacional de Accidentes de Mar y Trabajo del Instituto Social de la Marina se constituyera a esta Cofradía, acto que se ha llevado a buen término y hoy empiezan a ver los primeros frutos, que ellos recogen y no vuelven más a perder sus dietas de lesionado y a curarse por su cuenta, como sucedía”²⁰⁷

O 25 de abril de 1948, o mariñeiro M.L.P. e o rapaz M.B.V. falecían no naufraxio da gamela “Tres Hermanas”.

“[...] Iba el, outro, e un rapaz. O rapaz escondéuselle debaixo das redes e apareceulle cando xa estaba no mar, en alta mar. Ao aparecerlle cada vez que viña unha ola levaba ao rapaz e o meu pai tiña que ir unha ola e volvelo a traer hasta que se agotou. [...] Entonces luego vinieron unos

²⁰⁴ ACPST Libro de Actas de 1954 a 1977, pp. 2a, 8a, 8b.

²⁰⁵ Villa Álvarez, Joaquín Miguel, *Sindicalismo no Baixo Miño: (1930-1936): o predominio do agrarismo tomiñés*, Concello da Guarda e Unión Comarcal de CCOO de Vigo, A Guarda e Vigo, 2003.

²⁰⁶ Costa Alonso, Santos Castroviejo e Rúa Costa, *José Costa Alonso...*, p. 197.

²⁰⁷ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 14a.

barcos a buscarlos e encontraron a gamela dada a volta e ao home vivo, pero meu pai xa non. Nin apareceu nunca.”²⁰⁸

M.L.P. non pagaba a mutualidade de accidentes,²⁰⁹ polo que a familia non tivo dereito a percibir ningún tipo de pensión.²¹⁰ Ante esta situación, a confraría iniciou unha serie de trámites para conseguir unha “gratificación graciable” que non culminarían ata un ano despois do desastre.

“[...] concede una gratificación de 4000 pesetas a las familias de los naufragos de la embarcación “gamela” Tres Hermanas [...], acordándose agradecer a Excmo. Sr. Comisario del ISM [...] por tan generosa acción hacia estos Pescadores. [...] le entrega de 2.500 pesetas a la viuda del Pescador [...] y 1.500 pesetas al padre del niño [...] que la Mutua Nacional de Accidentes de Mar y Trabajo concedió como gratificaciones graciabes.”²¹¹

En 1953, tres fillas de M.L.P. foron derivadas ao Colegio de las Hijas de María Auxiliadora, en Cambados.²¹² Cando abriu en 1954 a Residencia Carmen Polo de Franco en Mosteirón-Sada, un orfanato para fillas de mariñeiros falecidos, serían trasladadas alí: “Fomos á inauguración e todo.” O Estado fíxose cargo da súa educación dende ese momento. As irmás conseguiron acadar estudos superiores. Neste caso, a consideración da filla sobre o trato recibido por parte da confraría e o ISM pivota entre o agradecemento por se ter feito cargo da súa educación e o resentimento por teren deixado á súa nai sen unha prestación suficiente como para subsistir.²¹³ O que está claro é que o ton empregado na redacción da acta é claramente paternalista, existindo a vontade de evidenciar que as indemnizacións son un diñeiro que o Comisario do ISM dá case que en concepto de “esmola”, sen contemplar a posibilidade de que os cartos fosen a compensación por unha desgracia que deixaba desprotexidas a dúas familias. Este tipo de dinámicas, moi habituais no franquismo, acababan por derivar acotío en lóxicas de poder clientelares.

O mesmo tería acontecido no 1951 con J.G.B., quen tras sufrir un golpe a bordo desenvolveu unha diabetes que o deixou sen poder traballar. Neste caso, a mutualidade non se fai cargo por non estar inserido na mutua e por non considerar demostrable a causa da diabetes. A finais dese mesmo ano, B.L.M. falecería ao escachar a súa gamela contras as rochas mentres recollía o argazo. Nunha actividade tal, ninguén se aseguraba, polo que dende a capital deciden nin sequera considerar este accidente como de traballo. Unicamente despois de moita insistencia, a dirección acepta o caso con carácter “especialísimo”. Seríanlle outorgadas 5.000 pesetas,

²⁰⁸ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²⁰⁹ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²¹⁰ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²¹¹ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, pp. 39b e 40a.

²¹² MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²¹³ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

aínda que a MAMYT local tivo que facerse responsable de que o acontecemento saíse dabondo na prensa. (Anexo 17) A filla acabaría escolarizada en Cambados xunto coas fillas de M.L.P.²¹⁴

Porén, a desprotección de mutualistas á corrente de pago tamén era frecuente. No 1950, J.G.C.B. sofre unha oclusión intestinal embarcado que acabaría co seu falecemento en terra catorce días despois. O director da MAMYT non considera o caso coma un accidente no mar, unicamente afirma que “se estudiará la posibilidad de conceder a la viuda e hijos alguna cantidad”. O ano seguinte acaba por recoñecerse que a súa morte non tería acontecido de ter recibido unha atención temperá en terra. Deste xeito, en xuño de 1951, a viúva recibiría unha concesión graciable por valor de 10.000 pesetas, que ademais de ser entregada de novo impregnada dun ton paternalista, sería tamén utilizada, de novo, con finalidade propagadística. O director da MAMYT indicaría que a gratificación “será entregada con la solemnidad de costumbre, obteniéndose dos fotografías del Acto, que se remitirán a la Central con los recortes de la Prensa en que se dé cuenta del mismo”²¹⁵ Efectivamente, o 8 de xullo a noticia aparecería en *El Pueblo Gallego*.²¹⁶ Unha filla sería enviada a Cambados xunto coas orfas de M.L.P e B.L.M., mentres que o fillo acabaría no Internado para orfos de Sanlúcar de Barrameda. A viúva tería dereito a recibir a pensión de orfandade dos cativos: cinco pesetas diarias, cento cincuenta ao mes.²¹⁷

Chama tamén a atención o caso de L.G.P., quen, en setembro de 1952, mentres descargaba peixe, comezou a vomitar sangue. Foi tratado polo *Seguro de Enfermedad de Bajura*, cun diagnóstico de úlcera estomacal, mais declarou que días antes, mentres embarcaba nunha gamela auxiliar, caeu e recibiu un forte golpe no estómago. Se ben dous compañeiros confirmaron o suceso, o patrón negou ter visto nada. De novo, dende Madrid, indican que a única posibilidade é concederlle unha gratificación graciable, ao non poder demostrar o accidente.²¹⁸ Semella quedar patente que en primeira instancia os accidentes e infortunios máis complexos sempre eran os cuestionados pola mutualidade, que buscaba excluílos das pólizas. Isto resultaba, ante todo, indicativo das limitacións do propio sistema, que como xa amentamos non era quen de cubrir a todo o mundo, mais tamén do uso discrecional dos seus recursos.

Podemos preguntarnos tamén como é que funcionaba a mutualidade na resolución dos accidentes menos graves. Neste senso, xa nos sesenta a mutualidade adoitaba recoller, de

²¹⁴ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²¹⁵ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²¹⁶ *El Pueblo Gallego*, 8 de xullo de 1951.

²¹⁷ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²¹⁸ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

media, uns cento cincuenta partes de lesionados ao ano. Entre as lesións máis frecuentes estaban: picaduras de peixes que derivaban en infección, caídas a bordo, feridas debido á manipulación dos aparellos e anzois ou desgarres musculares. Se ben a documentación só nos fala de incapacidades temporais, semellaba que tras anos de actividade, a eficacia e o valor das indemnizacións aumentara.²¹⁹ Aínda así, a situación económica dun mariñeiro de gamela permitía moi limitadamente que este se custeasen todos os seguros e mutualidades que conformaban o complexo sistema de previsión social do mar. Para o 1958, unha gamela con dous tripulantes debía pagar mensualmente 167,20 pesetas. Tendo en conta os salarios do momento, era unha cifra considerable.²²⁰

No eido sanitario, a única institución gratuíta na vila era o *Patronato del Hospital-Casa-Asilo de La Guardia*, auspiciado por filántropos na emigración, fundado no 1932 e en funcionamento dende 1934. Durante a Guerra o novo Réxime non concedeu as mesmas axudas económicas ao establecemento, o que derivou nunha caída en picado das súas prestacións. Xa na posguerra, a natureza do inmoible, de propiedade privada mais de uso público, levou a unha serie de problemáticas legais que acabarían co seu peche no 1950. No camiño quedaba a saúde de todos aqueles guardeses e guardesas que non podían permitirse acudir aos médicos privados. A pesares dos intentos por parte da *Sociedad Hospital de Puerto Rico* de recuperar a asistencia sanitaria gratuíta, ata 1961 non volvería a poñerse en funcionamento o *Patronato*.²²¹ Nesta liña expresaría a confraría as súas preocupacións ao respecto no ano 1949, cando busca redactar un informe detallado para intentar evitar o peche da institución “para que tan grande obra asistencial no se lleve a esta determinación por ser el Pescador el más damnificado”²²².

O problema da atención sanitaria non se debía unicamente á súa natureza privada, senón á ausencia de moitos medios na propia Guarda, pois o seguro de enfermidade non contaba con todos os médicos da vila, o que derivaba nunha atención lenta e ineficiente. Os desprazamentos a Vigo xeraban grandes problemas loxísticos: os horarios dos autocares non permitían chegar ás consultas, o que causaba que moitos ficasen sen ser atendidos. Dende a confraría instouse

²¹⁹ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Cartafol 1962 do 1 ao 80. Cartafol 1964 do 1 ao 174. Cartafol 1966 do 1 ao 166.

²²⁰ ACPST, Libro de Actas de 1954-1977, p. 31b.

²²¹ Villa Álvarez, Joaquín Miguel, *Hospital Casa-Asilo de A Guarda (1918-2018). Centenario de una institución benéfica nacida en Puerto Rico*, Concello de A Guarda, A Guarda, 2018, pp. 119-139.

²²² ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 41a.

en diversas ocasións a que fose nomeado outro doutor a causa do elevado número de afiliados: para 1956, cincocentos vinte afiliados e as súas familias dependían dun só médico.²²³

Emporiso, como médico local da MAMYT estaría exercendo nos anos cincuenta José Álvarez Nóvoa, sendo os enfermos trasladados ao Sanatorio “San Amaro” (tamén coñecido coma Sanatorio Troncoso), en Vigo no caso de ter algo máis grave. En última instancia acudían ao Hospital Provincial. Aínda así, tanto Nóvoa como o Sanatorio Troncoso eran privados, polo que as facturas eran abonadas pola mutualidade. Isto derivaba en que a mutualidade tivese que indicar quen debía ser atendido: “Ruego a usted que el lesionado A.G.L. [...] sea atendido y examinado en ese Centro de la enfermedad que padece, de conformidad con el parte Facultativo del médico de ésta Local”.²²⁴

Ora ben, se existe un grupo que teña sido sistemáticamente ignorado polo sistema de previsión social franquista, este foron as mulleres. Este fenómeno acadou unha transcendencia chave nun contexto produtivo como o da Marina, no que o traballo feminino constituía unha parte imprescindible da actividade laboral, e que mantiña ocupadas á práctica totalidade das mulleres. Neste senso, cando nos mergullamos na documentación da Cofradía, atopámonos en primeira instancia con que elas semellan desaparecidas das actividades vencelladas ao mar. As fontes orais, como ata o de agora teñen demostrado, negan isto en redondo. Debemos pensar entón na existencia dunhas circunstancias sociais e culturais, influídas claramente polos principios ideolóxicos do franquismo, que pretendían expulsar á muller dos mercados de traballo para deixala recluída nas catro paredes do fogar. A tradición mariñeira, na que a muller sempre tivo que traballar, sumada ás xa amentadas condicións da posguerra, fixeron que esta actividade non desaparecese en absoluto, mais se invisibilizase.

Tan só cando analizamos certa documentación xerada pola Confraría atopamos ás mulleres en contextos laborais nos que sabemos que estaban. Mentres que no Libro de Socios dos case 1.500 inscritos practicamente todos son homes, non ocorre o mesmo na documentación referida ás altas no *Régimen Especial de Seguros Sociales Obligatorios en el Mar*. Contamos con información de 1947 a 1966 na que se dá conta do número de mariñeiros e atadeiras dados de alta neste réxime cada tres meses. De 652 altas totais, 185 (un 29,04%) foron de mulleres e 452 (o 70,95%) de homes.²²⁵ Isto indícanos que había unha importante porcentaxe de mulleres que


²²³ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 83a, 83b, 88b e 98a e Libro de Actas 1954 a 1977, p. 16a.

²²⁴ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²²⁵ ACPST, Altas no *Régimen Especial de Seguros Sociales Obligatorios en el Mar*.

se dedicaban ao mar e polo tanto estaban aseguradas, mais é certo que seguían en ampla minoría.

TÁBOA X. Homes e mulleres inscritos ao Régimen Especial de Seguros Obligatorios del Mar (1947-1966).



Extraído de: elaboración propia a partir de ACPST, Altas no Régimen Especial de Seguros Sociales Obligatorios en el Mar.

As fontes orais aportan unha moi interesante visión sobre este fenómeno ao ser unánimes na consideración de que a maioría das mulleres, senón todas, non cotizaban á seguridade social nin estaban cubertas polo seguro no seu traballo.

“Non. Non había daquela. Porque cando viñan os inspectores mandábanos pa casa ao mellor un día ou dous ata que marchaban os que dicían que eran os inspectores. [...] E non coticei tampouco.”²²⁶ “Pequena [a pensión], porque cotizaban pouco [as mulleres]. E mirábanse mal eh. A xente mirábase mal antes.”²²⁷

Podemos comprender esta aparente contradición atendendo á brecha de clase existente dentro do propio barrio. Se ben a inmensa maioría da xente subsistía de xeito moi precario, había quen tiña máis posibles, armadores e propietarios, que adoitaban inserir ás mulleres no sistema.

“Pero tamén houbo mulleres que dispois enroláronse nos barcos os que tiñan barcos os homes e podían pagar. Outras podían pagar e non pagaron. Eu porque non puđen pagar.”²²⁸ “Porque iba a asegurarme o meu home na gamela, pero claro, tiña o meu home a pagar, e un fillo meu tamén. Non daba pa pagar tres personas. E quería asegurarme e non me deixaron, os da Seguridad Social dixéronme que non.”²²⁹

²²⁶ Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

²²⁷ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²²⁸ Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

²²⁹ Entrevista a J.R.C.D., 18 de xaneiro de 2025.

Esta situación non se corruxaría ata finalizada a ditadura e ben entrada a democracia, cando todos os oficios vencellados ao mar pasaron a estar enmarcados na confraría.

“Mulleres non había, non sei naquel entón se había algunha muller, pero creo que no eh. Podía haber algunha, logo cando empezaron a ver as percebeiras aí si.”²³⁰ “Claro, porque antes eso era libre. As percebeiras non fai muito que entraron eh, iso que fai, vinte anos? ou vintecinco? Antes non estaban asociadas.”²³¹

O que está claro é que esta desidia institucional por protexer os dereitos laborais das traballadoras do mar trouxo consigo unha serie de consecuencias moi notables ao momento de demostrar os anos traballados e poder acceder a retribucións, indemnizacións e pensións.

“[...] resulta que hoxe non hai un 5% de mulleres na Guarda que cobre unha pensión, que é unha vergüenza, e en parte eu síntome culpable por min, pola miña parte porque eu creo que non fíxen nada por esa labor, e neso eu síntome culpable, porque vas ao Rosal, nunha aldea nun tal ou Baiona ou tal, hai moitas mulleres cobrando. Por que ás mulleres que estaban a atar as redes non se lles pagaba unha Seguridade Social? Por que?”²³²

Ao mesmo tempo, a confraría, coordinada con outras institucións, era quen facía chegar ao barrio a axuda social para os máis desfavorecidos. Ás veces, énos moi complexo distinguir que institucións estaban detrás de certas accións debido ás fontes ás que tivemos acceso e a visión tan xenérica ofrecida polas entrevistas, polo que só podemos confirmar a existencia dalgúns destes proxectos na vila, acadando especial proxección no contexto dun barrio moi afectado polas súas condicións socioeconómicas. Neste senso, durante a Guerra Civil foi implantada na Guarda unha sede do *Auxilio Social*, e sabemos que para 1937 funcionaban na vila un Comedor Infantil e unha Cocina de Hermandad. A fame causaría que fose necesario o aumento de capacidade ou número destes comedores sociais, que sabemos que na altura de 1944-1945 atendía ás necesidades de vinte cinco meniños e corenta adultos.²³³ Porén, para ese mesmo ano algún dos centros do *Auxilio Social* sufrirían do seu peche debido a unha importante rebaixa orzamentaria.²³⁴

Sorprendentemente, no 1957, unha serie de fotografías sitúan ao Gobernador Civil Rafael Fernández inaugurando un Centro de Alimentación Infantil na vila²³⁵, polo que seguramente esta institución recuperarase anos despois o seu papel na alimentación e a propaganda cara a poboación mariñeira. Este fenómeno poderíamos moi probablemente enmarcalo no contexto

²³⁰ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²³¹ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²³² Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²³³ Jorge Pereira, *Actitudes e comportamentos sociais...*, p. 334.

²³⁴ Martínez Pereda, Lucio, *El pan y la cruz. Hambre y Auxilio Social durante el primer franquismo en Galicia*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2017, pp. 151-155 e 203.

²³⁵ Biblioteca da Deputación de Pontevedra, Fondos gráficos da Xefatura Provincial do Movemento, FO179.2.

de chegada da “axuda americana”, despois dos acordos de 1953, e que implicou a entrega de queixo e leite en po para a alimentación dos cativos. M.C.L.G. lembra este suceso:

“Nas Carmelitas o Estado americano como foi despois da Guerra Civil pois mandaba leite en polvo e na cociña do colegio preparábanos e dábannos un xarriño a media mañán pa tomar, un xarro de leite en polvo.”²³⁶

Pouco despois, en 1961, atopámonos ao Director Médico do *Auxilio Social* na vila pedindo axuda á Cofradía nun proxecto de gardería infantil especialmente dirixido cara os fillos das mulleres atadeiras, que pola condición do seu traballo non poden facerse cargo sempre dos máis pequenos. Nese momento habería aproximadamente 542 cativos menores de dez anos no barrio.²³⁷ Con todo, carecemos de máis fontes completas que nos falen sobre o que foi a relación entre o Auxilio Social e a Confraría, polo que desta información só podemos constatar a súa presenza estendida no tempo no barrio.

En cambio, existen outra serie de actividades que si que foron desenvoltas coa participación directa ou o apoio da confraría. A existencia dun economato directamente xestionado pola mesma permitiu o control do abastecemento e o racionamento ata o seu peche no 1957. Sobre os produtos e cantidades por el distribuídos xa temos falado anteriormente.

“[...] por [onde está hoxe a rúa] Fernández Albor había unha casa, cada mes dábante unha ración. Dábante chocolate, aceite, garavanzos, arroz, ibas con un cesto a buscar e ibas pa casa. E isto era para os mariñeiros, que vienes sendo membros da cofradía, porque está formada por mariñeiros.”²³⁸

Ao mesmo tempo, certos materiais eran proporcionados aos mariñeiros, como as roupas de augas, o que supuña un aforro considerable de cartos.

“Había moitos de terra que a roupa da marina dábana e era unha roupa moi boa entón os de terra buscaban a un que tivera unha gamela e enrolábao, entón iba por marina senón non podía ir por marina tiña que ir por terra. E iban por marina e traían a roupa pa casa logo.”²³⁹

Tamén ao barrio tería chegado a costume das *canastillas* para os nacidos, así como o reparto duns pequenos fatos de alimentos e bens de primeira necesidade no nadal para os anciáns e os máis desfavorecidos do barrio.²⁴⁰

“O meu fillo naceu o día propio de navidad, e antes había [...] destas señoritas que faían fatos pa daren aos que nacían na navidad, ou en fin de ano ou en reis. Entón eu non pedín e entón unha muller foi aí e dixo ‘a fulana naceulle un crío na navidad, non lle dais o fato?’. ‘Ai non,

²³⁶ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

²³⁷ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, pp. 49b e 50a.

²³⁸ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²³⁹ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²⁴⁰ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, p. 115b.

esa no que es rica'. Eu nada, nin llo pedín eu. E logo naceu despois de reis...no, despois de ano novo naceu unha rapariga e déronlle o fato a ela.”²⁴¹

Emporiso, existen dous elementos chave na incidencia e a política social e cultural da confraría: a Casa do Pescador e as Escolas de Orientación Marítima. Ámbolos dous proxectos constituirían elementos centrais no proceso de encadramento e control social dos mariñeiros guardeses, ao tempo que tiñan unha ineludible función asistencial. Sobre a súa orixe e características afondaremos máis adiante.

5.2. COFRADÍA E CONTROL SOCIAL: REPRESIÓN, CONSENTEMENTO, MECANISMOS DE RESISTENCIA E PODER LOCAL.

Dende o primeiro momento, o mando da Cofradía estivo en mans de individuos que tiñan un vencello claro tanto co Réxime como coas oligarquías sociais e económicas da vila. Isto é un fenómeno que responde a unhas dinámicas de poder locais, rexionais e estatais moito máis extensas e que pretendían en última instancia acadar o control efectivo de todos ámbitos da vida da poboación no contexto da aínda incipiente ditadura. Emporiso, neste apartado tentaremos debullar como é que este proceso de control social, ideolóxico e moral por parte dos poderes locais foi efectivo a través de organismos como a confraría e o ISM. Ao mesmo tempo, achegarémonos aos mecanismos de resistencia cotiá nun barrio cuxas características socioeconómicas e modo de vida converteron nun foco de especial represión.

5.2.1. “AO CHEGAR A TERRA...AO FALAR AÍNDA HABÍA QUE MIRAR PO LADO”. REPRESIÓN, CONSENTIMENTO E FORMAS DE RESISTENCIA COTIÁNS NA MARINA.

Tal e como expresa Ana Cabana Iglesia, non debemos esquecer que no contexto dun réxime ditatorial como o franquismo, o consentimento ou aceptación foron inseparables do exercicio da violencia e a coerción. Así, a represión non se deu só na guerra e na posguerra, senón que se estendeu durante décadas, volvéndose un elemento indisoluble da cotiandade.²⁴² Despois do Golpe, o control cara os mariñeiros manteríase, nun clima violento e intimidatorio no que a intervención das autoridades na vida privada, moral e política da veciñanza foi absoluto.

O medo funcionou deste xeito como principal mecanismo de coerción e control social. Ao recordo da violencia do Golpe, uníase unha nova violencia agora estrutural. Os corpos policiais unificáronse, o que, unido ao control imposto dende o sistema administrativo, derivou en que a sensación de estar vixiados fose constante no día a día.²⁴³

²⁴¹ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

²⁴² Cabana Iglesia, Ana, *Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia*, Tresetres, Santiago de Compostela, 2009, pp. 55-57.

²⁴³ *Ibid.*, pp. 70-77 e 89-90.

“Claro que había medo. Algúns viñan a buscalos a casa, levábanos ao Ayuntamiento ‘no é que a parella levounos ao Ayuntamiento’, e logo alí antes de preguntar sacudíante a chaqueta, logo preguntaban.”²⁴⁴ “Tiña medo aparte. Daquela por dicir algo inda te...zoscaban...Os mariñeiros moitas veces íbamos pa Vila, e íbamos cinco ou seis, e ao mellor se chegabamos encima de Pantaleón aparecían a parexa dos municipais.”²⁴⁵

Esta violencia tomaría unha nova dimensión nas vilas e aldeas, onde o poder exercido por parte dos “informadores” locais e as forzas de seguridade causaba unha sensación xeneralizada de inseguridade e desconfianza e un control da cotiandade moi efectivo, que, en última instancia, derivaba no consentimento da orde imperante.²⁴⁶ Esta sensación calaba en todas as capas e contextos sociais, facendo que as dinámicas violentas se producisen tamén en ambientes distendidos, e condicionado o xeito no que as relacións sociais se establecían entre os membros da comunidade:

“Eu era moi bailadora, non? [...] E había un fillo dun Guardia Civil [...] sempre me acorda. E non sabía bailar, e non quería bailar con el, e logo díxonos unha vez ‘como no vengáis a bailar connigo le digo a mi padre que os meta en la cárcel’. Nós antes á Guardia Civil tiñámoslle moito medo.”²⁴⁷

Así, o control e represión cara os veciños da Marina tería sido moito máis forte que a imposta ao resto da poboación da vila. Existe certa unanimidade ao considerar que isto era, polo menos parcialmente, a causa dos hábitos de ocio do barrio, que pasaban necesariamente pola taberna.

“Porque os da Marina andábamos máis a cantar polas noites, cantaban máis aí nas tabernas e os de riba no. [...] Porque antes á Guardia Civil tiñámoslle pánico na Marina. Porque antes tamén daba moito pau, moito, a todo o mundo.”²⁴⁸

Tamén estaba moi controlada a realización de bailes sen autorización²⁴⁹, cousa que era moi habitual, pois os mariñeiros adoitaban arrancarse a cantar e a tocar algún instrumento.

“Pero era mui bonito eh, eu me acordo que...iba a buscar a xunta ao meu pai e ‘vamos pa casa vamos cenar’, e alí veña a cantar cancións, [...] era unha preciosidade e cantaba moi ben aquela xente, e a min me encantaba escoitalos cantar, pero en moitas tabernas, era o que había claro.”²⁵⁰

“A chavalería a cantar, a xogar a partida, de 18 anos, de 20...a cantar cancións. E ás veces cando saliamos os domingos pola tarde, e ao mellor xa ían cantando cancións do Pescador ou así.”²⁵¹

Este espazo desagradaba ás autoridades tanto polo seu perigo ao supoñer un lugar de socialización e politización excelente como polos comportamentos nocivos que levaba asociados: alcoholismo etc. No caso guardés, estas ideas cristalizaron nos seguintes versos:

²⁴⁴ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²⁴⁵ Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

²⁴⁶ Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, pp. 55-57 e 76.

²⁴⁷ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

²⁴⁸ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

²⁴⁹ Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, pp. 89-90.

²⁵⁰ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²⁵¹ Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

*Los chicos de la Marina
Los chicos de la Marina
Son unos buenos muchachos
Pero tienen un defecto
Pero tienen un defecto
Que son un poco borrachos*

*O mariñeiriño
cando ven do mar
sin o chanqueiriño
non pode pasar*

Con todo, non debemos obviar que toda esta represión tiña como ineludible causa directa os antecedentes político-sindicais da veciñanza, o que causaría un importante medo a falar de política en espazos públicos.

“Na miña casa, nunca oín ao meu pai da guerra nin en política nin nada.”²⁵²

“Noon, daquela de política non se falaba porque había medo. Podías falar algo... guardábamolo máis ben, conversacións tu comigo, dous, tres.”²⁵³

“O que eu acordo andar de rapaz...pfff, falábase si pero mui pouco...eu acórdome do meu pai que era tamén...falar da República era unha cousa...chamáballe unha casa de putas! E eu oía muitas conversacións dos vellos [...] os da idade do meu pai que foron á guerra, e contaban, e eu durmía no rancho e oíaos discutir. Había diferencias no tempo da guerra de fusilamentos e tal e cual. [...] eu acórdome un caso, [...] un que foi dos que foi voluntario á guerra, e chegou alí a Pontevedra e foino buscar o pai porque era menor de idade, e logo cando cumpliu si que foi, e discutir cun cuñado, que un dicía, un é veciño de aquí pero non a vou nombrar, que fusilou a moita xente Franco, e díxolle o outro cuñado que era ese que foi voluntario para a guerra: ‘fusiláronse aos que había que fusilar’. Pero poucas cousas de...quedaba lonxe! Eran cousas de tempos difíciles, había que pensar en ganar pa comer que en outra cousa de política. E a ver no tempo de Franco tampouco podías falar abertamente.”²⁵⁴

“Se falábamos de política naquela non había bandos. Todo o mundo estaba a favor do...do xa me entendes. Porque ao chegar a terra...ao falar aínda había que mirar po lado.”²⁵⁵

“Se se falaba sería nas barberías e tal, porque senón se te oían ao mellor xa te tiñan...era conveniente non falar moito diso.”²⁵⁶

“Con Franco nada! Non se podía falar.”²⁵⁷

Porén, isto non implicou a inexistencia dunha sensibilidade política compartida pola veciñanza. Neste senso, tense identificado que era moi habitual escoitar a “Radio Pirenaica” no barrio.

“Miña nai, cando pudo aforrar, aforrou, comprou unha radio [...] e logo poñíanos, que estaba prohibido, e logo oíamos as noticias e cousas por Radio Pirenaica. [...] enterábaste das noticias do estranxeiro e de todo, aquí estaba prohibido, o franquismo tiña todo limitado o periodismo, entón a *Urribarri* [sic] esa, a Pasionaria. Despaciño, nun radio así pequeniño que comprou

²⁵² Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024

²⁵³ Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

²⁵⁴ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

²⁵⁵ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²⁵⁶ Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

²⁵⁷ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

a abuela, e alí na habitación dela que estaba ao ladiño da cociña... e todos despaciño, arredor do radio, aquí tal tal, había unha musiquilla, aquí tal tal tal Radio Pirenaica, tal tal tal, e sabíase todo do estranxeiro, que aquí estaba todo censurado, había censura. [...] Nós estábamos todos así arredor do radio [...] Era ilegal [...] había que poñer a radio despaciño ‘hai que poñela baixiña, hai que poñela baixiña.’”²⁵⁸

“[...] a radio.. era a que había, era radio...o que quería escoitar un pouco, o que tiña radio, escoitaba de noite [...] a do pirineo...e baixiño, porque ao mellor un veciño cualquiera, que te quixera mal...ou calquera que pasara por aí que te quixera mal... ‘talcito ten a emisora tal’. [...] Era a maneira de enterarse do que pasaba. O que a tiña non dicía que a tiña, nós sabíamos dun veciño que a tiña porque pasabamos por diante da porta del [...] e ás veces parabamos a escoitala, porque claro, era unha cousa que non...que non oías nunca, e se querías enterarte un pouco da vida, un pouco da vida que non fora o réximen...”²⁵⁹

“Iso de de noite. Había muita xente que a escoitaba, si. De noite, moi caladiños. Falaban pero naide dicía que escoitaba. Porque senón viña a Guardia Civil e igual te zosqueaba.”²⁶⁰

Tendo en conta as circunstancias nas que se producían as escoitas, podemos catalogar esta actividade coma un mecanismo de resistencia ideolóxica cotiá. Como albiscamos a través das testemuñas, semellaba estar claro entre a veciñanza que os medios de comunicación do Réxime non eran fiables para informarse, polo que era preciso buscar outras vías. Estas resistencias adoitaban acontecer en lugares como a casa, considerados espazos de liberdade, “refuxios emocionais” nos que os individuos podían permitirse relaxarse do ambiente opresor e vixilante existente fóra.²⁶¹ Nun contexto como o do barrio mariñeiro, no que os límites entre o público e o privado eran moi laxos, o risco asumido pola veciñanza ao sintonizar acotío a emisora probablemente non tivese sido tal sen saber que o resto do barrio facía o mesmo.

Con isto, queda patente que aínda nun contexto de profunda vixilancia e violencia, moitos dos veciños da Marina non sufriron un proceso completo de despolitización, senón que na liña do apuntado por autoras como Román Ruiz, foron quen de manter certa autonomía ideolóxica aínda cando se lles obrigaba a ver e calar. A importancia do pasado traumático da guerra, a fame e a represión na existencia destes mecanismos de resistencia non pode ser obviada, pois tamén foi un dos principais motivos que obrigou á creación de estruturas de encadramento e lexitimación do Réxime.

Esta non sería a única forma de resistencia cotiá que poderíamos atopar no barrio. O contrabando ou estraperlo, fenómeno do abordado anteriormente, é outra desas “armas dos débiles” que permitía desenvolver unha vida máis digna nun contexto de importantes

²⁵⁸ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

²⁵⁹ Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

²⁶⁰ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

²⁶¹ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, Universitat de Valencia, Valencia, 2020, pp. 182, 256-257.

necesidades como foi a posguerra. Neste senso, debemos lembrar que o contrabando, que realmente tiña un importante percorrido previo á ditadura, sufriu na época da fame unha considerable suba da súa incidencia, a causa das políticas de racionamento e inxerencia do Estado nos modelos de vida e subsistencia das comunidades raianas. Isto derivou na creación por parte destas comunidades dunha narrativa xustificativa das súas accións, que pasaba por amentar a necesidade e as dificultades económicas, o que convertía ao estraperlo nunha actividade común, tolerada e honesta, comparábel a un traballo, ademais de arriscada pola exposición que tiñan a seren arrestados. Con todo, a natureza desta actividade levou a que existisen diferencias entre os individuos que a practicaban: para moitos era un mecanismo de subsistencia, mais tamén os había que tiñan nel o seu modelo empresarial e lucrativo.²⁶²

Debemos lembrar neste punto que a *fome* e a miseria da posguerra terían afectado especialmente á poboación da Marina, o que probablemente tivo moito que ver coa “hostilidade pasiva” que esta poboación mantivo cara o Réxime especialmente durante as primeiras décadas, e polo tanto coas formas de resistencia desenvoltas tanto no eido político como da subsistencia. Esta hostilidade, segundo Fuertes Muñoz, teríase agravado incluso máis ante a aplicación de políticas represivas e de control, o que derivaba nunha espiral de violencia e malestar que só veremos que se vai corrixir coa progresiva mellora dos niveis de vida e a moderación nos modelos de control social dende finais dos cincuenta.²⁶³

Emporiso, tampouco podemos pensar na poboación da Marina como un grupo ideoloxicamente contrario ao franquismo na súa totalidade, pois acabarían por xerarse múltiples dinámicas de consentimento derivadas tanto do exercicio directo da represión política como da influencia xerada polos sistemas de encadramento, como neste caso o era a Cofradía, que aplicaban unha política social dirixida especialmente a xerar este consentimento a través de subsidios, vivenda social, educación, acceso a recursos materiais etc. Un dos casos que dende logo debemos amentar é o dunha das fillas de M.L.P., mariñeiro falecido nun naufraxio. Á súa morte, as fillas como xa vimos foron educadas en orfanatos, o que acabaría por permitirlles acceder a estudos superiores. Neste caso, iso non facilitou unicamente o ascenso social das mozas, senón que

²⁶² Lanero Táboas, Daniel, Míguez Macho, Antonio, Rodríguez Gallardo, Ángel, “La ‘raia’ galaico-portuguesa en tiempos convulsos. Nuevas interpretaciones sobre el control político y la cultura de la frontera en las dictaduras ibéricas (1936-1945)” en Freire, Dulce, Rovisco, Eduarda e Fonseca, Inês (coords.), *Contrabando na fronteira luso-espanhola. Prácticas, memórias e patrimónios*, Lisboa, Edições Nelson de Matos, 2009, pp. 57-88, Cabana Iglesia, Ana, *La derrota de lo épico*, Universitat de Valencia, Valencia, 2013, pp. 135-148 e Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, pp. 131-151.

²⁶³ Fuertes Muñoz, Carlos, *Vivendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, Comares, Granada, 2017, p. 153.

deixou nelas unha importante pegada no aspecto ideolóxico, ao lexitimar as accións do réxime e incluso as súas políticas represivas. Ao preguntar a M.N.L.C. sobre como era a vida na vila cando era pequena, afirma:

“Vivíase mui ben. Xogábamos muito. Era unha vida tranquila. É que cambiou muito a vida, en toda España cambiou. Era máis tranquilo, a xente podía andar pola calle libremente porque nadie se metía contigo, se se metían...ojo.”²⁶⁴

Ao preguntarlle se pensaba que a xente podía ter medo a causa da violencia perpetrada polo Réxime, a súa resposta foi a seguinte:

“[...] el régimen era así, nos daban a todos igual, ahora non! [...] Mira yo nunca tuve miedo. Sabes quen tiña miedo? Quien hacía el mal!”²⁶⁵

Este exemplo sintetiza moi ben en que senso podían ter efectividade as políticas de encadramento do Réxime, que neste caso pasaban naturalmente por un férreo adoutramento no sistema educativo, conseguindo non unicamente xerar consentimento e lexitimación, senón calar ideoloxicamente nos individuos.

Habería, por outra banda, moitos outros xeitos de acabar por consentir, incluso por parte de individuos que ao mesmo tempo podían ser conscientes das grandes eivas e problemáticas da ditadura. Con todo, se ben queda claro que a poboación da Marina pese a ter sufrido unha importante represión mantivo certa autonomía ideolóxica, non contamos de primeiras con ningún acontecemento que nos teña evidenciado actos de resistencia frontais no barrio, e que nos permitan falar dun descontento aberto e evidente. Neste senso, definir o comportamento da veciñanza do barrio, na liña da tese de Cabana Iglesia para o agro galego²⁶⁶, como apático e adaptativo en certos niveis, axúdanos a comprender como é que a hostilidade pasiva podía chegar a converterse, no día a día e no espazo público, no silencio e na aceptación da orde imperante. Esta adaptación, causada, como di Cabana Iglesia por “o medo, a fame, as ansias de normalidade [...] o éxito do adoutramento franquista, o respecto ás directrices emanadas dende os púlpitos [...]”²⁶⁷, acabaría por derivar en moitas ocasións no consentimento das “normas do xogo” impostas polo réxime, aínda que isto non implicase a inexistencia ao mesmo tempo de formas de resistencia cotiás, cuxa importancia agroma precisamente cando as interpretamos á luz do aparato de control e represión franquista.

²⁶⁴ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²⁶⁵ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

²⁶⁶ Cabana Iglesia, *La derrota de lo épico...*, p. 149.

²⁶⁷ *Ibid.*, p. 270.

Ora ben, o control exercido sobre esta poboación viría especialmente dende a *Cofradía de Pescadores*, que, xunto con outras organizacións coma o *Frente de Juventudes*, a *Sección Femenina*, ou as *Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos*, se encargaban do control de diferentes grupos sociais.²⁶⁸ No próximo apartado tentaremos albiscar como é que este control social da poboación da Marina se fixo efectivo a través desta institución e as autoridades locais que tiñan nela o seu instrumento de control.

5.2.2. “O SECRETARIO DA COFRADÍA DICÍA ISTO E IBA”. CONTROL SOCIAL, ELITES LOCAIS E EXTRACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL DA CONFRARÍA.

Á hora de analizar o poder exercido por parte da Cofradía e o seu persoal na Marina, debemos establecer como base analítica o estudado en relación coas *Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos*. Neste marco, tal e como foi analizado por Daniel Lanero Táboas para Galicia e por Manuel Ortiz Heras para Albacete, ter participado na Guerra como combatente do bando sublevado, ter ocupado algún cargo de poder durante o Golpe ou a ditadura no concello ou na Falange, ou proceder dunha clase social acomodada e ser propietario ou empresario son elementos característicos daqueles individuos que ocuparon cargos de importancia dentro do aparato sindical local.²⁶⁹ Este fenómeno deuse tamén no caso do sindicalismo pesqueiro, tanto nas confrarías como nas diversas mutualidades e delegacións dependentes do ISM.

Este proceso non só se producía na confraría, senón que na propia Hermandad guardesa podemos amentar o caso de Rafael Salcidos Sobrino. Este foi alcalde da Guarda dende 1946 e 1949, ocupando tamén o cargo de Delegado local da Falange na vila, así como de secretario da Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos. O propio Salcidos sería un recorrente asistente aos plenos e sesións da confraría, e a súa figura pon de manifesto como é que se producía este control do poder por parte dunha serie limitada de individuos.²⁷⁰

Nada máis ler a primeira folla do libro de actas da Cofradía, albiscamos como é que esta característica se cumpre no caso guardés: o primeiro Patrón Mayor sería Francisco Moreno Álvarez, *Paco Moreno*, quen fora durante unha semana alcalde da Guarda tralo Golpe, e, por suposto, falanxista, armador, e grande propietario. No contexto guardés toma tamén unha

²⁶⁸ Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, p. 78.

²⁶⁹ Lanero Táboas, Daniel, *Historia dun ermo asociativo. Labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o franquismo*, Tresctres, Santa Comba, 2011, pp. 341-345 e Ortiz Heras, Manuel, *Las Hermandades de Labradores en el franquismo. Albacete 1943-1977*, Instituto de Estudios Albacetenses "Don Juan Manuel", Albacete, 1992, pp. 137-150.

²⁷⁰ *El Pueblo Gallego*, 13 de febreiro de 1957, p. 8 e 10 de decembro de 1954 p. 7.

importante relevancia a relación destes individuos coas elites económicas xeradas na emigración a Puerto Rico. Este era o caso de *Paco Moreno*, quen era fillo de emigrado e nado en Guayama. Posteriormente, co capital familiar e o prestixio social da súa familia (era sobriño do tamén alcalde e indiano Manuel Álvarez, promotor no seu momento da organización *Auxilio Marítimo*), conseguiría dedicarse ao armamento de barcos. Tamén ocuparía cargos de prestixio, por exemplo, no eido deportivo, sendo presidente do *Sporting Guardés* de fútbol.

Ora ben, o seu nome non é o único que debemos de considerar ao falarmos da influencia das elites políticas e económicas locais na constitución da confraría, pois se procedemos a analizar o libro de socios da institución, decatámonos que os dezanove primeiros anotados son armadores e propietarios. Entre eles, estaría Pedro Saracho, outro falanxista que neste caso ocupaba a presidencia da MAMYT, e moitos dos individuos que acabarían por formar parte do cabido sindical e a xunta directiva da confraría nalgún momento da ditadura.

TÁBOA XI. Cabido sindical da Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” 1943-1975. De cores, individuos que repetiron cargos na Confraría, en gris, individuos que foron tamén alcaldes da Guarda, en negra, individuos que eran armadores.

| | PATRÓN MAIOR | SECRETARIO | SECCIÓN SOCIAL | SECCIÓN ASISTENCIAL | SECCIÓN ECONÓMICA | GRUPO BAIXURA |
|------|---|--|---|--|-------------------------|--|
| 1943 | Francisco Moreno Álvarez <i>Paco Moreno</i> | Ricardo Rodríguez Rolán | Antonio Baz Rodríguez <i>Valterra</i> | Emilio Vicente Baz <i>O Ruzo</i> | Agustín Pena Pacheco | Casimiro Baz Castro |
| 1944 | | | | | | |
| 1945 | | | | | | |
| 1946 | | | Abelardo Castro Baz | | | Luis González |
| 1947 | | | | | | |
| 1948 | | | | | | |
| 1949 | | | Juan Antonio Baz | | | Antolín Pérez Lomba |
| 1950 | | | | | | |
| 1951 | | | | | | |
| 1952 | | | Manuel de la Peña Pacheco | | | Emilio Vicente Baz <i>O Ruzo</i> |
| 1953 | | | | | | |
| 1954 | | | | | | |
| 1955 | | | | | | |
| 1956 | Juan Antonio Baz | Emilio Vicente Baz <i>O Ruzo</i> | | | | |
| 1957 | | | | | | |
| 1958 | | | | | | |
| 1959 | Generoso Cadilla Alonso | Jesús Rodríguez Castro <i>Chaval</i> | | | | |
| 1960 | | | | | | |
| 1961 | | | | | | |
| 1962 | Antonio B. R. <i>Valterra</i> | Emilio | | | | |
| 1963 | Antolín Pérez Lomba <i>Cerejas</i> | | Modesto Martínez González | | | |
| 1964 | | | | | | |
| 1965 | | Lorenzo Cividanes | | | | |

| | | | | |
|------|--|--------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
| 1966 | Jesús Rodríguez Castro <i>Chaval</i> | <i>O Taboleta</i> | Jaime Álvarez Mauri | Rodrigo Pacheco Lomba |
| 1967 | | | | |
| 1968 | | | | |
| 1969 | | | | |
| 1970 | | | | |
| 1971 | | | Ramón Baz Castro | |
| 1972 | | | | |
| 1973 | | | | |
| 1974 | Generoso Cadilla Alonso | Dionisio Ameal Alonso | Antolín Pérez Lomba | |
| 1975 | | | | |

Extraído de: elaboración propia a partir de ACPST Libro de Actas de 1943 a 1954 e Libro de Actas de 1954 a 1977.

Na táboa, podemos observar claramente varios patróns. Por unha banda, parte moi considerable dos membros do cabido, especialmente durante as primeiras décadas da ditadura, eran armadores (en negriña), a excepción dos representantes da sección social, que adoitaban ser mariñeiros de gamela ou tripulantes. Tamén podemos albiscar como é que a maioría dos nomes acaban por repetirse, ocupando diferentes responsabilidades dentro da organización. Isto non era un elemento excepcional no mundo do mar, senón que nas Hermandades era habitual que os secretarios fosen tamén corresponsables da *Obra Sindical de Previsión*.²⁷¹ No caso da Marina, os individuos acumulaban cargos na confraría, o ISM e nas diversas mutualidades que del dependían. Isto evidencia que os cargos de poder dentro do organigrama de asistencia laboral e social guardés estaban copados por un pequeno grupo de individuos que acumulaban funcións e pertencían a un estrato social con privilexios. Nesa mesma liña, non imos atopar unicamente a *Paco Moreno* sendo alcalde da vila, pois Agustín Pena Pacheco, Jefe Sindical da Sección Económica de 1943 a 1956, sería nomeado alcalde en 1960.²⁷²

Así e todo, ámbolos dous secretarios non eran armadores nin repetiron noutro posto. O rol desempeñado polos secretarios na confraría sindical franquista aseméllase moito, neste senso, ao dos seus homónimos nas Hermandades. Adoitaban proceder tamén de familias con capital e prestixio social na contorna, o que lles permitía inserirse nas estruturas de poder, mais eles, coma traballadores asalariados, desempeñaban un papel central na administración do día a día das confrarías, pois o cargo de patrón maior, como xa vimos, era honorífico.²⁷³ É por iso que

²⁷¹ Lanero Táboas, *Historia dun ermo asociativo...*, pp.351-353.

²⁷² *El Pueblo Gallego*, 26 de abril de 1960, p. 12.

²⁷³ Lanero Táboas, *Historia dun ermo asociativo...*, pp. 341-345 e Ortiz Heras, *Las Hermandades de Labradores...*, 1992, pp. 137-150.

podemos achegarnos a moitas das dinámicas de poder e control social impostas dende a confraría a través dos dous secretarios que desempeñaron o cargo.

Ricardo Rodríguez Rolán sería nomeado secretario o mesmo día no que foi fundada a confraría. Se ben non temos máis datos acerca de cal foi o proceso polo que acadou este posto, Lanero Táboas afirma que na maioría de casos os secretarios que accederon ao posto nos primeiros anos de funcionamento das Hermandades fixérono seguindo o mecanismo de designación “a dedo”.²⁷⁴ Neste caso, tendo en conta o nulo marxe de tempo que se deixou entre a fundación e o nomeamento, pode ser que esteamos ante este mesmo proceso. Ademais, como xa foi comentado, Rolán non desempeñou unicamente o cargo de secretario da confraría, senón que acabou por compaxinalo, polo menos, co de secretario da MAMYT. A través dalgúns dos eventos protagonizados por Rolán, poderemos afondar no xeito no que as dinámicas de poder coa comunidade e a administración eran construídas na Marina.

No 1952, o Inspector da MAMYT, Costa Alonso, envía un escrito á delegación local na que insta a convocar o máis cedo posible unha reunión cos mutualistas para escoller unha xunta directiva e os seus representantes. A resposta por parte de Rolán deixa moi claras cales eran as intencións para a xestión da entidade:

“Los mutualistas de este puerto son difíciles de reunir por su indiferencia a copar cargos [...] son ajenos a lo social, así nos ha sucedido con la Cofradía, que no es posible tener una general por no compareceren [...] considero que estas Delegaciones deben de funcionar con un Delegado responsable propio, visto la indiferencia de los Mutualistas”.²⁷⁵

Costa Alonso respondería: “escriva [sic] V. A la central indicando que hay dificultades para nombrarla y que, por ahora, esa local debe regirse de acuerdo con lo expresado en el artículo 37”. Este primeiro acontecemento móstranos moi ben a realidade da xestión da toma de decisións e o nomeamento de cargos na confraría, ISM e demais institucións adxacentes. A elección dos representantes acabaría, efectivamente, por realizarse “a dedo”.²⁷⁶

Por outra banda, sabemos que un dos métodos máis eficaces a través dos que se desenvolveu o control da poboación foron os certificados de boa conducta, moralidade familiar ou antecedentes. Sen eles era imposíbel acceder a moitas prestacións, postos de traballo ou servizos públicos, e a súa consecución pasaba inexorablemente polas mans da Xefatura Local

²⁷⁴ *Ibid.*, pp. 341-345.

²⁷⁵ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²⁷⁶ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

da Falanxe, polo que era un mecanismo moi utilizado para vixiar e castigar a quen tiña unha actitude problemática.²⁷⁷

“Porque en terra había as agrarias [Hermandades] que era a sindical e aquí estaba a Cofradía e logo os informes deles valían moito, iso é indiscutible. O secretario da Cofradía dicía isto e iba, e o de lá dicía esto e si e se dicían que non pois non. E si había que, algunhas cousas cousiñas de levar unhas letras conforme estabas de alta ou...ciertos detalles, si to facían.”²⁷⁸

A confraría foi quen de emitilos e adminístralos e ao longo das actas atopamos recorrentes puntos do día enfocados na redacción destes certificados, que moitos mariñeiros e armadores precisaban para poder acceder, por exemplo, a créditos do ISM.

“Se acuerda informar que don [...], es persona de buena solvencia moral, política-religiosa, que por su honradez, la hace presentarse como uno de los mejores existentes en la clase pescadora de este puerto, por lo que se considera por unanimidad cursar la presente dieta [...], para que le sea concedido el crédito de cincuenta mil pesetas que solicita [...]”²⁷⁹

A busca constante dunha impoluta moralidade levaba á propia confraría a saír en defensa dos membros da comunidade cando se realizaban acusacións contra eles. Lembrando ás cativas trasladadas no 1953 a un orfanato para orfas de mariñeiros, a Madre Superiora enviaría meses despois unha carta ao secretario na que pide información sobre a conducta moral e social das nais, pois as nenas non se estaban portando ben. A resposta que recibe é a seguinte:

“[...] gozan en esta villa de una perfecta conducta moral y social, no creyéndolas capaz de la mínima acción contra persona alguna, ni institución, son enteramente cristianas, tanto en sus actos particulares como en la educación de sus hijos”²⁸⁰

Na mesma liña, o seguinte suceso evidencia a posición que Rolán tomaba cando os intereses dos mariñeiros se miraban comprometidos. En outubro de 1952, Costa Alonso informa a Rolán da sospeita de que unhas dezasete embarcacións estarían realizando ocultacións de vendas para non pagar a porcentaxe de peixe coma cotización. Neste momento A Guarda aínda non tiña lonxa, polo que era complexo calcular o valor total do peixe dunha xornada. A solución por parte da Central de Madrid, comunicada a través de Costa Alonso, tería sido facer aos mariñeiros guardeses cotizar polo sistema salarial, ao 7%, trinta días ao mes. Rolán advirte que tal carga fiscal para uns traballadores irregulares que faenaban unha media de quince días mensuais era unha barbaridade. Insistindo, consegue que se respecte un 2%, vinte días ao mes, mais a situación sigue sendo tan miserenta que incluso estas condicións eran inasumibles:

“Que la actual flota pesquera de este Puerto y en especial mención las embarcaciones de pequeño tonelaje [...] atraviesan una crisis muy notoria por falta de pesca en todo este litoral

²⁷⁷ Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, p. 82.

²⁷⁸ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²⁷⁹ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 11a.

²⁸⁰ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

[...] En cuanto a cotización por el sistema que indica [...] se encuentran inconvenientes para el cobro por falta de medios económicos [...].²⁸¹

Dende Madrid, non cesarían as presións para que se cumpran, mais Rolán respondería:

“[...] la falta de pesca les tiene situados en una miseria económica muy notoria, llegando algunos a manifestar el deseo de canvio [sic] de mutualidad. Como la falta de pesca sigue acentuada estas pequeñas embarcaciones están totalmente paradas, encontrándose sus propietarios en estado de miseria.”²⁸²

Costa Alonso acabaría por dar a razón a Rolán, polo que se respectou unha cotización do 2%, mais non faltarán as advertencias por parte da Central: “control que esa Delegación ejercerá para que no oculten en las ventas que realicen”.²⁸³

A deriva destes acontecementos lévanos a reflexionar arredor da posición de determinadas figuras de poder local ante este tipo de situacións. Neste senso, pertencer a unha comunidade pequena como unha vila, e ao mesmo ter un papel de relevancia e autoridade política e económica na mesma constituía un conflito de intereses no momento no que as necesidades e as vontades da comunidade chocaban coa lexislación e ordes que chegaban dende chanzos superiores da OSE ou a Administración. Isto levou ás autoridades locais a desenvolver múltiples posturas na xestión destes conflitos, que podían pivotar dende o apoio absoluto ás demandas da comunidade, o silencio, ou o acatamento da orde imperante. Se ben dende arriba están séndolle impostas á mutualidade unhas condicións de cotización imposibles de cumprir, chama a atención como o secretario chega a “ameazar” coa baixa de todos os barcos se non se fai caso ás súas demandas. Isto sitúao no que que Cabana Iglesia e Lanero Táboas clasifican como o primeiro grupo de actuación, onde están encadradas aquelas autoridades que nalgún punto se mostran contrarias a obedecer aos seus superiores e a aplicar a lexislación.²⁸⁴

Este suceso sírvenos, polo tanto, coma exemplo do complexa que resulta a análise das autoridades locais. Estas tiveron que construír a súa lexitimidade a través da satisfacción das demandas “dos de arriba” e “dos de abaixo”, o que lles permitía manter a súa posición de privilexio dentro da comunidade sen desoír as ordes do Réxime. Con relación a isto, a posición favorable do secretario cara as reivindicacións dos mariñeiros viría da súa comprensión de que

²⁸¹ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²⁸² MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²⁸³ MAMYT da Guarda, no poder de C.R.F. Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

²⁸⁴ Lanero Táboas, Daniel e Cabana Iglesia, Ana, “Equilibrios precarios: una microhistoria del poder local en acción bajo el franquismo” en Fernández Prieto, Lourenzo e Artiaga Rego, Aurora (eds.), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura: historia para un pasado incómodo*, Catarata, Madrid, 2014, pp. 220-250.

eran completamente xustas, ao non adaptarse a lei ás necesidades socioeconómicas dunha poboación empobrecida.²⁸⁵

No verán de 1956, Ricardo Rodríguez Rolán dimite como secretario da confraría e do MAMYT. Non sabemos cales foron as condicións da súa saída de ámbalas dúas institucións, nin se as súas diferencias con Costa Alonso e a Central tiveron algo que ver na súa marcha. No seu lugar, sería nomeado o seu auxiliar, Emilio Lorenzo Cividanes, de alcume *O Taboleta*, quen ocuparía o cargo ata o final da ditadura.²⁸⁶ A súa chegada ao posto, a través do anterior na escala administrativa, era o segundo xeito máis común de acceder, despois do famoso método “a dedo”.²⁸⁷ Aínda que a fonte oral é moi imprecisa neste senso, dá a sensación de que Emilio tivera tamén algún tipo de “enchufe” á hora de entrar na confraría: “*O Taboleta* taba casado cunha sobriña e quedou el de moitos anos.”²⁸⁸

A súa figura vai permitir achegarnos doutro xeito á complexidade que as autoridades locais podían traer consigo. Á hora de preguntar polas accións deste segundo secretario, a resposta inicial entre os entrevistados foi o silencio, acompañado dunha mirada cómplice. A posibilidade de falar del semellaba en primeira instancia complexa. Quen tivo os folgos a facelo, non se expresou precisamente en bos termos.

“Aí era onde o Emilio tiña mala fama de non axudar á xente que estaba un pouco...porque a verdá, os mariñeiros ao non ir á escola...”²⁸⁹ “*O Taboleta* fixo o que lle deu a gana. [...] Porque tiña amigos e os amigos tiñan preferencia. Manga ancha, como lle chamamos. [...] Non era moi ben visto non. [...] Faía o que lle daba a gana. [...] Era o que mandaba. Nadie mandaba por riba del. [...] E o patrón maior era cómplice con el!”²⁹⁰ “Que va eu creo que según lle caías ao tigre [...]. Ou a túa familia...como lle caía a túa familia. Es neta de fulana de tal, e o teu pai e o teu abuelo ao mellor lle caía un pouco tal...vaite pola porta pa fóra.”²⁹¹

Se ben debemos ter coidado á hora de realizar xuízos acerca das accións dun individuo unicamente a través do que se di del, é certo esta memoria negativa non pode ser obviada. *O Taboleta* desempeñaría, do mesmo xeito que o fixera Rolán, máis dun posto dentro do aparato sindical pesqueiro guardés, pois tamén sería o axente local do ISM.²⁹² Así mesmo, ocuparía cargos na vida cultural da vila, neste caso na Comisión das Festas do Monte. Emporiso, os paralelismos co acontecido nas Hermandades ampliaríanse con respecto ao anterior. O sistema

²⁸⁵ *Ibid.*, pp. 220-250.

²⁸⁶ ACPST Libro de Actas de 1954 a 1977, pp. 18a e 19b.

²⁸⁷ Lanero Táboas, *Historia dun ermo asociativo...*, pp. 341-345.

²⁸⁸ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

²⁸⁹ Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

²⁹⁰ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

²⁹¹ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

²⁹² Arquivo municipal da Guarda, unidade 957, expediente 5.

de recadación das cotizacións, que neste caso era administrado parcialmente pola Cofradía, constituiría o ambiente ideal para o fraude por parte dos membros da institución.²⁹³ Segundo as entrevistas, isto aconteceu na Guarda con el ao mando.

“El facía cousas que non sei...el axudaba moi pouco á xente que non estaba... como tema de seguridades sociais. Eu pasoume un caso dun fillo que lle naceu a esta morto, e naquela pagábante por ter os fillos [...] e claro, díxome ‘como vas a cobrar diñeiro se o crío que morreu non ten nome nin nada’, e logo fun a Vigo e cobreí [...] E el, que non axudaba á xente que estaba un pouquiño bisoña a ver, esa fama tíña, e eu creo que era verdade. Que en vez de abrir os ollos á xente, cerráballos.”²⁹⁴ “*O Taboleta*, a maioría mal, porque muita xente ía cotizar e logo cando foron jubilarse...había meses que non te aparecía o diñeiro.”²⁹⁵

Nesta liña, destacaríase o conflito de intereses que tivo con quen foi patrón maior entre 1962 e 1963, Antonio Baz Rodríguez *Valtierra*.²⁹⁶ Segundo o seu fillo, *Valtierra* tería descuberto as irregularidades nos fondos da confraría, que *O Taboleta* utilizaba no seu propio beneficio.

“Porque el era un asalariado e logo pois dedicouse a prestar, a facer créditos. [...] Si, eu seio, porque meu pai foi patrón maior [...] Trouxo o libro para casa e había veces que ao mellor había certa cantidade, 16 ou 20 mil pesetas e ao día seguinte que non había, a cero. E logo ao mellor xente que empezou a facer un barquiño ou a gobernar a casa, entón se era da confianza del, prestáballe. E logo díxalle ao meu pai: ti non vas a cobrar prestacións. E logo o meu pai contouno en Vigo, no ISM [...] E moitos mariñeiros non cobraron eh, e cotizar cotizaron.”

O medo a perder o traballo foi outra das vías a través das que se exercía a represión. Nesta liña, ter que adherirse á Falanxe para optar a certo posto constituía un impedimento para a entrada no mercado de traballo de aqueles que non eran adeptos.²⁹⁷ Na Guarda, a presión podía ser exercida persoalmente polo secretario, quen se encargaría de que ninguén puidese traballar para a institución sen antes afiliarse ao partido único:

“[...] eu recordo que un señor que fora na gamela de pequeno, escondido na gamela dos tíos, e logo deu volta a gamela e os tíos morreron. E el apuntouse nun barco, entón obrigoulle a facerse da Falange, para poder acceder a praza. Porque logo quería que estuvera a traballar na oficina, que non fora ao mar, porque el ao mar non quixo ir máis. E obrigoulle a afiliarse.”²⁹⁸

Entre outras moitas cousas, tampouco debemos esquecer que *O Taboleta* foi considerado pola alcaldía en Pleno Municipal suficientemente digno como para recibir, no ano 1967, a Cruz de Mérito Naval por parte do ISM, en recoñecemento ao papel que tería desempeñado na construción da Casa do Pescador.²⁹⁹

²⁹³ Lanero Táboas, *Historia dun ermo asociativo...*, pp. 351-353.

²⁹⁴ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

²⁹⁵ Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

²⁹⁶ Non podemos, naturalmente, deixar de preguntarnos sobre o por que deste alcume, que moi probablemente tiña que ver con Díez de Rivera, Marqués de Valterra e grande protagonista desta investigación.

²⁹⁷ Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, p. 74.

²⁹⁸ Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

²⁹⁹ Arquivo municipal da Guarda, unidade 957, expediente 5.

Estes individuos non serían os únicos que exercerían un importante papel no control social da poboación mariñeira. Nas casas baratas de Fedorento, estableceríase un “vixiante”, figura moi común nos bloques de vivenda social auspiciados polo franquismo, que debía asegurarse de que o modo de vida nelas se adaptaba ao modelo social e moral do Réxime. Acabaría por exercer o cargo Enrique *O Vixilante*, a quen probablemente a súa condición de excombatente lle facilitou acceder ao cargo.³⁰⁰ Segundo a súa filla, compaxinaba a actividade de vixilancia co seu oficio de albanel.³⁰¹ Ao preguntar aos veciños que o coñeceran cales eran as súas funcións, as respostas foron variadas e pouco precisas. Afirman que estaba para atender “ao que faía falta”,³⁰² exercendo como “alcalde de barrio”.³⁰³ Aínda así, *O Vixiante* non esperta entre quen o lembra un sentimento necesariamente negativo, coma si podía pasar noutros casos nos que existía a mesma figura.³⁰⁴ Con todo, sabemos que hai quen tivo disputas con el a causa da posición de mando que exercía na zona:

“Aquí por aquí polas ventanas...que non se podía poñer roupa fora...que non se podía poñer no patio...e el tíña no patio e máis fora!! E díxenlle eu un día ‘Mira, señor Enrique...’ e el me di ‘bueno, eu paso por largo, como que non miro nada’, e eu lle digo, ‘non! Se vostede lla ten, o castigo ven pola casa!’.”³⁰⁵

5.2.3. “COMIENZA A BLASFEMAR CONTRA EL SANTO NOMBRE DE DIOS”. A CONFRARÍA E O CONTROL DA FE DOS MARIÑEIROS.

O Marqués de Valterra nos seus xa tan amentados discursos, situaba á clase mariñeira como un grupo de poboación profundamente crente, cuxas condicións de vida e os constantes perigos acababan por achegarlles a Deus. Na mesma liña expresaríase, xa nos anos oitenta e dende un punto de vista etnográfico, Eliseo Alonso con respecto á poboación da Marina. Deste xeito, consegue sintetizar cales eran os principais cultos profesados polos mariñeiros no barrio guardés: A Virxe do Carme, Santo Antonio, San Queitano, San Bieito e Santa Trega, xunto co Santísimo Sacramento (o Corpus), entre outros, eran as devocións por excelencia dos mariñeiros guardeses xa dende moito antes do século XX.

Alonso constata que a Confraría do Santísimo Sacramento xa tería presenza na Guarda dende o século XVII, sustentando daquela a súa economía na venda de argazo. A lenda conta que tras unha marea moi mala, os mariñeiros da Guarda terían chegado a terra a salvo dous días despois

³⁰⁰ AHPP: AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

³⁰¹ Entrevista a P.C., 16 de febreiro de 2024.

³⁰² Entrevista a M. E. L., 17 de febreiro de 2024.

³⁰³ Entrevista a S. G., 18 de febreiro de 2024.

³⁰⁴ Fontán Bestilleiro, David, “Casas para la gente del mar: el barrio dos mariñeiros de A Coruña” en Lanero Táboas, Daniel, *De la chabola al barrio social. Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920–1980)*, Comares, Granada, 2020, pp. 117-138.

³⁰⁵ Entrevista a M.C., 17 de febreiro de 2024.

da festa, o que causou que o mesmo Señor aprazase á celebración dous días, dando lugar ao Corpus mariñeiro. Aínda nos oitenta a devoción era tan profunda que se escoitaría polo barrio o dito “O Señor é noso, se queremos, derretémolo”. Por outra banda, a devoción a Santo Antonio tería probablemente provido da tradición portuguesa, para quen este santo, amais de ser o protector dos navegantes, era o dono dos ventos. A devoción á Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros, recuperárase na Guarda a través dunha nova confraría arredor do 1800, despois de que un bote molleiro chegase a porto a salvo. Dende entón, fariase festa en fronte do convento das Benedictinas e na praza de Chan de Conde. As gamelas e os barcos serían protexidos antes da súa primeira faena cun escapulario do Carme, que era colocado debaixo da pía ou do banco pousamastro mentes dicían “Va en nombre de Dios y de la Virgen Santísima/Carmen”. Aínda se lle dedicarían os seguintes versos:

*Nosa Señora do Carme,
patroa dos mariñeiros,
guía a miña cuadrilla
toda de mozos solteiros³⁰⁶*

Tamén existiría un importante culto a San Queitano, quen ten a súa capela no barrio da Cruzada, ollando directamente ao mar. Considérase que dende aí guía aos pescadores e cando hai néboa, avisa coas campás. Na súa procesión, poríanlle unha cana de pescar na man e levaríano ata a ribeira. O culto a Santa Trega, moi estendido entre a poboación de toda a vila, tamén se daría entre os mariñeiros,³⁰⁷ ata o nivel de que a propia confraría e un dos grupos de vivenda social que serían construídos acabarían por levar o seu nome.

*Que alta lla foron por
a nosa Virxe do Tecla
que alta lla foron por
dalle o vento, dalle o aire
dalle o mar pola arredor.*

A influencia desta santa chegaría a portos portugueses como o de Póvoa de Varzim, o cal dende o punto de vista etnográfico comparte moitas características co guardés, e onde tamén se lle canta á santa:

*Minha rica Santa Trega
dai-nos ventinho de pôpa
que nos queremos ir embora
e temos a vela rota.*

³⁰⁶ Alonso, *Gamelas e mariñeiros*, pp. 157-176.

³⁰⁷ *Ibid.*, pp. 157-176.

Porén, e como tamén amenta Alonso, non debemos esquecer que esta relixiosidade viña moitas veces acompañada doutra serie de ritos e crenzas que non tiñan necesariamente que ver co catolicismo. Ás veces, estes elementos entraban en sincretismo, como era no caso do culto a San Bieito, venerado no convento das Beneditinas, en pleno corazón do barrio, que intercedía polos mariñeiros cando un temporal lles pillaba na mar. Antes diso, ao facer a repartición da pesca trala faena, os cartos sobrantes que non daban para repartir, chamados piques, eran usados para mercar aceite que era levado a modo de ofrenda. Cando a marusía azotaba, os familiares dos mariñeiros ían pedir o aceite a San Bieito, botándoo no mar para que acougase, unha costume que, como moitas outras, mesturaban o relixioso co máxico. Aínda así, segundo Alonso, as crenzas católicas prevalecían sobre estoutra serie de elementos.³⁰⁸

Con todo, o Réxime apropiárase de moitos destes rituais e cultos a través da intercesión da confraría na súa financiación e patrocino. Seguindo os principios establecidos por Díez de Rivera, a relixiosidade resultaba outro elemento que debía contemplarse dentro da tarefa integradora das institucións de encadramento para os pescadores:

“Desde su principio tuvieron las Cofradías unas Ordenanzas muy sabias: las inspiraba el ideal sublime de la Religión, el amor al prójimo; por eso tenían casi todas ellas como Patrón a San Pedro, a Santiago, a los Santos Apóstoles, que, de doce...¡¡once eran pescadores!!
[...] En esas Cofradías de pescadores se unía perfectamente lo material y lo espiritual.[...] No encontramos mejor medio [...] que reorganizando las antiguas y tradicionales Cofradías de Pescadores esparcidas por todo el litoral. Por medio de ellas se puede llegar al alma del pescador, pues este obrero, por la índole de su trabajo, vive siempre “la hora de la verdad”, como se ve muchas veces en peligro, muchas veces ha de implorar de corazón -si no está envenenado- el Auxilio Divino [...]”³⁰⁹

Así, a propia escolla do nome da institución, Cofradía de Pescadores “Santa Tecla”, evidenciaba cal era a liña que esta ía seguir no relativo á profesión da fe dos seus membros. Dende o primeiro momento, a confraría dedicaría unha parte do seu orzamento a custear a celebración das festas e devocións dos mariñeiros. En setembro de 1952, acordárase por exemplo conceder a cantidade de duascenas pesetas ás festas na honra de Santa Tegra, que fora escollida no seu momento como a patroa da institución. Esta non sería a única vez que dende a confraría se destinan cartos á financiación das festas, pois este gasto sería habitual, entrando na contabilidade anual. No 1963, a medida que as finanzas e a capacidade adquisitiva da confraría ía en aumento, faría o mesmo a cantidade asignada para a celebración do Carne,

³⁰⁸ *Ibid.*, pp. 157-176.

³⁰⁹ Díez de Rivera y Casares, *La riqueza pesquera en España...*, pp. 40-49.

o Corpus e Santa Trega. Esta cantidade pasaría das cen ás cincocentas pesetas por celebración.³¹⁰ (**Anexo 18**)

A importancia da celebración destas festas no imaxinario colectivo do barrio e para as institucións que nel operaban levaría a que se producisen situacións curiosas, nas que os límites entre o aspecto relixioso e o laboral se mesturaban claramente. O día do Carme de 1957, unha bomba de salve estóupalle na man ao mariñeiro Ángel Lomba Cadilla *Geleto*:

“[...] na festa do Carme, el era o encargado de botar o foguete cuando salía a procesión que chegaba aí a Ribeira, como agora, e parece ser que lle deu un raio do sol porque quedaba así de frente como do monte Tecla e o foguete prendeu e explotoulle, explotoulle na man, destrozoulle a man, e levárono para Pontevedra, e a man non tuvo arreglo.”³¹¹

Ante esta situación, a súa familia quedaba completamente desprotexida, mais segundo narra a memoria familiar, acabaría por quedarlle unha pequena paga por incapacidade xestionada pola MAMYT, aínda que non procedía a causa da natureza do accidente: “Eu aí teño que dicir que iso tuvo que ser un arreglo da Cofradía. [...]. Porque o accidente foi en terra e non estaba no mar.”³¹² Aínda que por desgracia nos resultou imposíbel acceder ao cartafol da MAMYT que nos permitise entrar detalladamente a analizar en que circunstancias exactas foi abordado este suceso, a través da fonte fotográfica e a memoria oral podemos asegurar que, efectivamente, ter perdido a mar durante este acto relixioso implicou que a confraría tomase partido coma se este fosa un accidente de mar. No fondo persoal da familia do *Geleto* consérvase unha foto dun acto oficial na que un alto cargo da marina dá ao mariñeiro “o muñón”, no que semella ser un acto de entrega dalgún tipo de recoñecemento ou axuda (**Anexo 19**), o que non faría máis ca confirmar esta posibilidade. Un acto desta natureza pode ben interpretarse coma un movemento propagandístico e na liña moral da confraría, que comprendía o a profesión da fe coma unha das múltiples tarefas a desenvolver polo mariñeiros. Con todo, a prestación non era suficiente como para manteren á familia, polo que o *Geleto* tivo que seguir traballando coma vendedor de xornais: “Para a familia foi devastadora”.³¹³

Polo tanto, a relixiosidade dos mariñeiros era tamén controlada do mesmo xeito que o era a súa afiliación política ou a súa conduta moral. Isto evidenciábase, de novo, nos certificados de conduta expedidos pola confraría, que atendían tamén á dimensión relixiosa dos seus afiliados. Así a todo, e se ben é innegábel a importancia da relixión e as devocións entre a veciñanza,

³¹⁰ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 79 a e 79b, e ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, p. 67a.

³¹¹ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

³¹² Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

³¹³ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

atopamos exemplos que evidencian comportamentos fóra de lugar con respecto á fe, e que tamén nos falan sobre as deficiencias do funcionamento da institución, a relación dos veciños co alcohol e en xeral o proceso de control social por parte da confraría.

En setembro de 1963, o afiliado J.G.C. tería protagonizado un altercado no local social da confraría, cando entrou proferindo berros reclamando os seus dereitos polo *Seguro de Enfermedad de Bajura*, que seica estaba sendo tramitado na delegación provincial do ISM. Neste momento, e segundo narra a acta:

“el citado afiliado por su estado de embriaguez, comienza a blasfemar contra el santo nombre de Dios y insultando con palabras injuriosas amenazando con linchar uno a uno a todos los presentes.”³¹⁴

O individuo sería detido pola Garda Civil e expulsado da confraría, ao tempo que o incidente era comunicado ao delegado provincial do ISM “para los efectos oportunos”.³¹⁵ Se ben non temos máis xeito de calcular cal tería sido a incidencia real deste suceso, chama a atención o especial interese que hai por parte de quen toma acta de que quede constancia de que J.G.C. blasfemara contra o “santo nombre de Dios” e ía bébedo no momento de facelo. Lendo entre liñas, apreciamos as que seguían sendo as principais preocupacións e focos de interese por parte da institución, que buscaba erradicar o alcoholismo mais ao tempo que facía valer os seus valores sociais, morais, políticos e, neste caso, ademais, relixiosos. Ao mesmo tempo, a resposta cara un acto deste tipo era a desprotección total do individuo, quen probablemente despois desta situación quedase sen os servizos outorgados pola confraría en todos os ámbitos.

5.3.AS ESCOLAS DE ORIENTACIÓN MARÍTIMO PESQUEIRA E AS ESCOLAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE PESCA.

Un dos elementos cuxa continuidade podemos rastrexar perfectamente dende o vello pósito ata a nova confraría serían as *Escuelas de Orientación Marítima* (EOM) no barrio. A súa importancia dentro dun contexto socioeconómico especialmente complexo, o xeito no que se produciu un importante xiro ideolóxico no seu seo, e o proceso de mellora e cambio que sufriron ao longo das décadas van servirnos para evidenciar como é que mudaron as condicións socioeconómicas do barrio mais tamén para continuar achegándonos aos mecanismos de encadramento e control do Réxime impostos a través da confraría.

Tralo Golpe, os mestres das *Escuelas de Orientación Marítima* da Marina foron depurados, poñéndose á fronte novos perfís afíns ao Réxime. En setembro de 1936 sería creada a Junta

³¹⁴ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, p. 74a.

³¹⁵ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, p. 74a.

Local de Iª Enseñanza, co propio Alcalde como presidente, un mestre, dous pais de familia, un médico municipal, o cura e o Secretario do Concello.³¹⁶ O novo rumbo das escolas na Marina ven da man das verbas que Díez de Rivera compartira no seu discurso en Bilbao:

“Entre los pescadores, por ser gente ignorante y de mucho corazón, las ideas extremistas tienen campo abonado para prender. Por eso hay que ejercer una tutela constante sobre ellos; y los maestros de las escuelas de las Cofradías tienen una influencia decisiva sobre la clase pescadora y han jugado un papel muy importante durante los últimos años. En pueblos tan atrasados en que abundaban muchos analafabetos, los maestros eran los sabios del lugar; figuraos lo que podrían hacer. Ya sabían los marxistas y comunistas lo que se hacían: ¡establecieron sus células de modo admirable!”³¹⁷

Con isto, Miguel Rodríguez Garrido, volveu a ser nomeado coma o mestre da EOM (da que xa estivera á fronte antes da República) moi probablemente por apoiar a sublevación. A principios de outubro de 1936 sabemos que a escola está funcionando con relativa normalidade, cuns noventa alumnos matriculados. As nenas, pola súa banda, continuarían asistindo á *Escuela Nacional de Niñas de la Marina*, á fronte da cal estaría a mestra Mª de los Dolores Paz Fernández.³¹⁸

Xa para 1944, a pouco antes creada Cofradía solicitaría ao ISM a creación doutra EOM, “ya que la población escolar del barrio de Pescadores asciende a ciento veinte niños, no habiendo más que una con la excesiva matrícula de 80 alumnos”. Tamén solicitaría a creación de una Escuela Elemental de Pesca “de la que espera esta Directiva la formación cultural y profesional del futuro productor del mar”. Por outra banda, a confraría indicaría que non lle é posible facerse cargo da escola existente, aínda que uns meses despois acabaría por asumir os seus gastos, pois era o seu deber segundo o Presidente do *Patronato pro-Escuela Elemental de Pesca*.³¹⁹

Durante o seguinte ano a confraría conseguiría que se crease outra escola para nenos no barrio, ao cargo de Antonio Rodrigo Pantaleón. A súa posta en activo sería posíbel grazas a unha subvención de duascenas cincuenta pesetas anuais tamén recibida pola antiga escola.³²⁰ Pola súa banda, Francisco López Moure *Don Paco* exercería como mestre nunha das EOM (aínda con máis mestres ao seu carón) durante o resto da Ditadura e a Transición, ata decembro de 1979 (**Anexo 20**). Curiosamente, podemos atopalo tamén en 1962 presentándose como

³¹⁶ Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

³¹⁷ Díez de Rivera y Casares, *La riqueza pesquera en España...*, p. 48.

³¹⁸ Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

³¹⁹ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 4b e 9b.

³²⁰ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 13b.

candidato a Patrón Mayor.³²¹ Grazas aos fondos persoais conservados polo seu fillo e algúns alumnos, coñecemos mellor como era desenvolta a ensinanza dentro das súas aulas.

A reorganización das EOM tería lugar no contexto da nova política educativa ideada polo Réxime, que buscaba ao mesmo tempo conseguir unha alfabetización básica de toda a poboación e enfocar as ensinanzas á súa máxima utilidade produtiva. Así e todo, a ensinanza franquista estaría principalmente regulada pola Ley de Enseñanza Primaria de 1945, contemplaba que a educación primaria incluíse a organización de aulas de iniciación profesional, que terían lugar entre os doce e os quince anos, cunha orientación agrícola, industrial ou comercial, menos no caso das escolas de nenas, orientadas cara a artesanía e as labores do fogar.³²² O caso das EOM non é este especificamente, pois as aulas de orientación marítima estaban contempladas en todos os niveis da primaria e existían dende antes do Golpe, mais si é certo que este regulamento xa amosaba o interese do Réxime por utilizar a escola primaria como primeiro chanzo cara a orientación profesional dos estudantes, cuxo valor era comprendido como parte da capacidade económica e produtiva do país.

“Las Escuelas de Pesca [...] hay que prodigarlas a lo largo de la costa para que los hijos de los pecadores de hoy salgan de ellas con un porvenir seguro y risueño. [...] Es menester que el hijo del pescador [...] tenga facilidades para hacerse el hombre de provecho, con porvenir grande, trabajando en su oficio [...]”³²³

O horario polo que se guiaban as EOM da Guarda era partido, de nove a doce cun recreo de media hora e de tres a cinco. Os rapaces tiñan aulas de luns a sábado, descansando os domingos e os xoves á tarde, e entre as leccións que daban estaban as xerais como *lectura, aritmética, cálculo, historia de España, ou geografía*, e tampouco podían faltar rezo de las *oraciones diarias, cantos patrióticos, explicación de gestas y epopeyas, lección sobre formación del espíritu nacional, estudio de historia sagrada, liturgia y ejercicios de escitura sobre temas religiosos, estudio del catecismo ou rezo del Santo Rosario*. Sen embargo, a particularidade destas escolas é que parte do currículo estaba orientado a unha formación que habilitase aos cativos a exercerem como mariñeiros, polo que tamén se impartían clases de *ordenación marítima ou trabajos manuales y prácticas marineras*, aínda que constituían unha parte mínima das horas semanais.³²⁴ Temos a sorte de conservar cadernos que nos axudan a facernos unha idea de como eran impartidas estas materias. **(Anexo 21)** Así, podemos afirmar que as aulas da

³²¹ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, p. 56a.

³²² Bascañán Cortés, Javier, “A cada uno su oficio...educación y promoción profesional” en Mayordomo, Alejandro (coord.), *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*, Universitat de València, València, 1999, pp. 181-242.

³²³ Díez de Rivera y Casares, *La riqueza pesquera en España...*, pp. 82-83.

³²⁴ Fondo persoal de C. L. S.

EOM da Guarda estaban vertebradas arredor de tres principios que Javier Bascuñán considera definitorios do sistema educativo franquista: fervor relixioso, patriotismo exaltado e utilitarismo pragmático.³²⁵

O certo é que segundo o horario anterior as horas diarias de clase na teoría eran moi elevadas. Neste senso, unha das principais preocupacións por parte do Consejo Local de 1ª Enseñanza estaba arredor das repetidas ausencias a clase. Isto non é un fenómeno que afectase en exclusivo á Marina, mais a entrada prematura ao mercado de traballo tivo consecuencias directas no tempo de escolarización dos cativos mariñeiros: “Eu fun á escola ata os doce anos. Pero tampouco iba seguido eh. Porque cando o meu pai me dicía que tiña que ir po mar ía po mar.”³²⁶

Así, os mestres estaban obrigados a informar semanalmente das faltas xustificadas e sen xustificar dos nenos. No caso de que un rapaz se ausentase sen motivo, os pais eran chamados ao concello para abordar a cuestión.³²⁷ Resulta curioso que en moita da correspondencia non se informaba dun número de faltas alarmante, cando na memoria oral si sobrevive a idea de que eran moi frecuentes, aínda cando dependían do momento do ano: cando máis axuda era precisa, menos se ía á escola. Con isto, na reunión xeral anual da confraría en 1945, acordárase a creación dun mecanismo de castigo a través de multas económicas. Así, cada familia tería que abonar vinte cinco céntimos por cada falta sen xustificar. Estes cartos irían a pasar a un fondo que se distribuiría a finais do curso entre os meniños que si asistisen a clase.³²⁸ Esta decisión tomaríase ao abeiro da Ley de Educación Primaria, que nese mesmo ano regulaba a imposición de sancións tanto “en que incurriesen los padres o tutores de los escolares, y las autoridades locales que no vigilen con celo la asistencia obligatoria a la escuela.”³²⁹

As actividades desenvoltas na EOM estaban controladas por un inspector que asistía anualmente a unha xornada. Tendo na man o caderno de inspección no que figuran os informes elaborados dende o 1944 a 1957 sobre as aulas impartidas por “don Paco”, podemos extraer unha serie de conclusións acerca das condicións xerais nas que a educación era impartida na Marina. A pesares de que unha fonte destas características adoita edulcorar unha realidade socioeconómica moi complexa, é certo que nos permite asomarnos a certos aspectos. Así, a maioría de informes coinciden en que a escola, localizada nun primeiro momento na rúa Calvo Sotelo nº63 no baixo dun edificio pertencente a un tal Francisco Durán, non contaba con boas

³²⁵ Bascuñán Cortés, , “A cada uno su oficio...”, pp. 181-242.

³²⁶ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

³²⁷ Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

³²⁸ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 13a.

³²⁹ Bascuñán Cortés, , “A cada uno su oficio...”, pp. 181-242.

condicións pedagóxicas.³³⁰ Polo demais, estes informes adoitaban centrarse na louvanza do bo facer de *Don Paco* coma mestre, evidenciando como conseguía sacar a flote case heroicamente unhas aulas repletas de nenos en malas condicións. (**Anexo 22**) Tamén se desenvolvían no contexto escolar moitas actividades cunha profunda carga social, que pivotaban de xeito claro arredor dos principios políticos, sociais e morais do Réxime. No 1957, *Don Paco* levaba, ademais da escola

“ [...] muy bien la educación religiosa y patriótica así como la proyección social de la Escuela en la que tiene establecido: Mutualidad, Santa Infancia y Biblioteca, que funcionan admirablemente, lo mismo que el Servicio Escolar de Alimentación”.³³¹

Así e todo, falar dos informes de inspección de *Don Paco* devólvenos de novo a reflexionar sobre o control social exercido a través da educación, un control social tanto dos cativos que recibían a clase, e que eran adoutrinados nos valores do Nacional-catolicismo e o tradicionalismo, coma dos mestres, que miraban como estaban atados de pés e mans á hora de impartir as súas aulas, tendo que aceptar os contidos e principios do Réxime. Neste senso, os Inspectores eran instados a asegurarse de que en todas as escolas se cumprise coa ensinanza dos principios do Réxime, e ao mesmo tempo estaban encargados de que todo o ambiente educativo, cos docentes ao leme, participase do proceso de transmisión dos principios e valores do “Novo Estado”.³³²

Tamén sería creada no barrio unha *Escuela Elemental de Pesca* (EEP), que, tras ser posta en funcionamento curiosamente e seguramente con toda intencionalidade política, o primeiro de maio de 1945, realizaría “la más grande labor social de perfeccionamiento del Pescador, sus clases permiten un nuevo rumbo en la vida dura de estos trabajadores, que esperan en un futuro próximo su mejor conquista del mar”³³³ Estas escolas non funcionarían do mesmo xeito cos mesmos obxectivos que as EOM. Nesta liña, o 1 de agosto de 1945, o patrón maior recibe o Oficio Circular nº 43 da Secretaría en Vigo do *Sindicato Provincial de Pesca de FET y de las JONS* no que lle comunica o seguinte:

“Una de las mayores preocupaciones que deben tener las Cofradías de Pescadores de su Mando, es procurar la formación profesional de los hijos de pescadores, una vez que estos han abandonado la Escuela de Orientación Marítima, y por su edad empiezan a realizar las faenas de pesca. El ISM tiene subvenciones para el desenvolvimiento de dichas Escuelas Elementales

³³⁰ Arquivo municipal da Guarda, unidade 939, expediente 13.

³³¹ Fondo persoal de C. L. S.

³³² Martí Ferrándiz, José J., “Ortodoxia y control en el sistema educativo: la inspección de enseñanza” en Mayordomo, Alejandro (coord.), *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*, Universitat de València, València, 1999, pp.105-180.

³³³ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 13b.

de Pesca y a esa Cofradía le corresponde una pequeña ayuda económica que no dudo será capaz de realizar.”³³⁴

Estas escolas buscaban formar aos rapaces que xa remataran a súa formación nas EOM. As aulas desenvolveríanse de 18:30 a 21:30, aínda que “El Patronato Local podrá proponer, según la modalidad de pesca en la localidad, otro horario de clases compatible con el cotidiano trabajo”. Así, o obxectivo do ISM era que fose obrigatorio asistir a estas escolas entre os catorce e os dezanove anos, impondo multas de cinco, vinte cinco ou cincuenta pesetas a quen se ausentase, e chegando a retirar cartillas de navegación. As ensinanzas terían estado divididas en xerais e profesionais (náutica, mecánica, pesca, etc.), e serían impartidas polos mesmos mestres das EOM e algúns colaboradores: o Axudante Militar de Marina para instruír en cuestións militares, un patrón para ensinar pesca, ou cura para dar relixión e moral entre outros.³³⁵ Durante o curso 45-46, a EEP conseguiría que oito alumnos aprobasen os exames realizados na Comandancia Militar de Vigo.³³⁶

“Inda fun ao mar e logo inda fun á escola de noite un ano ou dous. Cando parabamos, había un maestro que daba pa os rapaces pa estes que faían bachiller estaban estudiando bachiller, dáballes fóra de horas e a nós nos atendía, ao mellor a oito ou dez rapaces, sabía que estabamos a traballar e...sin problema ningún, non nos cobraba nin cobraba nada por...aquelo eran super maestras.”³³⁷

Con isto, os servizos educativos dados pola confraría resultaban igualmente insuficientes, o que causou que moitos cativos e cativas abandonasen a escola ordinaria para apuntarse, xa de rapaces, a escolas e academias privadas que daban a lección adaptándose aos tempos e ritmos de traballo do barrio.

“Fun á escola un ano ou dous e xa non fun máis. Con nove anos xa fun á cordelería.[...] Logo fun cando fun así maior fun a unha escola de noite unha hora, porque senón non sabía para nada, era unha analfabeta máis. Fun os anos de pequena, logo fun a traballar e logo fun cando xa tiña uns catorce ou quince anos iba unha hora pola noite cando salía de traballar, ao mellor iba a de sete a oito.”³³⁸

As nenas do barrio, pola súa banda, semellaron ser sistematicamente ignoradas na planificación da política educativa, tendo que acudir á escola das Carmelitas da Guarda en réxime de beneficencia. Isto repercutiría claramente na calidade da súa educación e na posibilidade de continuar estudando, e deixaría unha importante pegada na memoria colectiva de xeracións de rapazas que recibiron unha educación moi deficiente a causa dos seus medios económicos.

³³⁴ Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

³³⁵ Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

³³⁶ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 19b.

³³⁷ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

³³⁸ Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

“Si, fun antes a un colegio das Carmelitas. De balde, das pobres. Porque as de uniforme eran das ricas. [...] Ibamos todas as da Marina. As pobres ibamos de balde, porque logo as de uniforme iban a pagar.”³³⁹ “Na escola, voute a dicir, rezar, ir a misa, rosario, deixaban a unha encargada alí das que lle levaba cousas ás monxas mentres elas iban ao rezo e mentres iban ao rezo non aprendías, quedabamos alí a cargo dunha a faer ou escritura... [...] Muito rezo, en vez de aprender pois non aprendiamos. E incluso abusaban das que eran pobres, ibamos por pobres. Porque viña un camión de tacos, e te daban así unha galleta, e acarrexabas os tacos pa leñera, xa non aprendías. [...] uniforme as que pagaban. Había de pago. [...] eran clases diferentes. Despois había dous pianos, que cuando iba á capilla, como me gustaba tanto o piano, deixábanme estar na capilla escoitando como tocaban as alumnas de pago.”³⁴⁰

Coa construción da Casa do Pescador, a docencia elemental no barrio mariñeiro sufriu certa mellora, que ademais coincidiría temporalmente coa promulgación da Ley de 29 de abril de 1964 que, entre outras cousas, establecía a obrigatoriedade da ensinanza primaria dos seis aos catorce anos, e a Ley de 29 de diciembre de 1965 que regula outros moitos aspectos da educación³⁴¹, abrindo a vía cara unha unificación escolar que poría eventualmente fin á existencia destas EOM. Mentres tanto, as aulas de Orientación Marítima desenvolvéronse por vez primeira nun contexto educativo favorable, con medios materiais suficientes. Con todo, sobre o devir que posteriormente terían estas escolas dende o seu traslado ao novo edificio, falaremos no capítulo seguinte.

5.4.UNHA NOVA MARINA: REMODELACIÓN E CONSTRUCIÓN DE INFRAESTUTURAS.

Se existe un ámbito no que o papel da Cofradía teña deixado pegada no aspecto e dinámicas actuais da Marina guardesa, este é na súa actividade construtora. Dende a súa creación, un dos principais obxectivos da institución sería o de dotar ao barrio dunha serie de equipamentos e servizos básicos que permitisen un mellor funcionamento e control do sistema pesqueiro guardés. Así, o produtivismo e o paternalismo, conceptos que rexen a política social pesqueira franquista, agroman con especial forza cando reflexionamos acerca dos proxectos construtivos que se levaron a cabo durante estes anos.

Poderíamos analizar moitos dos avances materiais producidos durante estes anos no porto, entre os que atopamos obras xerais que englobaron enlousados de rúas, construción de secadoiros de redes, colocación de lámpadas e “luces de enfilación”, dragado, ou a construción e reforma dun dique de abrigo, mais temos escollido tres elementos que teñen unha importancia

³³⁹ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

³⁴⁰ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

³⁴¹ Bascuñán Cortés, , “A cada uno su oficio...”, pp. 181-242.

central, e a través dos que poderemos inserirnos de cheo tanto no proceso de cambio económico do barrio como na realización efectiva da política social pesqueira franquista.

5.4.1. A LONXA

O produtivismo buscaba o aumento e promoción da produción e consumo de peixe no Estado ante a fame e racionamento experimentados na posguerra. Así e todo, o aumento da produtividade do peixe levaba consigo unha inherente capitalización e regulación dos seus mercados, para o que o establecemento de institucións como as confrarías, que interviñan no proceso de pesca e de venda da materia prima, ía ser un elemento fundamental. Deste xeito, as lonxas foron espazos nos que se quería en primeira instancia levar un control da produción e dos prezos establecidos por porto. Con isto buscaríase evitar a venda irregular e o deterioro do peixe a causa da pouca loxística na súa compravenda, transporte e procesado.³⁴² Ao mesmo tempo, tal e como aparecía recollido na lexislación, e como ficaba evidenciado para o caso guardés na correspondencia entre Rolán e Costa Alonso, a inexistencia dun lugar onde se regulasen os prezos do peixe complicaba a xestión da previsión social, que baseaba o sistema de cotización na cantidade de pesca da lonxa.

Aínda que sabemos que levaba habendo intencións de iniciar un proxecto similar dende 1944-1945³⁴³, o 31 de maio de 1946 será abordada por primeira vez nun pleno a posibilidade de constituír unha lonxa no porto guardés, para o que se inicia o proceso de pedir un crédito ao ISM. Esta entendíase como o “medio para combatir al comprador de playa y mal pagador [...] y el ingreso para fondos con destino a los montepíos [...]”. En decembro de 1947 acordaríase que a lonxa fose unha das prioridades da confraría, que investiría os seus fondos na medida do posíbel en iniciar a súa construción. En febreiro de 1948 presentaríanse os planos, iniciando tamén a petición dun préstamo á *Caja Central de Crédito Marítimo (CCCM)* por valor de cen mil pesetas e outra subvención de vinte mil. Con todo, o proceso de licitación e construción non foi precisamente áxil. Nin os créditos, nin as autorizacións chegaron con eficacia dende a administración e para 1951 as actas aínda non demostraban un avance real no proceso de construción. Sería en 1952 cando comezamos a ter máis noticias do proceso, aínda que non de todo positivas, pois unha parte considerable dos armadores guardeses solicitaban paralizar as obras agora xa iniciadas para escoller un novo emprazamento “que reúna mejores ventajas y menos inconvenientes”.³⁴⁴

³⁴² Díez de Rivera y Casares, *La riqueza pesquera en España...*, pp. 7-124.

³⁴³ AHPP: AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

³⁴⁴ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, pp. 15a, 16a, 19a, 23b, 25b, 76a.

A partires deste punto, o libro de actas, practicamente é a única fonte que temos para coñecer este proceso, deixa de ofrecer información acerca do avance do proxecto, ata que para 1960 se dá constancia de que a confraría chegou a un acordo coa Dirección de la Junta de Obras del Puerto para que lle fose concedida, previo pago dun canon anual de dúas mil pesetas, a administración dunha lonxa que, de súpeto, está construída. Iniciaríase entón o proceso de contratación de dous vixilantes, un vendedor oficial e un xefe de lonxa. Coma xefe de lonxa será nomeado o ata entón Patrón Mayor, Manuel de la Peña Pacheco, mentres que a Bautista Casal Galbán, anteriormente Jefe Sindical da Sección económica, élle concedida a praza de vendedor oficial.³⁴⁵

En xuño de 1962, comezaría a haber problemas na xestión da lonxa, que son comunicados por De la Peña a través dun escrito que fai chegar á confraría. Neste, evidencia a falta de persoal e a súa falta de preparación e de medios para facerse cargo de todas as tarefas que ten encomendadas, o que afirma que repercute na contabilidade e xestión da lonxa. Asevera que non pode traballar nesas condicións. A confraría responde de dous xeitos: evidenciando que o único con falta de preparación na lonxa é o propio De la Peña e elaborándolle unhas Ordenanzas que regulen a súa actividade a partires dese momento.³⁴⁶

Aínda coa lonxa construída, non cesarían os intentos de evasión do pago da cotización ou de venda irregular da materia prima. Isto estaba motivado por unha banda pola necesidade e o alto valor inicial da base de cotización, mais tamén progresivamente por unha maior vontade de saltarse a regulación en vistas a obter maior beneficio. Ao mesmo tempo, o persoal de lonxa sufriría durante estes primeiros anos unha importante cantidade irregularidades e desigualdades no salario e dereitos laborais que semellaban pasar por unha diferenciación clara entre aqueles contratados e os que proviñan doutros cargos dentro da institución. Tamén existirían importantes problemas coa contabilidade e a xestión do establecemento, que se manterían ata o final da ditadura e producirían moito intercambio de correspondencia e longos debates reflectidos no libro de actas.³⁴⁷ **(Anexo 23)**

5.4.2. AS VIVENDAS PARA PESCADORES EN FEDORENTO.

O valor simbólico do fogar no marco ideolóxico do franquismo derivou en que os programas de vivenda, aínda cando eran limitados no seu desenvolvemento, tomasen un papel principal na construción do relato propagandístico do Réxime. En fin de ano de 1952, Franco afirmaría

³⁴⁵ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, pp. 43b, 50b, 51a.

³⁴⁶ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, pp. 59a, 59b, 60a.

³⁴⁷ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, pp. 59a a 100a.

que “La patria española es la suma y compendio de vuestros hogares, que los solidariza en un común destino”.³⁴⁸ O medio polo que transmitir os valores e principios asociados ao fogar nacional-católico sería a propaganda, a través do NO-DO e de xornais e boletíns, que anunciaban o estado das obras dos grupos de vivendas, os beneficios de solicitalas ou os actos inauguración e de entrega aos seus futuros moradores.³⁴⁹

Deste xeito, podemos afirmar que durante a segunda metade dos anos corenta e os cincuenta se desenvolvería na súa plenitude unha “política de vivenda franquista”, que contaría dende entón cunhas características propias: o protagonismo das institucións sindicais na xestión da vivenda social, o foco de atención nas “clases humildes” e a propaganda masiva dirixida cara estas, que outorgaba á vivenda un papel central na política social do Réxime.³⁵⁰

Pola súa banda, de tódolos ámbitos a abarcar pola política social pesqueira, a consecución de vivenda salubre para os traballadores foi sen dúbida un dos elementos centrais para o paternalismo estatal, por constituír unha das principais ferramentas para a construción dun fogar “auténtica conxunción sagrada do material, a vivenda, e o espiritual, a familia”. Neste senso xa afirmaba o Marqués de Valterra

“si en cualquier clase social la vivienda tiene importancia [...], entre los pescadores es definitivo [...] hacerles viviendas sanas, acogedoras, alegres, donde ellos experimenten la satisfacción material del vivir, y tras ello vendrá seguidamente como consecuencia natural su crecimiento moral”³⁵¹

Aínda así, o ISM, non acadaría a condición de entidade construtora ata 1945, e incluso entón, moitas das vivendas proxectaríanse en colaboración co *Instituto Nacional de la Vivienda*, que ordenaba no plano arquitectónico e urbanístico, a *Obra Sindical del Hogar*, que construía as vivendas e a *Dirección General de Arquitectura* que deseñaba e planificaba as intervencións.³⁵²

³⁴⁸ López-Carcedo, Diego, “Marineros, empleados, funcionarios...La política de vivienda del franquismo en la Galicia urbana de los cincuenta y sus beneficiarios”, en del Arco, Miguel Ángel y Hernández Burgos, Claudio (eds.), *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959)*, PUZ, Zaragoza, 2020, pp. 187-204.

³⁴⁹ Véxase: López-Carcedo, Diego, “Vivienda social y propaganda en la prensa provincial: El Pueblo Gallego (1950-1955)” en Moreno Seco, Mónica (coord.); Fernández Sirvent, Rafael y Gutiérrez Lloret, Rosa Ana (eds.), *Del siglo XIX al XXI. Tendencias y debates: XIV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea, Universidad de Alicante 20-22 de septiembre de 2018*, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, Alicante, 2019, pp. 1995-2005; Fernández Rincón, Antonio Raúl, Hellín Pedro, Trindade, Eneus, “Una casa para todos. Uso propagandístico de la vivienda en NO-DO durante la dictadura de Franco (1939-1975)”, *Historia y Comunicación Social*, Nº 25, Vol. 2, pp. 539-550.

³⁵⁰ López-Carcedo, Diego, “Marineros, empleados, funcionarios...”, pp. 187-204.

³⁵¹ Ansola Fernández, “¡Arriba la pesca!...”, pp. 95-103.

³⁵² *Ibid.*, pp. 95-103.

En 1943, coincidindo cos primeiros pasos da confraría, prodúcese o primeiro intento de construír un grupo de vivenda protexida para pescadores, auspiciado pola OSH, e no que cincuenta e tres mariñeiros terían presentado a súa solicitude de vivenda³⁵³. O proxecto quedaría frustrado ante a negativa por parte dos veciños da Marina. Tal e como se expresa nun escrito dirixido á OSH dende o concello, os poucos terreos arredor do barrio son utilizados para o cultivo, polo que os donos non están dispostos a darlles outro uso. Ante esta situación, a OSH insiste para que se reparta propaganda relativa á vivenda social promovida polo Réxime.³⁵⁴

A finais de 1944 e comezos de 1945 a confraría, autorizada polo ISM, iniciaría os primeiros intentos de construír un complexo de “casas baratas” para os traballadores do mar. Nas solicitudes volvemos atopar evidencias da situación da vivenda na Marina:

“[...] reforma general del barrio de pescadores y las edificaciones en este barrio hace una gran cantidad de años que no se realiza alguna, la juventud continuamente en aumento, realiza el matrimonio de una manera acelerada, no pudiendo comprender que en unas viviendas tan reducidas, se alojen tan gran cantidad de almas [...]”³⁵⁵

Este proxecto quedaría nun intento, mais o proceso de construción de vivenda social na vila aceleraríase a partires de 1948. En febreiro dese mesmo ano, a confraría consideraba que se precisaban unhas cento cincuenta vivendas como mínimo para solucionar minimamente o problema.³⁵⁶ En xuño, o secretario técnico da OSH Antonio Míguez visita A Guarda. No seu informe evidencia de novo o problema de vivenda na vila:

“El problema de la vivienda en La Guardia es sin duda alguna el más acuciante en toda la provincia. En esta villa de unos 9.000 habitantes, aproximadamente el 30% de las viviendas no reúnen las mínimas condiciones de higiene ni habitabilidad, dándose el caso de que en alguna, compuesta de una sola pieza, conviven dos y tres familias”.³⁵⁷

Neste mesmo informe afirma entón ter atopado unha finca, a menos de un quilómetro do porto, na que sería viable a construción do complexo, por pertencer a Francisco Moreno, ex-Patrón Mayor da confraría, quen a causa da súa acomodada posición económica e de que carece de herdeiros, vai verse pouco afectado pola expropiación.³⁵⁸ A documentación indícanos que existía a vontade de que estas vivendas solucionasen o problema para a xente do mar. Este proxecto tampouco saíu adiante.

³⁵³ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 7b.

³⁵⁴ AHPP: AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

³⁵⁵ AHPP: AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

³⁵⁶ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, 27a.

³⁵⁷ AHPP: AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

³⁵⁸ AHPP: AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

A partir de 1950, o proxecto de construír un complexo de vivenda social comeza a cristalizar. Desta forma, construíríanse na vila dous grupos para mariñeiros, auspiciados non polo ISM senón pola OSH (**Anexo 24**). O primeiro proxecto iniciárase coa cesión dos terreos pertinentes polo concello entre novembro de 1951 e febreiro de 1952.³⁵⁹ En 1954, co Decreto-Ley de 29/5/1954, proxectarase definitivamente a construción dos bloques de vivendas baixo a cualificación de “vivenda de renda mínima”.³⁶⁰ Dende a confraría, deron en considerar as condicións nas que se construían estas vivendas como “inacceptables”, e insistiron en que as vivendas debían estar localizadas para o uso dos pescadores do porto.³⁶¹ Pouco despois, en 1957, comezaría a proxectarse un novo plan.³⁶² O 14 de xuño de 1958 tería lugar unha sesión extraordinaria do pleno do concello da Guarda na que se indicaba que xa se estaba redactando o proxecto para a construción dun grupo de cincuenta Vivendas de Renta Limitada.³⁶³ As obras iniciáronse en novembro de 1959.³⁶⁴

As “casas baratas” estaban pensadas principalmente para atender á necesidade de vivenda dos pescadores e mariñeiros, residentes principalmente na Marina. Porén, cando analizamos en profundidade as profesións dos beneficiarios, atopamos máis variedade: dos 28 primeiros beneficiarios do primeiro grupo “Santa Tecla”, oito eran mariñeiros ou pescadores, dous recibían a denominación de “empleados”, seis eran peóns, tres albaneis, dous labradores e había incluso un dependente, un chofer e un mecánico.³⁶⁵ No relativo ao grupo N°2582, as entrevistas indicánnos a existencia de mariñeiros e pescadores, mais tamén de militares, viúvas e albaneis.³⁶⁶ Esta composición social diversa sería bastante común nos grupos de vivendas, incluso tamén nos destinados especificamente a “mariñeiros”.

O que si atopamos no cen por cen dos casos é que os beneficiarios estaban afiliados a algún organismo dependente da DNS, ben fose a Cofradía, a Hermandad, ou o *Sindicato de Industria y Comercio*, os cales avalaban o dereito a percibir unha destas vivendas a través dun escrito. Así mesmo, hai quen adxunta documentación conforme loitara cos sublevados durante a Guerra

³⁵⁹ Arquivo municipal da Guarda, unidade 939, expediente 11.

³⁶⁰ *Avante periódico de divulgación de la Delegación Provincial de Sindicatos de Pontevedra-Vigo*, 30 de xullo de 1954.

³⁶¹ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, 16a.

³⁶² AHPP: AISS H Y A, cartafol 9, carpeta “Contabilidade y gastos”.

³⁶³ Arquivo municipal da Guarda, unidade 1464, expediente 6.

³⁶⁴ *El Pueblo Gallego*, 19 de setembro de 1959, p. 10.

³⁶⁵ AHPP: AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

³⁶⁶ Entrevista a M.C., 17 de febreiro de 2024; entrevista a J.B. e J. P., 16 de febreiro de 2024; Entrevista a P.C., 16 de febreiro de 2024.

Civil,³⁶⁷ comprensíbel pois era frecuente que os excombatentes puidesen desfrutar de beneficios laborais ou sociais.

As vivendas desfrutábanse cun contrato de aluguer con dereito a compra. As casas do grupo “Santa Tecla” de “categoría terceira”, terían un prezo de entrada de 32.899,75 pesetas. Como aportación inicial habería que achegar un 10% do valor, un 6% máis en concepto de *redimia*³⁶⁸, e posteriormente un aluguer mensual que durante 5 anos sería de 77,58 pesetas, durante os 15 anos seguintes tamén de 77,58 pesetas, e durante os posteriores 20 anos de 121,86 pesetas.³⁶⁹

Se ben é certo que no caso do Grupo “Santa Tecla” o proceso de adxudicación das vivendas foi saldado con certo éxito, non acontecería o mesmo no caso do Grupo Nº 2582. O fracaso na súa venda estivo altamente ligado á localización das vivendas e ás necesidades da poboación.

“e isto tardou a encherse, foi lento [...] as casas que están aí arriba, foron feitas ao mesmo tempo, pois aí cando nós estabamos vivindo aquí, que acordámonos dos que vivían claro, pois alá nas outras casas non había naide.”³⁷⁰

A distancia da que se atopaban do centro da vila tamén era incompatíbel coas necesidades laborais do principal grupo ao que as vivendas ían dirixidas: os mariñeiros. Segundo a veciñanza, a distancia con respecto ao porto e a pouca adaptación do entorno ás necesidades do oficio, foron os causantes de que quedasen baleiras:

“[...] Porque estas casas eran feitas pa xente mariñeira, pa xente do mar, pero claro a xente que vivía no porto non podía vir, non había coches, non había nada pa traer os aparellos nin nada, había que vir con todo na cabeza entón non as quixeron, e ao cabo dos dez anos, puxéronas en venta”³⁷¹ “[...] esas casas eran para los pescadores, pero a los pescadores no les gustaban porque no tenían donde tender las redes porque eran de pisos”³⁷²

A OSH, dada conta do problema, decide polas en venda para calquera persoa interesada. Resulta certamente curioso como a Obra Sindical considera que as vivendas non foron solicitadas a causa da situación económica dos interesados.

“Existen viviendas vacantes, por lo que se solicitará de la Jefatura Nacional autorización para cederlas en alquiler aún cuando el solicitante no reúna la cualidad de sindicado ni de residente en La Guardia, [...] a pesar del grave problema que allí existe, la causa a nuestro juicio es debido a que consideran la cuota de amortización elevada en relación con los salarios de aquella localidad”³⁷³

³⁶⁷ AHPP: AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

³⁶⁸ Non temos de todo claro a que podía facer referencia este concepto, mais probablemente fose algunha sorte de sinal ou fianza.

³⁶⁹ Contrato pertencente ao pai de P. S., entrevistado o 17 de febreiro de 2024.

³⁷⁰ Entrevista a J.B. e J. P., 16 de febreiro de 2024.

³⁷¹ Entrevista a P.C., 16 de febreiro de 2024.

³⁷² Entrevista a A. M. C., 19 de febreiro de 2024.

³⁷³ AHPP: AISS H Y A, cartafol 9, carpeta “Partes de visitas”.

Esta decisión tería causado un aluvión de compras por parte de familias acomodadas de Ourense e Madrid, moitas veces relacionadas cos organismos do Sindicato Vertical, e inseridas en redes de poder clientelares. P. C. comenta ao respecto: “[...] Entonces na Area Grande que se enteraron de que se vendían estas casas, madre mía, cayeron así, como las rosquillas. Cayeron como las rosquillas.”³⁷⁴ Sen embargo, dende a vila, a chegada destes compradores non foi vista con bos ollos. Segundo comenta A.M.C, filla dun deles, “[...] cuando se dieron cuenta de que las casas se podían alquilar para hacer dinero, nos quisieron echar de ahí.”. Segundo ela, a cuestión chegaría aos tribunais.³⁷⁵

Así, os proxectos de vivenda social promovidos polo ISM e a confraría e executados pola OSH tiveron un éxito limitado no contexto guardés. Se ben hoxe en día os veciños consideran un acerto ter adquirido a vivenda, no propio momento o proxecto non atraeu o interese do grupo ao que ía dirixido, os mariñeiros, ao non adaptarse en absoluto ao modelo de vida e subsistencia deste grupo social.

5.4.3. A CASA DO PESCADOR.

Unha das ideas de Saralegui das que máis descaradamente se apropiou a nova política social pesqueira do franquismo sería a da Casa do Pescador. Ese proxecto, baseado en principios hixienistas e ilustrados, buscaba combater nun mesmo espazo algúns dos males que segundo Saralegui, e posteriormente o Marqués de Valterra máis afectaban aos pescadores. Nesta liña, ámbolos dous terían expresado o seu máis profundo rexeitamento cara as tabernas, que como temos visto eran o espazo de sociabilidade por excelencia dos mariñeiros, o que dende logo tamén aplicaba para o caso guardés. O Marqués de Valterra consideraba a taberna como o lugar no que todas as perversións atacaban á clase pescadora: o alcoholismo, as enfermidades, a pobreza, a violencia e en definitiva calquera comportamento ou actitude que non comulgase cos valores sociais e morais do Réxime. Con todo, a solución pasaba de novo pola educación destes “pobres e ignorantes pescadores”, que non eran quen de coidarse a si mesmos e precisaban dunha organización (a confraría) e un espazo (a Casa do Pescador) para seren dirixidos cara unha vida sa e abocada á familia e o traballo.³⁷⁶

Deste xeito, atopamos, de novo, a Díez de Rivera expondo nos seus discursos en Bilbao cal sería o proxecto e ambicións destas Casas do Pescador que practicamente non presentaban variacións con respecto ao modelo de Saralegui.

³⁷⁴ Entrevista a P.C., 16 de febreiro de 2024.

³⁷⁵ Entrevista a A. M. C., 19 de febreiro de 2024.

³⁷⁶ Ansola Fernández, “¡Arriba la pesca!...”, pp. 95-103.

“Esas Cofradías deben tener su sede [...] en La Casa del Pescador; en ella deben tener los obreros del mar todo lo que necesiten para su industria y para su recreo; las diversas Secciones culturales, sociales, económicas y de previsión que forman las Cofradías de pescadores no pueden tener mejor marco que la Casa del Pescador. Esta debe ser, además, para los pescadores...su bar, su taberna, su casino, su club, y de este modo se puede encauzar mejor una porción de cosas, entre otras la labor antialcohólica, que ya se ha emprendido en algunos puertos, y os añadiré que con muy buen resultado. [...] ;Con el cine y con la radio, qué campañas más hermosas se pueden hacer en la Casa del Pescador! Esto hay que acometerlo en cuanto se pueda, organizando bien una activa propaganda que pudiéramos llamar social-técnico-política entre los pescadores, pues no pretendemos sumisiones, sino fervores y convicciones y de aquí a algún tiempo confiamos en obtenerlos”³⁷⁷

A Casa do Pescador converteríase desta maneira nun espazo multiusos, no que pretendían estar agrupadas todas as necesidades da clase mariñeira, mais non unicamente como xeito de facilitar a vida e permitir o seu desenvolvemento integral, senón como un xeito de establecer un férreo control social e moral das súas actividades, pois o edificio agruparía todos os espazos (traballo, lecer, sanitario, educación etc.) precisos para a vida diaria.

Na Guarda, case simultaneamente ao comezo das conversas acerca da lonxa, iniciáranse os trámites para solicitar ao Ministerio de Obras Públicas a cesión dun terreo, de denominación “de la Fragua” no que inicialmente se buscaría establecer a Casa do Pescador.³⁷⁸ Con todo, xa a mediados dos cincuenta, a vontade da confraría pasaría a ser a de emprazar esta construción no soar denominado Chan de Conde (a praza onde se celebraba o mercado), situado no ancho entre a rúa Concepción Arenal e o Convento das Beneditinas. Iniciaríase así un intercambio de correspondencia entre o concello e a confraría que non daría froitos ata unha década despois, cando en marzo de 1964 o concello acorda ceder gratuitamente o terreo para construír

“Escuelas Públicas para los niños del barrio de Marina [...] los locales sociales de la Cofradía y además para la creación e instalación de un Ambulatorio del Seguro Obligatorio de Enfermedad de los Pescadores de Bajura. Todo ello a cargo del ISM”³⁷⁹

Despois dunha década de xestións, a aprobación da cesión do edificio produciríase a causa dun suceso experimentado polo Secretario General Técnico do ISM nunha visita que realizou ás EOM da Marina. Este, ao atoparse co pésimo estado de conservación das escolas, declarou que “Los niños se hallan en un estado casi permanente de inseguridad personal, en algunas ocasiones y de falta de higiene y de las más elementales condiciones que debe de reunir una

³⁷⁷ Díez de Rivera y Casares, *La riqueza pesquera en España...*, pp. 44-45.

³⁷⁸ ACPST, Libro de Actas de 1943 a 1954, p. 16b.

³⁷⁹ Arquivo municipal da Guarda, unidade 939, expediente 13.

Escuela siempre.”, o que facilitou que o concello dese prioridade á construción dun novo edificio para albergalas.³⁸⁰

Por suposto, a confraría aproveitou para que o novo edificio contase con todos os servizos propios dunha Casa del Pescador ao uso. Iniciaríase así un proceso de busca de financiación, sobre todo pedindo apoio ao *Crédito Social Pesquero* da *Caja Central de Crédito Marítimo* (CCCM). Ata dous anos despois, non sería recibida a resposta favorable á concesión do crédito. Emporiso, para xaneiro de 1965, antes de ter confirmada a financiación, os planos do futuro edificio xa estarían elaborados. O proxecto cos gastos estimados debería esperar ata 1967, cando aínda atoparemos ao secretario e ao patrón maior intentando por todos os medios conseguir máis financiación.³⁸¹

A inauguración oficial do edificio tería lugar no verán de 1967, coa asistencia, entre outros, do Subdirector General do ISM Andrés Mochales Ochando, así como do Gobernador Civil Ramón Encinas Diéguez, a quen, na reunión do cabido do 25 de setembro se acorda outorgar un distintivo de nome “gamela de prata”, coma “símbolo de este puerto por la labor que viene prestando a esta Cofradía”. (**Anexo 25**) Non obstante, aínda co novo edificio oficialmente estreado, sabemos que nos meses posteriores algunhas das prestacións aínda non terían entrado en activo. Este sería o caso das escolas, que, a causa do retraso na chegada do material necesario para a docencia, terían que agardar para seren abertas.³⁸² Os continuos retrasos na culminación dun proxecto coma este non foron un fenómeno exclusivo da Guarda. No caso da Casa do Pescador de Ribeira, esta acabaría por ser inaugurada no 1968, dezaseis anos despois de que o ISM fixese saber ao concello a súa intención de construíla. O mesmo pasaría en Espasante, onde a construción do edificio se retrasaría incluso máis, ata 1972, tras moitos anos tamén de xestión por parte da Cofradía de Ortigueira.³⁸³

Así e todo, a través da análise dos planos deste novo edificio énos posíbel analizar cales foron as funcións reais para as que estaba preparado (**Anexo 26**). O edificio constaría de catro plantas. Na primeira, a pé de rúa e con acceso directo, estarían proxectados un bar, de nome “Hogar del Marino” e o almacén da cooperativa. A segunda planta proxectaba un dobre uso: como ambulatorio e como local da confraría. A terceira planta albergaría ás EOM, mentres que a derradeira tería a función de restaurante. A partires da memoria oral, puidemos saber que

³⁸⁰ Arquivo municipal da Guarda, unidade 939, expediente 13.

³⁸¹ ACPST cartafol “Casa do Pescador”.

³⁸² ACPST cartafol “Casa do Pescador” e ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, p. 115a.

³⁸³ Antelo Alvite, Xurxo e Lanero Táboas, Daniel, “*Más vale fortuna en tierra que bonanza en la mar*”. *Franquismo y vivienda social para pescadores en Galicia*, Ediciones Trea, Xixón, [En prensas], pp. 57 e 81-82.

posteriormente estes usos irían axustándose, a medida que as necesidades da poboación variaban e o edificio ía quedando pequeno ou grande para segundo que prestacións. Coa unificación da educación e a atención sanitaria na vila, o ambulatorio e a escola mudarían de función. A EOM funcionaría durante uns dez ou quince anos (**Anexo 27**), aínda baixo o mando de *Don Paco*, *Don Pantaleón* e outros profesores, ata que foi disolta e o seu alumnado pasou ao colexio público Manuel Rodríguez Sinde. As aulas pasarían entón a acoller a realización de cursos para a obtención de títulos de navegación ou similares. No restaurante afirman que se chegaron a celebrar vodas, aínda que tampouco duraría moito tempo, pois o andar acabaría por ser rehabilitado para acoller oficinas. Estes cambios, que comezarían a producirse máis ou menos unha década despois da inauguración do edificio, xa en democracia, evidencian como as necesidades da poboación mariñeira foron cambiando de xeito relativamente rápido ao longo destes anos. Así, un edificio que planificaba albergar toda a vida laboral e social dos mariñeiros guardeses, viu como a chegada de novos tempos obrigábalos a resignificarse na súa utilidade.³⁸⁴

Neste senso, ao falarmos do proceso de construción da Casa do Pescador, temos amentado o papel que xogou o *Crédito Social Pesquero* como entidade financiadora. Esta institución, dependente do ISM e inserida dentro da CCCM, acadaría dende os anos sesenta unha importancia chave no desenvolvemento económico da totalidade da industria pesqueira. Deste xeito, a construción da Casa do Pescador na Marina, se ben debe comprenderse nos termos ideolóxicos da política social franquista xa proxectada por Díez de Rivera nos primeiros anos do Réxime, é imposible de entender sen termos en conta o desenvolvemento económico da industria pesqueira durante os anos sesenta, que permitiu que se levasen a cabo proxectos antes completamente paralizados. Baixo estas circunstancias abordaremos o apartado seguinte, no que intentaremos arrojar algo de luz sobre o crecemento económico pesqueiro na Guarda.

6. O CAMBIO ECONÓMICO DOS SESENTA. O INICIO DUN NOVO PARADIGMA PESQUEIRO.

Coa entrada da década dos sesenta, a economía española en xeral e o ámbito pesqueiro en particular comezaron a experimentar un crecemento económico sen precedentes. Deste proceso non sería allea, por suposto, a Marina guardesa, que nestes anos experimentou uns niveis de bonanza económica cuxos ecos aínda se poden ver hoxe, cada vez que unha pasea polas ruelas

³⁸⁴ACPST cartafol “Casa do Pescador”; Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024; Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024; Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024; Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024; Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025; Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025; Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025 e Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

do antano humilde barrio mariñeiro e se atopa imponentes edificios de catro plantas, construídos cos cartos que a frota de altura do peixe espada deixou neste recuncho do litoral pontevedrés. Neste apartado tentaremos achegarnos ao papel que a confraría puido ter neste novo contexto socioeconómico, que deixaba atrás as décadas do primeiro franquismo, da carestía e a miseria, para comezar a amosar unha nova realidade. Con todo, podemos preguntarnos cales foron os verdadeiros actores que interviñeron neste proceso, e ata que punto as características e tradición mariñeira da Marina influíron dalgún xeito no crecemento do sector pesqueiro na zona.

6.1.A PAULATINA APARICIÓN DUN NOVO MARCO LEXISLATIVO E O CRECEMENTO ECONÓMICO DO SECTOR PESQUEIRO ESPAÑOL.

O crecemento do sector pesqueiro nos sesenta non viría, dende logo, da nada. Este produciuse grazas e a partires dun novo marco lexislativo, que comezou a conformarse nos derradeiros anos dos cincuenta e nos primeiros dos sesenta e que non afectou unicamente a este sector, senón que supuxo un cambio de rumbo na política económica de todo o Réxime. Neste senso, dende a chegada no 1956 de Laureano López Rodó á Secretaría General Técnica da Presidencia do Goberno,³⁸⁵ iniciábase unha nova era na administración do Estado, caracterizada pola presenza de membros do Opus Dei en postos de importancia chave. Estes individuos, moi ben formados e especializados, recibirían o nome de tecnócratas, e estarían detrás dunha serie de medidas que derivarían na aprobación no 1959 do denominado coma Plan de Estabilización. Deste xeito, iniciábase un período de liberalización da economía e entrada nos mercados internacionais. O plan conseguiría sentar os alicerces sobre os que se construíría o crecemento económico posterior.³⁸⁶

As medidas deixáronse notar en pouco tempo, mais no respectivo ao sector pesqueiro, hai unha institución cunha importancia chave neste proceso que só ten sido amentada ata o de agora de xeito lateral: a CCCM, que mantivera a súa adscrición ao ISM dende antes da Ditadura, comezou a partires de 1961, ao tempo que se producía este despegue da economía española, a sufrir unha serie de reformas do seu sistema financeiro, coa reorganización das Entidades de Crédito Oficial e a creación do *Crédito Social Pesquero* (CSP). Dende o Goberno, as institucións financeiras de carácter público foron configuradas coma poderosos instrumentos

³⁸⁵ Huertas, Pilar e Sánchez, Antonio, *El desarrollismo en la España de los 60*, Creaciones Vicent Gabrielle, Madrid, 2014, pp. 17-48.

³⁸⁶ Hofmann, Ana Catharina, *Una modernidad autoritaria. El desarrollismo en la España de Franco (1956-1973)*, Universitat de València, València, 2023, pp. 148-150.

de xestión dos poderes públicos, o que explicaría o crecemento do CSP e a súa progresiva inserción coma un elemento base na política pesqueira do Réxime.³⁸⁷

Ao Plan de Estabilización seguiríalle todo un novo corpus lexislativo que progresivamente iría regulando e modificando o paradigma produtivo anterior. Así, a Ley 23/12/1961 sobre a Renovación y Protección de la Flota Pesquera, que acabaría por inserirse no primeiro e segundo *Plan de Desarrollo*, constituiría a base sobre a que se erixiría o crecemento económico do mundo do mar. Esta lei pretendía en primeira instancia actualizar o sistema de construción naval que, condicionado pola política sectorial da autarquía, estaba nunha posición absolutamente crítica. Os principios ideolóxicos detrás desta vontade de renovación da flota transpórtannos de novo ao produtivismo de Díez de Rivera. Nesta liña, Francesc Marcitllach, noutrora Director General de Pesca, argumentaba que o plan tería nacido

“[...] a consecuencia de una necesidad imperiosa [...] a fin de asegurar un nivel adecuado en el consumo de pescado por habitante, para lo cual era preciso disponer de una eficiente y modernizada flota apta para realizar abundantes capturas con mínimos costos”³⁸⁸

O CSP sería creado entón a partires do Decreto Ley de 23/7/1964, e xunto coa amentada Ley de Renovación y Protección de la Flota Pesquera e o Decreto 7/62 que regulaba o importe dos créditos concedidos, permitiu iniciar un período de importantísima renovación da flota pesqueira. Así a todo, súa actividade sería exercida a través das institucións do ISM, regulada dende 1965, de xeito que a chegada ao público xeral das prestacións desta entidade resultaba moito máis sinxela. A actividade do CSP durante a década dos sesenta evidencia que se chegaron a realizar unhas 1.833 operacións de créditos por valor de 3.713 millóns de pesetas.³⁸⁹

A previsión social do franquismo tamén sufriu durante estes anos unha serie de mudanzas que viñeron absolutamente condicionadas pola promulgación da Ley del 28/12/1966 Sobre Bases de la Seguridad Social. Este novo marco regulador permitiu por vez primeira superar a insuficiencia evidente do sistema de previsión social existente ata o momento, conformado por un conxunto de seguros e mutualidades moitas veces complementarios e redundantes que resultaban altamente ineficientes. Secasí, esta nova regulación permitiu xeneralizar a protección á poboación activa ao mesmo tempo que ampliou esta protección ás situacións de necesidade social.³⁹⁰ Con respecto ás mutualidades, que durante as primeiras décadas do

³⁸⁷ Sánchez Blanco, *Crédito Social Pesquero*, pp. 163-165.

³⁸⁸ González Laxe, Fernando, *El proceso de crecimiento del sector pesquero español (1961-1978)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1982.

³⁸⁹ *Ibid.*, pp. 174-199.

³⁹⁰ Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 313.

franquismo tiveron carácter obrigatorio e complementario dos *Seguros Sociales Obligatorios*, a súa situación mudaría coa universalización da Seguidade Social a través desta Ley de Bases, cando a súa situación comezaría a perigar. Algunhas integráronse no réxime xeral, outras convertéronse en entidades colaboradores e outras simplemente conservaron un carácter complementario moito máis limitado.³⁹¹ Neste mesmo contexto produciríase a creación do *Régimen Especial de la Seguridad Social del Mar*. Un novo marco lexislativo que permitía unificar as diferentes regulacións e seguros sociais que afectaban aos mariñeiros, ao tempo que xeraba un corpus ordenado dos dereitos e deberes dos traballadores e traballadoras do mar.³⁹²

O cambio lexislativo tamén afectaría nas últimas décadas do Réxime ás ordenanzas e funcionamento das propias Cofradías. Neste xeito, máis aló dos regulamentos que ao longo dos anos setenta reaxustaron a posición e papel da Cofradía sindical dentro do *Sindicato Vertical*, interéсанos a evolución que as confrarías terían dende o punto de vista das súas funcións. Dende 1966, as cooperativas de produción, figura que desaparecera por ser polémica tralo desmantelamento dos pósitos, volverían a abrir sobre todo naqueles portos cunha importante flota de baixura. Tamén foron abrindo progresivamente cooperativas de consumo e de transformación do peixe. A Guarda, tal e como o evidencian os planos da Casa do Pescador, tamén foi testemuña deste proceso. Por outra banda, dende a fundación do CSP desenvolverían tamén unha progresivamente importante función crediticia, exercendo como intermediarias entre o CSP, que estaba regulado a través do ISM e os mariñeiros e armadores.³⁹³

O cambio económico experimentado na totalidade do Estado traería consigo unha serie de transformacións sociais e culturais que, aínda que paulatinas, comezaron a evidenciar que o Réxime deixara atrás a época da fame e a autarquía para inserirse progresivamente nas dinámicas socioeconómicas globais. González Laxe considera que o cambio iniciado nos anos sesenta implicou unha serie de transformacións na pesca litoral e artesanal que son sintetizables en dúas tendencias: por unha banda, o sistema crediticio e a dispoñibilidade de liquidez a causa da mellora na produción permitiu a substitución de vellas embarcacións xa obsoletas e propias dos modelos pesqueiros tradicionais por unidades máis modernas no tecnolóxico, que repercuten directamente na rendibilidade da produción e no nivel de vida dos mariñeiros. Por outra banda, isto tamén deriva na promoción dun modelo de pesca industrial, de altura, que traballa en plataformas pesqueiras afastadas do litoral galego. Isto causaría tamén un proceso

³⁹¹ Sarrias Cárdenes,, “Las mutualidades de Previsión Social...”, pp. 369-399.

³⁹² Castro Argüelles e García Murcia (dir.), *La previsión social en España...*, p. 313.

³⁹³ Taboada Mella, *A Confraría de Pescadores...*, pp. 69-81.

de desenvolvemento técnico e especialización que viría acompañado dunha progresiva concentración empresarial nas flotas de altura que contrasta coa importante atomización empresarial das empresas de pesca litoral.³⁹⁴ Estas consecuencias do cambio económico evidenciaríanse claramente no sistema produtivo guardés.

6.2. “FACER UNHA CASIÑA MARIÑEIRA, QUE ERA AO QUE ASPIRABA, FACER UNHA CASIÑA E AFORRAR CATRO PERRAS”. O CRECEMENTO ECONÓMICO NA MARINA GARDESA.

Nos anos sesenta, os ventos de cambio chegaron tamén á costa sur de Pontevedra. Dende a promulgación da xa amentada Ley de Renovación y Protección de la Flota Pesquera de 1961, os armadores, acolléndose a unhas condicións máis ca favorables para a concesión de créditos, iniciaron un proceso de investimento na flota pesqueira que derivou nun cambio claro de paradigma no modelo de pesca na Guarda.³⁹⁵ Produciuse así o inicio dun cambio masivo dunha pesca de baixura a unha pesca de altura, o que daría lugar a unha época de bonanza económica que transformaría en tódolos sentidos o panorama laboral e polo tanto económico e social dos habitantes da Marina.³⁹⁶ Así, dende eses anos asistiremos a unha progresiva caída nas capturas producidas polo modelo de pesca tradicional, cunha lixeira recuperación cara finais dos 60 que non serviría para máis que producir a caída definitiva nas capturas a partires deste punto.

TÁBOA IX. Evolución do volume e valor total dos desembarcos da pesca tradicional (en Tm. e miles de pesetas) 1953-1978.

| | PESO | VALOR |
|-------------|-------------|--------------|
| 1953 | 473,4 | 3023,9 |
| 1960 | 1026,1 | 13136,2 |
| 1961 | 1041,7 | 9642,1 |
| 1962 | 669,5 | 9732,9 |
| 1963 | 453,1 | 10149,8 |
| 1964 | 612,5 | 13715,8 |
| 1965 | 429,8 | 20667,9 |
| 1966 | 1050,8 | 35100,4 |
| 1967 | 1413,1 | 38548,9 |
| 1968 | 763,9 | 24184,8 |
| 1969 | 804,9 | 31519,2 |
| 1970 | 511,4 | 29654,0 |
| 1971 | 321,6 | 30208,6 |
| 1972 | 293,9 | 30499,6 |
| 1978 | 216,6 | 69910,3 |

Extraído de: Romani Barrientos, “El medio geográfico”, pp. 17-56.

³⁹⁴ González Laxe, *El proceso de crecimiento...*, pp. 354-356.

³⁹⁵ Romani Barrientos, “El medio geográfico” en Beloso Quiñones, Juan S. *et al.*, *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1990, pp. 17-56.

³⁹⁶ Arquivo municipal da Guarda, unidade 786, expediente 1.

A confraría pola súa banda tería un papel chave como intermediaria no proceso de concesión dos créditos do CSP, pois durante este período a necesidade dun certificado de conduta moral seguía en boga, e como xa vimos estes eran outorgados pola Confraría e, por suposto, co visto bo do *Taboleta*. Porén, a relación da confraría co CSP non remataría aquí, pois a propia institución tamén se tivo que valer de moitos dos fondos do CSP para poder xestionar e levar a cabo axeitadamente os proxectos que puxo en marcha entre finais dos cincuenta e inicios dos sesenta. Emporiso, ao longo do Libro de Actas³⁹⁷ e a correspondencia podemos atopar principalmente ao secretario solicitando diversas cantidades que permitan manter servizos ou amplialos, especialmente en relación á Casa do Pescador. Este proceso resultaba nun bucle: a máis medios, máis crecemento, pero a máis crecemento, as necesidades do porto aumentaban e polo tanto, debían aumentarse os medios para poder xestionar o novo movemento, para o que tiña que pedirse un novo crédito.

Sobre a actividade na confraría xa nos derradeiros anos do Réxime, N.L.C., que foi administrativa dende 1970, lembra:

“Pois cobrábamos, pagábamos, faiamos facturas, faiamos as xestións todas dos bancos. Faiamos todo iso. [...] Muito movemento de máis. É que non había asociacións. [...] Todos se reunían na Cofradía. E había cantidade de barcos que iban á langosta. Enton era el nova más. [...] Xa había máis de altura porque naqueles tempos dábante subvencións a fondo perdido e foi cuando se fixeron tódolos barcos grandes aquí. Las subvenciones eran a fondo perdido! Ese diñeiro era dado.”³⁹⁸

Este cambio económico tivo dúas consecuencias: por unha banda un aumento significativo nos recursos económicos e a calidade de vida da poboación mariñeira, mais tamén unha serie de cambios nas condicións laborais que afectarían a como se desenvolvía o traballo no día a día. Deste xeito, a pesca comezou un proceso de traslado paulatino a mares máis afastados do litoral galego: comezaron por traballaren en Portugal, onde ían ao palangre, para posteriormente continuar baixando cara Marrocos e, en última instancia comezar a traballar en grandes barcos de altura cuxa actividade se estendía polos distintos océanos.

“Logo viñeron as embarcacións grandes, xa se foi á costa portuguesa, ao languado, á langosta...acabámoslles coas langostas portuguesas [ri] [...] Entón foise baixando para abaixo hasta que se chegou a Marruecos. E en Marruecos estábase pescando a langosta e máis a merluza, e despois eso por problemas [...] Primeiro foise pa traballar aquí pas Azores, despois pasouse o ecuador, pola costa toda africana, a costa de Brasil e tal e logo pos... dividíronse uns foron po Pacífico e outros po océano Índico. [...] Claro, disde que eu era rapaz foi evolucionando todo, non? Eeh, principalmemte economicamente, economicamente foise despegando cando se ve na costa portuguesa, [...] xa íbamos á langosta na pedra, xa se traballaba

³⁹⁷ ACPST, Libro de Actas de 1954 a 1977, da páxina 96b en diante.

³⁹⁸ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

máis co algodón hai que traballar con muito coidado, se había mar non era...traballábase porque era a arte que había pero tan pronto veu o nylon a través de Portugal, armamos as redes co nylon. [...] Xa deixamos mais os barcos do norte, quedaron os pequeniños, moi pequenos, que andaban nas rías e os medianos xa se pasaron a Portugal que foron os que logo baixaron a Marruecos á langosta, con esas mesmas redes. Entonces xa...e o pueblo pois economicamente foi despegando, co...co trasmallo este da langosta aquí na costa portuguesa e a volanta que xa se estaba traballando polos cantiles, final da plataforma continental, pois eeh, enfin, se pescaba ben e a vida foi...iba..facer unha casiña mariñeira, que era ao que aspiraba, facer unha casiña e aforrar catro perras, foi...eso, aquí hai que entendela que aquí hubo, se non me equivoco vinte unha entidade bancaria, iso se dice, a rezar padernuestros non viñan, esa xente cheira os cartos.”.³⁹⁹

O cambio á pesca de altura implicou tamén o abandono da pesca tradicional e o inicio dunha nova actividade económica na que, aínda manténdose dinámicas anteriores como podía ser o sistema á parte nas retribucións, mudarían outras moitas cuestións como os tempos de descanso e traballo dos mariñeiros. Isto tería unha importancia chave no desenvolvemento das dinámicas familiares e de sociabilidade no barrio, pois os varóns da familia pasaron de saíren a faenar todos os días para volveren a casa pola noite, a teren que estar semanas ou meses fóra da casa, deixando ás mulleres ao cargo de absolutamente todo en terra:

“Por aquí, por aquí, por aquí. Polo mundo adiante é moi, é moi...unha que non tes a familia e outra que o traballo, é un traballo bastante duro, o peixe espada, traballábase moitas horas na cubierta. Pero en fin, era o que había e se había que adaptar. [...] Si si si, home, daba para vivir. Era un diñeiro que...que había que...se o apretabas soltaba sangue. Pero era o que había, tiñas que marchar, eu non vin desenvolver aos críos, aos meus fillos. Se vas a casa xa escapábante, asustábanse. Marchabas inda non sabía falar, logo ao vir sabía falar xa. Era...que o que pasaría todo o mundo. [...] A pesca xa chegou un momento que botas catro, cinco, seis meses na casa, fóra. Eu cheguei a botar oito meses, ter que descargar, por algún motivo, ter que descargar e salir po mar outra vez.”⁴⁰⁰

O cambio tecnolóxico chegaría tamén ao oficio de atadeira, pois coa chegada do nailon, a acción de encascado deixou de ser precisa, o que axilizou en grande medida o proceso de elaboración das redes. Mudou tamén o xeito no que as redeiras traballaban para o barrio, así, os propios tempos de elaboración de redes mudarían co paso masivo da baixura á altura. Os arranxos pasaron de ser unha cuestión case diaria, no caso dos aparellos propios das gamelas, a ser encargos máis grandes mais que debían estar preparados cada unha serie de meses. Como exemplo deste proceso de cambio, podemos narrar o que acontecía cando os barcos guardeses comezaron a traballar en Marrocos. As mulleres dos homes neles enrolados tiñan que ir ata aló a recolleren e arranxaren as redes dos barcos, nun proceso que cada vez mudaba máis rápido dende a tradición ao traballo moderno.

³⁹⁹ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

⁴⁰⁰ Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

“Despós de que foron de algodón viñeron de nailon, que xa non había que darlle tinta, xa non podría. [...] Xa era menos trabaloso, e xa estando eu con vosa nai, vosas tías pequenas, eu xa non iba á chabola, eu faía as redes novas aquí, na casa, para os efectos navales, e preparábase claro.”⁴⁰¹ “[...] Nós tiñamos unha cousa, que logo cando iban buscar eles a langosta nós faiamos o seguinte. Eeh, a ver, como to explico, si, nun ómnibus levábase todo o chan do ómnibus, as redes, debaixo, non? Todo cheo. E íbamos no ómnibus, pa Algeciras, e alí, ao chegar alí botábase as redes e estabamos, botábase as redes, recollíase todo e as mulleres iban no ómnibus alá. E botábase catro días, cinco días, nós viñamos po mar e o ómnibus viña a traer as redes rotas, que que xa...que xa foran ao mar. [...] as redes que levábase no ómnibus, que levábase pa alá, iban atadiñas iban, novas vaia, pero as que viñan pa acá eran as rotas, para elas coselas.”⁴⁰²

Se analizamos o que supuxo este cambio económico dende o punto de vista da evolución das actitudes cara o Réxime, podemos dar en afirmar que a maioría dos habitantes do barrio entran nunha curiosa contradición cando se lles pregunta sobre a súa vida con Franco. Todos coinciden na miseria que condicionou a súa vida durante os primeiros anos, mais no momento no que lles preguntamos sobre como se desenvolveron na súa etapa adulta, existe unha certa unanimidade en afirmaren que os derradeiros quince anos de ditadura e a Transición foron os mellores para o barrio e a súa actividade pesqueira.

Aínda así, non todos lembran a bonanza e o crecemento do mesmo xeito. Ao igual que o expuña Fuertes Muñoz para o seu ámbito de estudo,⁴⁰³ na fonte oral da Marina tamén podemos apreciar como os anos cincuenta son unha época comprendida como de mellora progresiva. A.L.C., quen pasara moita *fome* durante a posguerra, conta como o cambio económico foi moi paulatino. No anos sesenta, as penurias alimentarias cesaron definitivamente e era posíbel proxectar un mellor futuro, pero habería que esperar ata a década seguinte para que o despegue económico se espallase a todo o barrio.

“Ganarían moito diñeiro, a vida foi a mellor, entendes? A vida foi mellorando porque os barcos claro marcharon a pescar a Marruecos á langosta e todo iso. Cuando eu casei no 63 aínda se vivía mal, non se vivía gran cousa eh. Tiñas un anaco de pan pa comer nesa xa, tiñas peixe pa comer iso todo. Logo en adelante xa si, empezaron a vir barcos grandes po peixe espada, outros pas pescadas outros pa Marruecos. Entón a vida foi...foi cando se empezaron a facer casas grandes e todo claro.”⁴⁰⁴

Para moitos autores, o proceso de crecemento económico e mellora nas condicións materiais de vida trouxo consigo o inicio dun período ideoloxicamente marcado pola expansión dunha sorte de “consentemento” ou “conformismo político” fundamentalmente causado pola

⁴⁰¹ Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

⁴⁰² Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

⁴⁰³ Fuertes Muñoz, *Viviendo en dictadura...*, p. 160.

⁴⁰⁴ Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

valoración positiva do benestar e as posibilidades de consumo. É neste punto no que as testemuñas recollidas na Marina volven cadrar coas de Fuertes Muñoz en canto que evidencian como é que o proceso de crecemento levou a que moitos entrevistados lembren moi positivamente a derradeira fase do franquismo.⁴⁰⁵ Neste senso, se ben non obviaban toda a represión política e control social que o Réxime exercía cara eles, a bonanza económica, as melloras no seu medio fundamental de vida son o alicerce sobre o que basean a súa lembranza.

“Cando viu o tempo de Franco empezou pois a vida a andar ao norte, empezou Portugal, e todo o mundo fixo unha casiña, por exemplo esta, esta casa era a da miña abuela, e gobernouse. Po mar foron os mellores anos! non digo pa outros pueblos, pa Guardia eh! Foron os anos...e logo acórdanos a moitos que os melloros anos. Logo veu Marruecos, logo botáronnos fora de Marruecos que eu andaba xa aquí ao mar. Foron os anos que o pueblo da Guardia cambiou! Aqueles anos bos, é comprobado que tódolos bancos estaban representados na Guardia.”⁴⁰⁶

O que resulta patente é que os cambios producidos a nivel estatal, rexional e local durante os anos sesenta e setenta derivaron nun cambio económico sen precedentes na Marina guardesa. As consecuencias disto foron unha primeira fase de bonanza económica que permitiu un cambio tamén urbanístico, social e cultural (**Anexo 28**), que desfíxo por completo o modelo de pesca tradicional e de vida existente anteriormente mais que tamén permitiu unha maior especialización e formación dos seus habitantes, que puideron acceder a estudos secundarios e superiores, a equipararse ao nivel de vida doutras áreas da vila e do resto do país.

“Si, vivíamos ben, si. Teño tres mariñeiros e un maestro. [...] Estudiaron algo do mar. O máis vello non, o máis vello aos doce anos xa empezou a traballar co pai. Pero logo os outros teño un que é maior de máquinas que anda no atún [...]” “A min bueno, tuven as fillas a estudar entonces.”⁴⁰⁷

Esta serie de cambios permítennos comezar a atopar a fillos e netos de xeracións de mariñeiros estudando, ou ocupando cargos de relevancia dentro do organigrama da Cofradía. É de resaltar a importancia que tivo nisto a política social con respecto aos orfos de pais falecidos en accidentes marítimos. Nesta liña, as primeiras mulleres que atoparemos no burgo mariñeiro desenvolvendo actividades cualificadas sen proviren dunha familia con cartos da zona comercial da vila, serán algunhas destas orfas de mariñeiros. Podemos explicar o acontecido a través do caso das fillas de M.L.P., mandadas a un orfanato tralo falecemento do seu pai.

“Logo estuvemos internas desde os nove anos ata os dezaioito. Fixemos administrativo, taquigrafía e mecanografía, en Cambados estudiamos o Bachiller, ibamonos a examinar a Pontevedra ao instituto por libre ibamos pero ao pasarnos a Coruña alí non había bachiller nin nada. Entonces a

⁴⁰⁵ Fuertes Muñoz, *Viviendo en dictadura...*, p. 173.

⁴⁰⁶ Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

⁴⁰⁷ Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

miña irmán a máis vella foi pa Madrid porque xa había feito a reválida e estudou pa maestra en Madrid.”⁴⁰⁸

Posteriormente, dende o 1976, unha das súas fillas acabaría por ser a primeira muller en ocupar un posto de funcionaria (auxiliar administrativa) na confraría. Esta diversificación acentuouse especialmente dende este momento, pois nos oitenta chegaron as primeiras ensinanzas de Formación Profesional públicas á vila, polo que en troques de deixaren de estudar aos 14 anos, moitas rapazas e rapaces comezasen a estudar polo menos o Administrativo⁴⁰⁹, o que abriu oportunidades laborais moi diversas nun barrio mariñeiro xa irrecoñecible.

CONCLUSIÓNS.

Todo o ata o de agora abordado lévanos a poder sintetizar nas próximas liñas unha serie de conclusións arredor da política social para mariñeiros do Réxime, as Cofradías de Pescadores franquistas e o caso particular da Marina da Guarda dentro deste contexto.

Deste xeito, resulta evidente que a Marina guardesa constitúe un espazo urbanisticamente diferenciado do resto da vila da Guarda dende moito antes da cronoloxía na que esta investigación inicia. Esta segregación espacial ten causas principalmente socioeconómicas, relacionadas co modelo de traballo e cunha serie de comportamentos, dinámicas e convencións socioculturais que levaron a unha segregación continuada en tempo e espazo. Dentro desta dinámica, os mariñeiros eran vistos coma veciños de segunda, máis brutos, máis parvos e máis problemáticos que os habitantes da zona comercial, que ademais do poder económico tiñan o poder político e o prestixio social.

Así, durante o século XX o barrio sufriría unha progresiva mudanza e evolución dos seus modelos produtivos e laborais, que pasou pola desaparición nas primeiras décadas das embarcacións tradicionais de pesca a excepción da gamela, convertida na embarcación principal para a pesca de baixura, ao tempo que aumentaba o uso de barcos vapores e motores. Con todo, o modelo salarial seguiríase baseando no método “á parte”, polo que o soldo percibido era irregular, gravemente afectado polas invernadas. Isto influía tanto nos orzamentos familiares, que para mediados do século, no contexto do racionamento evidenciaban unha importante carencia de medios, agravados pola imposibilidade de cultivar no barrio, como na necesidade de desenvolver unha serie de tarefas complementarias á pesca que permitisen a subsistencia en épocas de carestía. Nestas actividades complementarias da pesca, o papel das

⁴⁰⁸ Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

⁴⁰⁹ Rodríguez Martínez, “Mujer y sociedad”, pp. 269-303.

mulleres sería imprescindible, pois eran as que permitían que a cadea produtiva seguise en funcionamento, ao confeccionar as redes precisas para a captura do peixe, e encargase da súa posterior venda. Porén, a dificultade tras este modelo laboral pasaba pola súa difícil regularización. Neste eido, a Cofradía non tería sido quen de reaccionar axeitadamente ás particularidades do contexto laboral das mulleres do barrio.

A segregación espacial e modelo laboral da Marina derivou, especialmente dende inicios do século XX e atendendo ao contexto político estatal, nunha progresiva politización da clase mariñeira guardesa ante a precaria situación na que ficaran os traballadores do mar dende a disolución dos Gremios de Mareantes. O auxe do sindicalismo mariñeiro de clase na Guarda chegaría ao seu clímax durante a II República, co sindicato de Industria Pesquera “Nueva Marina”, adscrito á CNT. Simultaneamente, a vía asistencial corporativista proposta por Saralegui, os Pósitos de Pescadores, chegarían tamén á vila. Xa neste punto existirían importantes tensións entre armadores e mariñeiros, que estourarían definitivamente co Golpe de Estado, dando paso a un período de importante violencia e represión cara os veciños da Marina, derivada tanto da súa afiliación política, como pola súa baixa consideración social. A represión manteríase ao longo da ditadura, mais atoparía na *Cofradía de Pescadores “Santa Tecla”*, fundada no 1943 en plena eclosión da política social para mariñeiros do franquismo, un instrumento de encadramento e control social de primeira orde.

Neste senso, as labores da confraría tentarían, na liña do corporativismo previo dos pósitos, abordar todos os aspectos da vida dos mariñeiros, prestando especial atención ás súas desviacións morais e políticas. Así, as ideas do Marqués de Valterra, que pivotaban arredor dunha política social para mariñeiros paternalista e produtivista, foron aplicados en cada porto a través das oficinas do ISM e, especialmente, das *Cofradías de Pescadores*. No caso guardés, temos rastrexado como é que este proceso afectou a moitos dos aspectos da vida dos mariñeiros, tocando practicamente punto por punto o proxecto social pesqueiro do Réxime. Para comezar, o papel da Cofradía estaría plenamente coordinado co do ISM e as demais institucións pertencentes ao Sindicato Vertical no barrio e na vila, o que derivaría no solapamento das súas funcións e na existencia de individuos que copaban os cargos nas mesmas.

Dende o punto de vista da previsión social, isto implicou que os seguros sociais dos mariñeiros dependentes do INP estivesen xestionados polo ISM a través da Confraría, mais existían paralelamente, e nunha sorte de punto intermedio entre ámbalas dúas institucións, unha serie de mutualidades que tiñan tamén delegacións locais na Guarda. A través da nosa análise da

MAMYT local puidemos asomarnos a como esta institución se comportaba cos seus mutualistas, o que pareceu deixar claro as poucas garantías que ofrecía ante un accidente de gravidade e como é que era utilizada coma un excelente medio de propaganda. Deste xeito, o obxectivo do Réxime, que era conseguir a súa lexitimación a través do seu novo sistema de previsión social, quedaría absolutamente deslucido ante a súa ineficacia e o caldo de cultivo que foi para a creación de redes clientelares.

Emporiso, isto entronca perfectamente coa análise realizada acerca do control social desenvolvido por parte da Cofradía e os seus membros, que tiña lugar no marco territorial da Marina, e onde volta a agromar o pasado político da veciñanza como motivo para o uso da violencia por parte das autoridades. Isto tería acontecido non unicamente dende as forzas de seguridade, senón que a Cofradía, a través dos membros do seu cabido e xunta directiva, que eran na súa maioría armadores con prestixio social e poder económico ideoloxicamente afíns ao Réxime, foi quen de facerse valer como órgano de control social. De novo, vemos como o caso da Cofradía guardesa pode perfectamente inserirse nos estudos existentes para, por exemplo, as Hermandades Sindicales. Constatamos polo tanto que estamos ante un proceso global que tivo a súa incidencia no barrio mariñeiro guardés a través da Cofradía.

Ademais da extracción social dos seus membros, chamaría poderosamente a atención como é que, ao igual que acontecía noutras institucións como as Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos, o control da Cofradía recaía especialmente na figura do secretario, quen no caso guardés era un funcionario contratado, absolutamente afín ao Réxime, e que se encargaba tanto da xestión desta institución como doutras interdependentes como a delegación local do ISM ou da MAMYT. Na Guarda, a análise dos secretarios da confraría serviunos para desenvolver como é que funcionaban as dinámicas de poder local ao tempo que establecíamos paralelismos co mesmo fenómeno nas Hermandades. Volvemos a estar ante un caso que encaixa cos estudos previos, mais neste senso tería sido máis interesante afondar na traxectoria vital xeral dos individuos que coparon os cargos da confraría e demais institucións locais, para poder afacernos unha idea máis detallada do que foi o proceso de

Emporiso, a poboación da Marina desenvolveu formas de resistencia como reacción ao contexto de fame e violencia política no que vivían: o contrabando, actividade moi estendida na zona, tivo un importante calado como mecanismo de subsistencia e resistencia, así como as escoitas á radio Pirenaica, que estaban completamente normalizadas entre unha poboación que comprendía as limitacións que lle eran impostas constantemente. Isto non implicou, por

suposto, que tamén existise unha ampla masa de mariñeiros que acabase por, no día a día, consentir as accións do réxime, pois o medo, a represión, a propaganda e as estruturas de encadramento dificultaban en moita medida a capacidade dun enfrontamento directo.

No eido relixioso, a Cofradía apropiárase dunha serie de devocións e celebracións cuxa incidencia no barrio xa era moi anterior. A través da relixión, outro dos eixos fundamentais da política para mariñeiros do Réxime, buscábase, de novo, o encadramento moral dos membros da comunidade. Secasí, as circunstancias socioeconómicas do barrio facían acotío rachar con esta suposta relixiosidade fervente e moralidade exemplar. Neste proceso de control social e cambio económico, tería tamén unha gran proxección e incidencia o acontecido no eido da educación a través das EOM. Estas funcionaron ao mesmo tempo como elemento de adoutramento, de control social, de atención aos nenos con necesidades mais tamén de preparación para o mar nun sentido máis produtivista, a dirixir a formación dos cativos cara un modelo de vida orientado ao traballo no mar. Neste senso, as circunstancias e a calidade da educación estiveron moi condicionadas polas propias deficiencias materiais das instalacións.

No entanto, o proceso de construción de infraestruturas sufriría un importante despegue dende finais dos cincuenta e inicios dos sesenta, onde atopamos ao mesmo tempo os elementos que máis pegada teñen deixado actualmente no barrio e onde se concentran todos os principios rexedores desta política social: na lonxa, as casas baratas e a Casa do Pescador converxen o paternalismo e o produtivismo e toman unha grande importancia elementos destacados xa por Saralegui e por Díez de Rivera nos anos previos.

Con todo, podemos preguntarnos ata que punto as diversas accións desenvoltas pola confraría tiveron un calado e influencia reais no nivel de vida da veciñanza da Marina. Se ben podemos ter a sensación inicial de que a confraría “non paraba de facer cousas”, a tónica xeral entre a veciñanza é a de non recoñecer abertamente o seu papel como promotora e xestora do barrio. Así, moitas dos avances promovidos pola institución resultaban insuficientes debido á lentitude na súa aplicación, as limitacións na cobertura da maioría da veciñanza ou a súa instrumentalización como recursos propagandísticos e de creación e mantemento de redes caciquís. Con todo, a eficacia da institución no control social e encadramento da poboación foi evidente aínda que tamén relativa. Se ben a inmensa maioría dos mariñeiros acabaron por ser socios da Cofradía, e polo tanto beneficiarios de moitos dos seus servizos, isto non lles impediu manteren certa autonomía política e as súas propias consideracións acerca do deficiente funcionamento organizativo e o problemáticas que eran figuras como as do *Taboleta*.

Por último, fica tamén abertamente demostrado que no proceso de cambio económico producido na Marina dende os anos sesenta tivo unha importancia chave o novo marco legislativo, que permitiu a renovación da flota e o cambio definitivo dun modelo de pesca tradicional de baixura á pesca de altura e grande altura. Ora ben, a influencia neste proceso da Cofradía, anteriormente ideada como a institución de referencia de toda a clase pescadora, queda limitada a unha función intermediaria entre os mariñeiros, o ISM e, sobre todo, o CSP; cuxas inxeccións de capital acabarían por xestar o verdadeiro cambio. Desta forma, as accións da Cofradía durante os sesenta e setenta quedaron deslucidas ante o proceso de crecemento económico que estaba a piques de despegar. As casas de Fedorento ficaron sen mariñeiros por non adaptarse ás súas necesidades, mais tamén porque, pouco a pouco, todos foron podendo *gobernar a súa casaña*, e as funcións da Casa do Pescador tiveron que ir readaptándose a medida que, na última década da ditadura, se producía un cambio social que foi inseparable do crecemento económico. As EOM tamén desaparecerían na medida na que entrou en pleno funcionamento o colexio público da vila. Pola súa banda, a confraría mantería unha importante función na xestión da Lonxa e da seguridade social, esta derradeira cuestión sempre en coordinación co ISM.

Con todo, este crecemento acelerado do nivel de vida da Marina dende mediados dos sesenta, na tónica do acontecido en todo o estado, tería estado verdadeiramente causado pola nova política económica e as inversións masivas de capital no sector pesqueiro, que causarían un cambio transversal no modelo de vida do barrio, sen que realmente a Cofradía tivese un papel central máis aló de actuar como xestora xunto co ISM do CSP. Deste xeito, as súas accións quedarían deslucidas ou resultarían xa inútiles, sobre todo no eido do encadramento e control social e os servizos educativos e culturais no momento no que as inversións de capitais permitiron á clase mariñeira guardesa crecer en todos os ámbitos da vida. Así, os derradeiros anos da ditadura, economicamente dourados para a confraría, non o serían tanto no resto das súas finalidades, ante unha política pesqueira xa desfasada dende que Saralegui e posteriormente Díez de Rivera a idearan máis de corenta anos antes.

Con isto, chegaríamos a ter unha imaxe máis ou menos xeral do que foi a incidencia das políticas sociais do Réxime para mariñeiros no barrio da Marina, na vila da Guarda. A partires das conclusións sacadas ao respecto, ábrense importantes vías que permitirán seguir afondando na pescuda acerca da proxección e incidencia das políticas franquistas para traballadores do mar a través das Cofradías de Pescadores.

BIBLIOGRAFÍA.

- Agüero Rey, Isabel e Olano Rey, Alberto, “La evolución reciente de la fecundidad en España”, *Reis: Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, nº10, 1980, pp. 121-150.
- Aguirre Prado, Luis, “Instituto Social de la Marina”, *Publicaciones españolas*, nº 340, 1957, pp. 1-28.
- Alonso, Eliseo e Alonso Rivas, Alicia María, “Atadeiras de A Guardia” en *Coloquio de etnografía marítima*, Museo do Pobo Galego e Consellería de Pesca, Santiago de Compostela, 1988, pp. 129-132.
- Alonso, Eliseo, “Mariñeiros das gamelas” en *Coloquio de etnografía marítima*, Museo do Pobo Galego e Consellería de Pesca, Santiago de Compostela, 1988, pp. 115-127.
- Alonso, Eliseo, *Gamelas e mariñeiros*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2021.
- Álvarez Pérez, José Ramón, “Un comenzo do asociacionismo mariñeiro. As compañías Á Parte, 1850-1910” en Fernández Pintos, María Pilar (ed.), *Galicia mare nostrum, a importancia do mar en Galicia:[comunicacións da] VIII Semana Galega de Historia, [19-22 abril 1999, Museo do Pobo Galego]*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela, 2001, pp. 276-286.
- Álvarez Seoane, Generoso, *Historias del "Baixo Miño" y de su gente*, Cardeñoso, Vigo, 2008.
- Ansola Fernández, Alberto, “¡Arriba la pesca!: el discurso de la política social pesquera durante el Primer Franquismo”, *AREAS. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, nº27, 2008, pp. 95-103.
- Ansola Fernández, Alberto, *Los pósitos de pescadores: una inusitada aventura reformista (1917-1943)*, Ediciones Universidad de Cantabria, Santander, 2021.
- Antelo Alvite, Xurxo e Lanero Táboas, Daniel, “*Más vale fortuna en tierra que bonanza en la mar*”. *Franquismo y vivienda social para pescadores en Galicia*, Ediciones Trea, Xixón, [En prensa].
- Bascuñán Cortés, Javier, “A cada uno su oficio...educación y promoción profesional” en Mayordomo, Alejandro (coord.), *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*, Universitat de València, València, 1999, pp. 181-242.
- Beloso, Juan S., “Embarcaciones y artes de pesca tradicionales en el puerto de A Guarda” en, Beloso Quiñones, Juan S. et al., *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1990, pp. 57-230.
- Cabana Iglesia, Ana, *La derrota de lo épico*, Universitat de València, València, 2013.
- Cabana Iglesia, Ana, *Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia*, Tresetres, Santa Comba, 2009.
- Carbajo, Judith, “Os outros nomes das mesmas voces. Identificación de verdugos, relatos e lóxicas da persecución golpista franquista” en Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez

- Macho, Antonio ((eds), *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Editorial Galaxia, Vigo, 2018.
- Castro Argüelles, María Antonia e García Murcia, Joaquín (dir.), *La previsión social en España. Del Instituto Nacional de Previsión al Instituto Nacional de Seguridad Social*, Gobierno de España, Ministerio de Trabajo e Inmigración, Secretaría de Estado de Seguridad Social, Madrid, 2007.
- Costa Alonso, José, Santos Castroviejo, Santiago e Rúa Costa, Xosé Luis, *José Costa Alonso, Memorias da miña vida societaria*, Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, Santiago de Compostela, 2000.
- Del Campo, Salustiano e Rodríguez-Brioso, María del Mar, “La gran transformación de la familia española durante la segunda mitad del siglo XX”, *Reis: Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, nº 100, 2002, pp. 103-165.
- Díez de Rivera y Casares, Pascual, *La riqueza pesquera en España y las Cofradías de Pescadores*, Editora Nacional, Madrid, 1940.
- Fernández Rincón, Antonio Raúl, Hellín Pedro, Trindade, Eneus, “Una casa para todos. Uso propagandístico de la vivienda en NO-DO durante la dictadura de Franco (1939-1975)”, *Historia y Comunicación Social*, Nº 25, Vol. 2, pp. 539-550.
- Fontán Bestilleiro, David, “Casas para la gente del mar: el barrio dos mariñeiros de A Coruña” en Lanero Táboas, Daniel, *De la chabola al barrio social. Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920–1980)*, Comares, Granada, 2020, pp. 117-138
- Freire Paz, Elena e Cabana Iglesia, Ana, “Fabular la abundancia y desmemorar el hambre. Relatos para los tiempos sin pan en Galicia” en Conde Caballero, David, Rivero Jiménez, Borja e Mariano Juárez Lorenzo (eds.), *Vidas sin pan. El hambre en la memoria de la posguerra española*, Comares, Granada , 2023, pp. 41-61.
- Fuertes Muñoz, Carlos, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, Comares, Granada, 2017.
- González Laxe, Fernando, *El proceso de crecimiento del sector pesquero español (1961-1978)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1982.
- Hofmann, Ana Catharina, *Una modernidad autoritaria. El desarrollismo en la España de Franco (1956-1973)*, Universitat de València, València, 2023.
- Huertas, Pilar e Sánchez, Antonio, *El desarrollismo en la España de los 60*, Creaciones Vicent Gabrielle, Madrid, 2014.
- Jorge Pereira, Natalia, *Actitudes e comportamentos sociais nos concellos fronteirizos de Tomiño e Cerveira ante as ditaduras de Franco e Salazar na década de 1940*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2024.

- Lanero Táboas, Daniel e Cabana Iglesia, Ana, “Equilibrios precarios: una microhistoria del poder local en acción bajo el franquismo” en Fernández Prieto, Lourenzo e Artiaga Rego, Aurora (eds.), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura: historia para un pasado incómodo*, Catarata, Madrid, 2014, pp. 220-250.
- Lanero Táboas, Daniel, “Franquismo y política social: una aproximación crítica a las políticas de vivienda y asistencia sanitaria”, *Historia del presente*, nº38, 2021, pp. 31-47.
- Lanero Táboas, Daniel, *Historia dun ermo asociativo. Labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o franquismo*, Tresctres, Santa Comba, 2011.
- Lanero Táboas, Daniel, Míguez Macho, Antonio, Rodríguez Gallardo, Ángel, “La ‘raia’ galaico-portuguesa en tiempos convulsos. Nuevas interpretaciones sobre el control político y la cultura de la frontera en las dictaduras ibéricas (1936-1945)” en Freire, Dulce, Rovisco, Eduarda e Fonseca, Inês (coords.), *Contrabando na fronteira luso-espanhola. Práticas, memórias e patrimónios*, Edições Nelson de Matos, Lisboa, 2009, pp. 57-88.
- López-Carcedo, Diego, “Marineros, empleados, funcionarios...La política de vivienda del franquismo en la Galicia urbana de los cincuenta y sus beneficiarios”, en del Arco, Miguel Ángel y Hernández Burgos, Claudio (eds.), *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959)*, PUZ, Zaragoza, 2020, pp. 187-204.
- López-Carcedo, Diego, “Vivienda social y propaganda en la prensa provincial: El Pueblo Gallego (1950-1955)” en Moreno Seco, Mónica (coord.); Fernández Sirvent, Rafael y Gutiérrez Lloret, Rosa Ana (eds.), *Del siglo XIX al XXI. Tendencias y debates: XIV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea, Universidad de Alicante 20-22 de septiembre de 2018*, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, Alicante, 2019, pp. 1995-2005.
- Martí Ferrándiz, José J., “Ortodoxia y control en el sistema educativo: la inspección de enseñanza” en Mayordomo, Alejandro (coord.), *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*, Universitat de València, València, 1999, pp.105-180.
- Martínez Pereda, Lucio, *El pan y la cruz. Hambre y Auxilio Social durante el primer franquismo en Galicia*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2017.
- Molinero, Carme, *La captación de las masas*, Cátedra, Madrid, 2005.
- Muñoz Abeledo, Luisa, *As mulleres e o mar. O traballo feminino nas industrias marítimas de Galicia. Séculos XIX e XX*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2024.
- Muñoz Abeledo, Luisa, *Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia. 1970-1970*, Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona: Icaria, Barcelona, 2007.
- Noya, Juan, *Fuxidos*, Vigo, Xerais, 1996.

- Ortiz Heras, Manuel, *Las Hermandades de Labradores en el franquismo. Albacete 1943-1977*, Instituto de Estudios Albacetenses "Don Juan Manuel", Albacete, 1992.
- Pantaleón Cadilla, Xurxo, "A Guarda" en Wouters, Marc (ed.), *1936. Os primeiros días. Historia oral de Vigo, Betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense*, Xerais, Vigo, 1993, pp. 73-91.
- Pereira, Dionísio, *Loita de clases e repersión franquista no mar (1863-1939)*, Xerais, Vigo, 2011.
- Pons Pons, Jerònia, "La gestión del seguro obligatorio de accidentes de trabajo durante el franquismo (1940-1975)", *Revista de Historia Industrial*, nº 45, 2011, pp. 109-144.
- Prada Rodríguez, Xulio e Soutelo Vázquez, Raúl, "As estratexias de supervivencia económica na posguerra", en VV.AA., *Historia Nova V. Contribución dos xoves historiadores de Galicia*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela, 1998, pp. 177-214.
- Presas Sobrado, Adrián, "Cuando el vecino no elegía al alcalde: la selección de los poderes locales", en Fernández Prieto, Lourenxo e Leira Castiñeira, Francisco J. (eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Universitat de València, València, 2023.
- Rodríguez Martínez, M^o de la M. Milagrosa, "Mujer y sociedad" en, Beloso Quiñones, Juan S. *et al.*, *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1990, pp. 269-303.
- Rodríguez Santamaría, Benigno, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España: su vida social y particular por provincias*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2005.
- Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, Universitat de Valencia, Valencia, 2020.
- Romaní Barrientos, Ramón, "El medio geográfico" en Beloso Quiñones, Juan S. *et al.*, *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1990, pp. 17-56.
- Sánchez Blanco, Jerónimo, *Crédito Social Pesquero*, Publicaciones del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid, 1992.
- Sarrias Cárdenes, Cristóbal, "Las mutualidades de Previsión Social en España, 1939-2008" en Castillo, Santiago e Ruzafa, Rafael (coords.), *La previsión social en la historia. Actas del VI Congreso de Historia Social de España, Vitoria, 3-5 de julio de 2008*, Siglo XXI, Madrid, 2009, pp. 369-399.
- Taboada Mella, María Salomé, *A Confraría de Pescadores como corporación privada*, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Santiago de Compostela, 2006.

Taboada Mella, María Salomé, *A Confraría de Pescadores tutelada polo Estado*, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Santiago de Compostela, 2006.

Vilar Rodríguez, Margarita, *Los salarios del miedo. Mercado de trabajo y crecimiento económico en España durante el franquismo*, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 2009.

Villa Álvarez, Joaquín Miguel, *Hospital Casa-Asilo de A Guarda (1918-2018). Centenario de una institución benéfica nacida en Puerto Rico*, Concello de A Guarda, A Guarda, 2018.

Villa Álvarez, Joaquín Miguel, *Sindicalismo no Baixo Miño: (1930-1936): o predominio do agrarismo tomiñés*, Concello da Guarda e Unión Comarcal de CCOO de Vigo, A Guarda e Vigo, 2003.

Villa Álvarez, Joaquín Miguel. “O patrimonio urbanístico da Guarda” en Álvarez, Francisco (coord.), *Na sombra do Tegra*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2017, pp. 15-33.

FONTES.

Entrevistas.

Entrevista a J. B. e J. P., 16 de febreiro de 2024.

Entrevista a P.C., 16 de febreiro de 2024

Entrevista a M. E. L., 17 de febreiro de 2024.

Entrevista a M.C., 17 de febreiro de 2024.

Entrevista a S.G., 18 de febreiro de 2024.

Entrevista a A. M. C., 19 de febreiro de 2024.

Entrevista a M.C.L.G e M.M.B., 21 de decembro de 2024.

Entrevista a J.A.P., 23 de decembro de 2024.

Entrevista a J.B.A., 23 de decembro de 2024.

Entrevista a J.B.R.G., 26 de decembro de 2024.

Entrevista a J.A.B.L., 3 de xaneiro de 2025.

Entrevista a M.N.L.C., 3 de xaneiro de 2025.

Entrevista a A.L.C., 4 de xaneiro de 2025.

Entrevista a J.R.C.R., 18 de xaneiro de 2025.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

AISS H Y A, cartafol 1, carpeta “Viviendas en la Guardia 1944-1952”.

AISS H Y A, cartafol 3, carpeta “Correspondencia: varios. La Guardia”.

AISS H Y A, cartafol 89, carpeta “Solicitudes grupo Santa Tecla”.

Arquivo municipal da Guarda.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 786, expediente 1.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 787, expediente 2.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 792, expediente 2.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 908, expediente 3.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 914, expediente 28.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 939, expediente 11.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 939, expediente 13.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 947, expediente 26.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 947, expediente 42.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 957, expediente 5.

Arquivo municipal da Guarda, unidade 1528, expediente 2.

Arquivo da Confraria de Pescadores “Santa Tecla”.

ACPST Libro de Actas de 1943 a 1954.

ACPST Libro de Actas de 1954 a 1977.

ACPST Libro de Socios.

ACPST cartafol “Casa do Pescador”.

ACPST, caixas “Fichas de Socios”.

ACPST, Altas no *Régimen Especial de Seguros Sociales Obligatorios en el Mar*

Fondo da MAMYT na Guarda, no poder de C.R.F.

Arquivador “Mutualidad Accidentes de Pesca I. Correspondencia”.

Cartafol 1962 do 1 ao 80.

Cartafol 1964 do 1 ao 174.

Cartafol 1966 do 1 ao 166.

Lexislación

Fuero del Trabajo. Boletín Oficial del Estado, 10 de marzo de 1938.

Ley del 18 de octubre de 1941 por la que se organiza el Instituto Social de la Marina. Boletín Oficial del Estado, 2 de novembro de 1941.

Orden del 11 de marzo de 1944 por la que se dictan normas para aplicación del Decreto de 29 de septiembre de 1943 sobre seguros sociales a los pescadores, Boletín Oficial del Estado, 19 de marzo de 1944 e 21 de marzo de 1944.

Orden del 19 de febrero de 1946 con el texto refundido de las disposiciones complementarias relativas al Seguro de Enfermedad, Boletín Oficial del Estado, 17 de marzo 1946.

Orden del 31 de marzo de 1943 (rectificada) sobre acoplamiento de los trabajadores del mar en la Organización Sindical del Nuevo Estado, Boletín Oficial del Estado, 12 de abril de 1943.

Fontes Hemerográficas.

El Pueblo Gallego, diario de la mañana al servicio de los intereses de Galicia: 3 de agosto de 1939, 18 de agosto de 1939, 19 de agosto de 1939, 24 de agosto de 1939, 14 de novembro de 1939, 15 de novembro de 1939, 17 de decembro de 1939, 22 de abril de 1945, 2 de xuño de 1945, 17 de xullo de 1945, 18 de novembro de 1945, 6 de decembro de 1945, 1 de xaneiro de 1950, 26 de abril de 1950, 2 de maio de 1950, 3 de maio de 1950, 17 de maio de 1950, 28 de xuño de 1950, 22 de xullo de 1950, 6 de agosto de 1950, 5 de outubro de 1950, 20 de outubro de 1950, 8 de xullo de 1951, 10 de decembro de 1954, 30 de xaneiro de 1955, 1 de febreiro de 1955, 27 de febreiro de 1955, 27 de novembro de 1955, 13 de febreiro de 1957, 19 de setembro de 1959, 3 de xaneiro de 1960, 16 de xaneiro de 1960, 12 de marzo de 1960, 6 de abril de 1960, 26 de abril de 1960, 10 de decembro de 1972 e 28 de decembro de 1972.

Avante periódico de divulgación de la Delegación Provincial de Sindicatos de Pontevedra-Vigo, 30 de xullo de 1954.

Recursos dixitais.

Buscar combatientes, buscador de la Guerra Civil española, Beltrán Hellín, Margarita, <https://buscar.combatientes.es/resultados/MARGARITA/Beltran/Herrerin>

INE, Censo histórico para A Guarda durante o s. XX, <https://www.ine.es/inebaseweb/libros.do?tntp=71807#>

INE, Indicador Coxuntural de Fecundidade, 1975-1979, <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=1441&L=0>

IGE, Índice Sintético de Fecundidade 1975-1979, https://www.ige.gal/estatico/estatRM.jsp?ruta=html/gl/rural-urbano/PRU_D_9_Indice_sintetico_fecundidade.html

Nomes e Voces, Base de datos das vítimas, Álvarez Silva, Elidio Rodrigo, <http://vitas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=elidio+%C3%A1lvarez>

Recursos audiovisuais.

15 Pesetas por Frete, Estefanía Alonso, 2016.

Manuel Domínguez Pacheco “Taxota”, Proxecto Socheo, 2012, <https://www.youtube.com/watch?v=WBSBqxezzfM>

Outras fontes.


F.A.A., Libro das Festas do Monte 1983, “Una antigua cordelería”.

Fondo persoal de C. L. S.

ANEXOS.


Anexo 1. Ámbito municipal da Guarda cara 1940. Casco urbano e aldeas.

Fonte: Biblioteca da Deputación de Pontevedra (en diante BDP), Fondo Cartoteca Provincial Domingo Fontán, Nº AD_1_360055 C22430, Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral.



Anexo 2. Mapa da zona urbana da Guarda cara 1940.

BDP, Fondo Cartoteca Provincial Domingo Fontán, Nº AD_1_360327 C22702 e AD_1_360328 C22703, Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral.



Anexo 3. O barrio da Marina circa 1948. Fonte: *Atlantic Coast Of Europe*, sacadas por Eliot Elisofon.
<https://artsandculture.google.com/asset/atlantic-coast-of-europe>



Anexo 4. Casas no barrio da Marina. Fonte: Biblioteca da Deputación de Pontevedra, Fondo ADP-SPDB, N° FO190.2.1., FO190.32.1, autor Eliseo Alonso.



Anexo 5. As marusías azotando ao barrio. Fonte: BDP, Fondo Antonio Martínez Vicente, ES.GA.36023.AM.GUA.3-1.-4/16



Anexo 6. Gamela auxiliar de vapor e gamela a vela na Guarda circa 1960. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, N° FO190.82.1. e N° FO190.56.1., autor Luis Cadilla González.



Anexo 7. Barcos a motor e a vapor no porto da Guarda. Fonte: Arquivo municipal da Guarda, sinatura 10/102, autor Javier Cadilla; BDP, Fondo Antonio Martínez Vicente , N° ES.GA.36023.AM.GUA.3-1.-2/82.



Anexo 8. Rapaces. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, N° FO190.72.1.



Anexo 9. Encascando e atando. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, N° FO190.44.1., autor Luis Cadilla González e Fondo persoal.





Anexo 10. Preparando patelas e vendendo o peixe. Fonte: Arquivo municipal da Guarda, sinatura 10/221, Javier Cadilla.



Anexo 11. Pescantinas e canastreiras. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, Nº FO190.131.1., autor Daniel Lorenzo Villa; Nº FO191.2.1 autor Luis Cadilla González.



Anexo 12. Recollendo o argazo. Fonte: autor Javier Cadilla; BDP, Fondo DP-SPDB, Nº FO190.19.1, autor Daniel Lorenzo Villa.



Anexo 13. Nenas traballando nas labores diarias. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, N° FO190.9.1, FO190.24.1, autor Luis Cadilla González; Arquivo municipal da Guarda, sinatura 10/359, autor Javier Cadilla



Anexo 14. O “peixe seco”. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, N° FO191.10.1, autor Ricardo Rodríguez Vicente



Anexo 15. Na taberna “O Roxo” co vaso e os “petisquiños”. Fonte: BDP, Fondo ADP-SPDB, N° FO190.147.1, autor Eliseo Alonso



Anexo 16. Edificio no que estaba situada a Cofradía de Pescadores “Santa Tecla” no 1963.

Fonte: cedida por J.A.U.G. e pertencente a D.F.S.



Anexo 17. Membros da Cofradía “Santa Tecla” reparten axudas do ISM. Entre eles, Francisco Moreno Álvarez, patrón maior, e á esquerda Agustín Pena Pacheco, xefe da Sección Económica e posteriormente alcalde. 27 de abril de 1949. Fonte: cedida por J.A.U.G.



Anexo 18. Procesión da Virxe do Carme, 1971. Detrás, o edificio do “Pósito”. Fonte: Biblioteca Deputación Pontevedra, Fondo Antonio Martínez Vicente, N° ES.GA.36023.AM.GUA.3-1.-1/67.




Anexo 19. O mariñeiro Ángel Lomba Cadilla é recibido polas autoridades tras ter pedido unha man tirando as bombas de salve no día do Carme. Fonte: fondo persoal.




Anexo 20. Francisco López Durán “don Paco” como mestre das EOM. Fonte: Fondo persoal de C. L. S.



Anexo 21. Cadernos de alumnos da Escola de Orientación Marítima. Fonte: Fondo persoal de C.L.S.



Anexo 22. O alumnado de “don Paco” aínda no baixo que facía de escola. Fonte: Fondo persoal de C. L. S



Anexo 23. A venda do peixe na antiga lonxa.

Fonte: Arquivo municipal da Guarda, sinatura 10/200, 10/183 e 10/188, autor Javier Cadilla.




Anexo 24. Grupo “Santa Tecla” circa 1955-1960 e zona do “Marouco de Pallas” onde estaba construída parte do grupo N° 2582, s/f. Fonte: Biblioteca da Deputación de Pontevedra. FO15.1.1 e Arquivo municipal de A Guarda, sinatura 3/18, autor Antonio Martínez Vicente.




Anexo 25. Inauguración da Casa do Pescador. Fonte: Arquivo municipal da Guarda, sinatura 10/166 e 10/163, autor Javier Cadilla.



Anexo 26. Planos do edificio da Casa do Pescador. Fonte: ACPST cartafol “Casa do Pescador”.





Anexo 27. A EOM xa no edificio do Pescador. Podemos albiscar tanto na infraestrutura como nas facianas e vestimentas dos rapaces o proceso de crecemento do barrio. Fonte: Fondo persoal de C. L. S



Anexo 28. O barrio da Marina en plena transformación. Fonte: Biblioteca Deputación Pontevedra, Fondo Antonio Martínez Vicente, Nº ES.GA.36023.AM.GUA.3-1.-3/17.

